

---

# **Cumprimento Lei Transparencia 2014 Libro VI Congreso CIG**



**Confederación Intersindical Galega**

[www.galizacig.gal](http://www.galizacig.gal)

---

# VI CONGRESO

**Confederación Intersindical Galega**  
**ESTATUTOS E DOCUMENTOS APROBADOS**



---

**É NECESARIO É POSÍBEL**  
**ORGANIZACIÓN, LOITA, SOBERANÍA.**



# **Estatutos da Confederación Intersindical Galega**

Actualizados tras o 6º Congreso (2013)



# Título I

## Da definición, ámbito e obxectivos

---

### Artigo 1

A Confederación Intersindical Galega (en siglas, CIG) é unha organización sindical dos traballadores e das traballadoras galegas, constituída para a mellor defensa dos seus intereses, desde unha perspectiva de clase que aspira a unha Galiza plenamente soberana e sen explotación. A CIG exprésase en galego, que defende como único idioma oficial de Galiza e promove a súa completa normalización. Respecta o uso das distintas formas da escrita entre a súa afiliación.

### Artigo 2

A CIG establece a súa sede social central en Santiago de Compostela, rúa Miguel Ferro Caaveiro, nº 10.

O Consello Confederal poderá decidir o cambio do domicilio social.

### Artigo 3

A CIG constitúese por tempo indefinido e goza de personalidade xurídica propia e de plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus obxectivos.

### Artigo 4

A CIG ten por ámbito territorial o de Galiza e nela poden participar todos os traballadores e todas as traballadoras que desempeñen ou busquen desempeñar un traballo asalariado, sen limitación ningunha.

### Artigo 5

A CIG ten como única lingua a galega, defendéndoa como única lingua oficial de Galiza e asumindo o compromiso de contribuír á súa normalización.

### Artigo 6

A CIG basea a súa actuación nos principios e obxectivos fixados no seu Programa, nos acordos adoptados nos seus Congressos e nas resolucións dos órganos do goberno regulados nestes Estatutos.

# Título II

## Dos membros

---

### Capítulo 1.- Da condición de afiliado ou afiliada

### Artigo 7

Poderanse afiliar á CIG todos os traballadores e todas as traballadoras de Galiza, independentemente da súa situación laboral como activos, parados, xubilados ou pensionistas.

### Artigo 8

Os traballadores autónomos, así como os socios de cooperativas e de sociedades anónimas laborais ou asimiladas que non teñan traballadores ou traballadoras asalariadas ao seu cargo, poderán participar

na CIG nos termos que determine o Consello confederal. Igualmente aprobará a fórmula de adhesión especial con que poidan vincularse os traballadores e as traballadoras galegas residentes no exterior.

### Artigo 9

A afiliación é individual e voluntaria, co único requisito da aceptación destes Estatutos e respecto dos principios e obxectivos, e sen que poida ser limitada por razóns de idade, sexo, nacionalidade, ideoloxía, relixión ou filiación política.

## Artigo 10

A condición de afiliado ou afiliada produce efectos desde o primeiro día do mes da formalización da ficha de afiliación, que se entenderá realizada no momento da asignación dun número de afiliación, aínda que o exercicio dos dereitos de acceso aos servizos técnicos e de participación en eleccións internas non se poderá reclamar até que transcorran tres meses desde aquela data e se satisfagan as cotas correspondentes a ese período.

A Executiva Confederal conservará e actualizará os ficheiros de afiliación coa maior reserva e discreción, nos termos da lexislación vixente sobre protección de datos. Os órganos confederais da CIG terán acceso en todo momento aos ficheiros dos órganos sectoriais e territoriais. As federacións terán acceso aos datos referidos ao seu ámbito.

## Artigo 11

O afiliado ou a afiliada poderá causar baixa na CIG polas seguintes causas:

- a) A petición propia.

- b) Por non aboar a cota nos tres primeiros meses desde a formalización da ficha de afiliación.
- c) Por non aboar a cota durante seis meses sen alegación dunha causa xustificada; neste caso poderá producirse o reingreso sen perda dos dereitos de antigüidade tras pagamento previo das cotas que se deban e sempre que non transcorresen máis de doce meses.
- d) Por deixar de reunir as condicións requiridas nos artigos 7 e 8 destes Estatutos.
- e) Por sanción.
- f) Participar en candidaturas doutras organizacións sindicais nas eleccións sindicais en concorrencia coas da CIG.

A reincorporación á CIG de quen causase baixa por sanción requirirá informe favorábel previo do Secretariado Confederal, despois de consultar cos organismos afectados.

Calquera das partes implicadas no proceso, en caso de desacordo coa decisión tomada, poderá recorrer ao Consello Confederal.

## Capítulo 2.- Do réxime de dereitos e deberes

### Artigo 12

Son dereitos dos afiliados e das afiliadas da CIG os seguintes:

- a) Participar na CIG en igualdade de condicións que os demais membros.
- b) Garantía da súa liberdade de expresión interna e de respecto ás súas ideas.
- c) Elixir e ser elixido para calquera cargo ou para calquera ámbito de representación.
- d) Ter acceso aos locais sociais, á documentación e ás publicacións da CIG.
- e) Ser axudado en caso de represión por pertencer á CIG ou polo exercicio da actividade sindical.
- f) Utilizar os servizos técnicos sindicais de que dispoña a CIG.
- g) Acceder ás prestacións de servizos complementarios de que dispoña a CIG, nas condicións e cos requisitos que se establezan no seu réxime de xestión, que en ningún caso poderán supor discriminación dos dereitos subxectivos dos afiliados e das afiliadas.

- h) Dereito a formar e organizarse dentro da Central Sindical, en colectivos afín aos seus ideais, sempre que non contravenían os principios organizativos e programáticos dos que se dote a Confederación.

### Artigo 13

Son deberes dos afiliados e das afiliadas os seguintes:

- a) Aboar a cota regulamentariamente establecida.
- b) Respeitar os Estatutos, os regulamentos e o programa da CIG, tanto no ámbito confederal como nos sectoriais correspondentes, e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno confederais, sectoriais e territoriais.
- c) Participar, na medida das súas posibilidades, nas actividades da CIG.

## Capítulo 3.- Do réxime de garantías e sancións

### Artigo 14

A vixilancia do respecto dos dereitos estatutarios dos afiliados e afiliadas da CIG, así como a resolución das controversias na interpretación destes Estatutos, polos seus propios termos ou en relación cos aprobados polos sindicatos ou federacións ou cos regulamentos internos, así como a resolución dos recursos en materia disciplinaria, son competencia da Comisión de Garantías.

### Artigo 15

A Comisión de Garantías está composta por seis membros que, xunto con catro suplentes, serán elixidos polo Congreso por maioría de dous terzos. Os seus membros non poderán ocupar cargos que impliquen a súa participación no Consello Confederal.

### Artigo 16

Na actuación da Comisión de Garantías rexerá o principio de independencia respecto de calquera órgano da estrutura da CIG. Os seus acordos adoptaranse por maioría de dous terzos dos membros. Notificará ao Consello Confederal a iniciación de asuntos e remitiralle as resolucións que adopte, para efectos de información do organismo. Presentará un informe de actuación ante o Congreso e elaborará anualmente unha memoria da súa actividade, que presentará ante o Consello Confederal.

### Artigo 17

A Comisión de Garantías elaborará un Regulamento de procedemento que, de acordo con estes Estatutos, sistematice o seu réxime de actuación; ese regulamento, que ten que aprobar o Consello Confederal por maioría de dous terzos, conterá cando menos as seguintes materias:

- a) Dereitos e actividades amparados pola actuación da Comisión de Garantías.
- b) Prazos e formas de presentar queixas ou reclamacións.
- c) Prazos e procedementos de tramitación dos expedientes.
- d) Tipos de resolución e os seus efectos.

### Artigo 18

Os afiliados e as afiliadas da CIG só poderán ser sancionados, logo de apertura de expediente disciplinario e co procedemento establecido nestes Estatu-

tos e, no seu desenvolvemento, no Regulamento de procedemento disciplinario, polos seguintes motivos:

- a) Vulnear os Estatutos, os regulamentos e o programa da CIG no ámbito confederal ou dos sindicatos e federacións nela integrados.
- b) Non acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da CIG.
- c) Desenvolver actividades manifestamente contrarias aos principios e obxectivos da CIG, incluídas as condutas de agresión ou discriminación.

### Artigo 19

O expediente disciplinario deberá ser instruído polo organismo de maior rango ao que estea adscrito, se é o caso, a persoa expedientada, exixíndose para a súa resolución unha votación por maioría de dous terzos dos membros en primeira convocatoria e de dous terzos dos asistentes en segunda.

En todo caso, o Consello Confederal sempre terá a facultade de abrir expediente informativo ou disciplinario a calquera afiliado/a, independentemente da súa condición, cando os feitos xulgados afecten os intereses xerais do conxunto da Confederación.

### Artigo 20

Na tramitación do expediente, o afiliado ou afiliada deberá recibir comunicación por escrito da súa apertura e ser convocada a persoa cunha antelación mínima de quince días a unha reunión do organismo que vaia resolver, a fin de que sexa escoitada.

### Artigo 21

En función do grao con que se cualifique o feito motivo do expediente, o afiliado ou afiliada poderá ser sancionado con algunha das seguintes medidas:

- a) Censura por escrito, con apercibimento.
- b) Suspensión temporal de dereitos como afiliado ou afiliada, por tempo que non poderá exceder dun ano. A suspensión poderá afectar a todos ou parte dos dereitos establecidos no artigo 12, especificándose claramente na resolución o seu alcance. A suspensión do dereito de participación establecido no apartado a) do artigo 12 implicará, se é o caso, a suspensión no exercicio dos cargos que desempeñase a persoa sancionada.
- c) A baixa como afiliado ou afiliada.



#### **Artigo 22**

Sen prexuízo da resolución definitiva, cando a especial gravidade dos feitos o fixese necesario, o organismo competente para instruír o expediente poderá acordar no momento do seu inicio a suspensión cautelar dos dereitos como afiliado ou afiliada, en resolución motivada que requirirá o voto favorábel de dous terzos dos seus membros. Tal resolución poderá ser recorrida no prazo de tres días polo suspendido ante a Comisión de Garantías, que ten que resolver no prazo de dez días; a falta de resolución expresa no devandito prazo terá efectos de estimación do recurso.

#### **Artigo 23**

As resolucións definitivas dos expedientes disciplinarios poderán ser recorridas polas partes ante a Comisión de Garantías no prazo de 15 días desde a data de notificación desta, a cal no prazo dun mes desde o recurso adoptará unha resolución que confirme ou modifique a resolución recorrida. Para isto poderá solicitar das partes ou de calquera organismo da CIG canta documentación ou comparecencias considere necesarias para resolver. En caso de desacordo coa resolución da Comisión de Garantías, quen resultase sancionado con algunha das medidas previstas nos apartados b) ou c) do artigo 21 poderá recorrer ante o Congreso da CIG, sen prexuízo do carácter executivo da sanción desde que se dite a resolución da Comisión de Garantías.

## **Capítulo 4.- Do réxime de incompatibilidades**

#### **Artigo 24**

O desempeño de calquera cargo ou responsabilidade na CIG implica, ademais da xenérica destes Estatutos, a aceptación particular das incompatibilidades que se regulan neste capítulo.

#### **Artigo 25**

O desempeño de cargos ou responsabilidades que impliquen ser membro do Consello Confederal é incompatíbel con:

Secretaría Xeral, Presidencia ou cargos asimilados, ou portavoz público dunha organización política.

1. Parlamentario/a.
2. Alcalde/Alcaldesa ou concelleiro/a.
3. Cargo público de libre designación en calquera administración pública.
4. Participar a calquera nivel e clase nas xerarquías de calquera confesión relixiosa.
5. Exercer calquera cargo ou responsabilidade de representación ou asesoramento ao servizo de asociacións empresariais.
6. Estar vinculado a unha empresa mediante contratos especiais de alta dirección ou modalidades asimiladas.

Ademais, o desempeño de cargos directivos nos Colexios Profesionais é incompatíbel co exercicio de responsabilidades sindicais de dirección ou liberacións a calquera nivel na CIG.

#### **Artigo 26**

O desempeño de cargos ou responsabilidades nos órganos executivos da CIG (Executiva Confederal, Executiva Comarcal ou Local, órgano executivo nacional dun sindicato ou federación) é incompatíbel co desempeño de cargos individuais de idéntico ámbito e función dunha organización política, así como co exercicio da responsabilidade de portavoz público desta en calquera ámbito.

#### **Artigo 27**

A pertenza ao Secretariado Confederal da CIG é incompatíbel coa participación en candidaturas das organizacións políticas nas eleccións locais, galegas, estatais ou europeas.

#### **Artigo 28**

O desempeño de calquera cargo, colectivo ou unipersoal, na central sindical (agás que a súa situación laboral sexa a de parado/a) é incompatíbel coa impartición de cursos retribuídos en CIG-Formación. A dita incompatibilidade estenderase a todas as persoas que realicen funcións de liberados/as da CIG, así como a todas aquelas persoas que, independentemente das funcións que desempeñen, perciban retribucións da CIG.

Ningún liberado/a da estrutura da CIG, nin liberado/a de empresa por acumulación de horas, nin

liberado/a da Área Pública, nin asalariados/as da CIG poderán practicar o pluriemprego, sempre e cando non sexa para completar a súa xornada laboral normal.

A condición de liberado asalariado da CIG a tempo completo é incompatible con ocupar cargos políticos institucionais de elección ou designación pública.

## **Título III**

### **Dos ámbitos de organización**

---

#### **Capítulo 1.- Do ámbito sectorial**

##### **Artigo 29**

Sectorialmente, a CIG organízase en estruturas profesionais coa denominación de sindicato ou de federación, en que se agrupan os afiliados e afiliadas encadrados no correspondente sector en función da súa actividade ou orientación profesional/laboral. Todos os afiliados e todas as afiliadas da CIG son membros dun sindicato ou federación da central.

##### **Artigo 30**

Para efectos de adscrición sectorial dun afiliado ou afiliada en activo, poderase ter en conta a actividade principal do centro de traballo ou da subcontrata en que efectivamente traballe, ou ben a actividade principal da empresa ou administración pública para a que aquela preste servizos. En caso de desacordo entre os sindicatos ou federacións afectadas, o Consello Confederal poderá adoptar un criterio de adscrición con vixencia até que o acordo entre as estruturas sectoriais se produza.

A adscrición sectorial dun afiliado ou dunha afiliada en situación de paro, e mentres permaneza como tal, realizarase na estrutura que corresponda ao seu último traballo; no caso de ser demandante de primeiro emprego, na que resulte acorde coa súa orientación profesional/laboral e, se esta fose non específica, encadrarase no sector de oficinas e despachos.

Respecto do persoal propio da CIG, establécense as seguintes regras de adscrición:

- a) quen realice funcións propias de liberado ou liberada nunha estrutura sectorial, na Federación para a que desenvolva a súa actividade sindical,
- b) quen realice funcións de liberada ou liberado na estrutura nacional confederal ou nunha estrutura territorial, na Federación que corresponda pola súa última actividade,

- c) o resto do persoal, na Federación que corresponda polo sector de oficinas e despachos.

##### **Artigo 31**

Na CIG confedéranse actualmente os sindicatos ou federacións correspondentes á seguinte clasificación de sectores:

- 01 Administración Pública
- 02 Banca, Aforro, Seguros e Oficinas
- 03 Construción e Madeira
- 04 Ensino
- 05 FGAMT
- 06 Metal
- 07 Químicas e Enerxía
- 08 Saúde
- 09 Servizos

Dúas ou máis destas Federacións constituídas poderán fusionarse para constituíren unha nova que substitúa en todo as orixinarias, previo acordo de senllos Congresos extraordinarios.

Así mesmo, poderá constituírse unha nova Federación cando se cumpran os seguintes requisitos e procedemento:

1. Que o sector da nova federación conte cun mínimo de 5.000 afiliados e afiliadas; para estes exclusivos efectos, terase en conta o listado nominal da afiliación coas cotas ao día.
2. No caso de que a nova federación sexa produto da segregación dun ou varios sectores de actividade dunha ou de varias das federacións existentes, acordo en Congreso destas.

En calquera dos supostos contemplados neste artigo, antes da convocatoria dos respectivos congresos, solicitarase a opinión do Consello Confederal da CIG para validar o proceso por unha maioría de 2/3.

### Artigo 32

Cada sindicato ou federación constituído na CIG terá personalidade xurídica propia e plena autonomía para delimitar a súa denominación e o seu funcionamento interno, para o cal ten que se dotar de Estatutos e programa propios, coa única limitación de non contradicir os Estatutos e programa confederais.

### Artigo 33

Os sindicatos ou federacións constituídas na CIG elaboran e desenvolven a política sindical no seu sector, teñen a responsabilidade da negociación colectiva, das eleccións sindicais e da afiliación, e garanten a participación solidaria na política sindical e nas actividades confederais. Esas facultades serán exercidas con carácter transitorio polos organismos confederais que correspondan nos sectores para os que non estea constituído o sindicato ou federación.

Naqueles temas ou materias en que a toma de posición teña implicación para o conxunto da Central Sindical, requirirase a opinión previa dos organismos confederais.

### Artigo 34

A sección sindical é a estrutura organizativa básica dos sindicatos ou federacións e da CIG. Está composta polo conxunto dos afiliados e afiliadas nunha empresa ou centro de traballo e a súa constitución e funcionamento será regulado polos Estatutos do correspondente sindicato ou federación. Crearase un rexistro confederal de seccións sindicais da CIG.

Os traballadores e as traballadoras coa condición de non activos que manteñan unha vinculación de rendas coa empresa poderán participar na sección sindical desta cun criterio de ponderación (entre 1/2 e 1/3) na súa representación na forma que determinen os Estatutos da federación respectiva, intervindo exclusivamente nos asuntos relacionados coas materias que lles afecten sobre rendas e fondos sociais, aínda que non poderán en ningún caso intervir nos acordos relativos á convocatoria de folga nese ámbito. Todo isto en tanto non se fixese efectiva a constitución dunha estrutura sindical propia dese colectivo nos termos que se prevén no artigo 31, caso no que se deberán establecer protocolos de colaboración para os efectos da afectación a que se refire este parágrafo, entre as estruturas sindicais afectadas e a nova constituída.

### Artigo 35

A asemblea de sección sindical ten como facultades mínimas as seguintes:

- a) Elaborar e desenvolver a política sindical para o ámbito da empresa ou centro de traballo en que se constitúe, non podendo contradicir a confederal nin a sectorial respectiva.
- b) Elixir os seus órganos de goberno, os cales terán as atribucións que legal ou convencionalmente lles corresponda, alén das propias de representación da sección sindical.
- c) Elixir os/as candidatos/as da CIG para as eleccións sindicais na súa empresa ou centro de traballo.
- d) Elixir os cargos de delegados/as da sección sindical.
- e) Designar os seus representantes nos órganos internos que así o teñan establecido, tanto no ámbito da empresa ou centro de traballo como no do seu sindicato ou federación.
- f) Todo o relativo á negociación colectiva no seu ámbito, incluído o asinamento do convenio propio.
- g) Elixir os/as liberados/as de acordo coas normas da central sindical. Aprobar as acumulacións de horas para os/as delegados/as electos/as ou de sección sindical, se é o caso, e cando así se decida.

Os delegados/as electos nos Comités de Empresa, Xuntas de Persoal, así como todos os cadros elixidos para representar a sección sindical, terán que supeditar a súa actividade sindical aos acordos emanados da sección sindical, someténdose ás decisións e pautas acordadas nestas.

As seccións sindicais que contén cando menos con 100 afiliados/as terán, para efectos internos da CIG e para o seu ámbito de actuación, a consideración de órgano de goberno á que fai referencia o artigo 62 dos actuais Estatutos, de conformidade co que establezan ao respecto os Estatutos de cada federación.

Constituiranse seccións sindicais en todas as empresas ou centros de traballo en que exista afiliación sindical da CIG.

No caso das empresas, onde estean constituídas seccións sindicais, e no seu ámbito actúen empresas de servizos ou auxiliares con seccións sindicais da CIG, haberá unha coordinación do traballo do conxunto das seccións sindicais que actúan no ámbito da empresa, independentemente da pertenza a unha ou máis federacións.

As funcións, facultades e funcionamento das seccións sindicais de ámbito provincial serán reguladas polos Estatutos da federación correspondente.

En todo caso, cando se celebren asembleas de afiliación destas seccións sindicais para o exercicio das facultades regulamentadas neste artigo, será preceptiva a convocatoria de tantas asembleas como unións locais da CIG estean constituídas, sempre que haxa un mínimo de 15 afiliados/as.

#### **Artigo 36**

A sección sindical dotarase dun regulamento onde deberá constar, como mínimo, o número de membros que comporarán o seu órgano de goberno, normas de funcionamento, xuntanzas, responsabilidades, etc.

Entre os membros do órgano de goberno elixirase un secretario/a, que terá a condición de cargo unipersonal da CIG para os únicos e exclusivos efectos de acceder ao censo de afiliados/as da propia sección sindical, previa solicitude á persoa responsábel do tratamento de datos persoais ou persoa debidamente autorizada.

#### **Artigo 37**

A asemblea de afiliados/as é o máximo organismo da sección sindical. Será convocada polo

Secretario/a desta, a requirimento de 1/3 dos membros do órgano de goberno responsábel, ou a petición de 1/3 dos afiliados/as da sección sindical.

#### **Artigo 38**

Son funcións do órgano de goberno da sección sindical as seguintes:

- a) Dar resposta inicial aos problemas urxentes que se produzan na empresa.
- b) Facer seguimento da afiliación, controlar as altas, baixas, cotas, e pasar todo tipo de información aos afiliados/as do centro de traballo.
- c) Potenciar a participación dos traballadores/as nas asembleas do centro de traballo.
- d) Responsabilizarse da negociación colectiva.
- e) Trasladar á asemblea de afiliados/as as propostas a delegados/as da sección sindical, así como as propostas a candidatos/as pola CIG ás eleccións sindicais na empresa.
- f) Colaborar solidariamente coa CIG no seu conxunto.

As funcións dos órganos de goberno das seccións sindicais de ámbito provincial serán regulamentadas polos Estatutos da federación correspondente.

## **Capítulo 2.- Do ámbito territorial**

#### **Artigo 39**

Territorialmente, a CIG organízase en estruturas comarcais e locais coa denominación de unións e seguindo criterios de afinidade xeográfica e de operatividade sindical, nas que se encadran os afiliados e as afiliadas do seu ámbito, que se poderán adscribir, á súa elección, en función do seu lugar de residencia ou o de traballo.

#### **Artigo 40**

A unión comarcal é a estrutura básica de organización territorial da CIG, que define a política sindical común no seu ámbito territorial, coordina a actividade sindical dos sindicatos ou federacións na comarca en que sexa común, leva o rexistro de afiliación, dirixe e administra os locais e os servizos comúns da CIG na comarca, ten a responsabilidade no control da recadación de cotas, exerce as facultades dos sindicatos ou federacións nos sectores

en que aqueles non están constituídos e posúe a representación confederal da CIG no seu ámbito territorial.

#### **Artigo 41**

A CIG está hoxe estruturada nas seguintes unións comarcais:

- 01 Vigo
- 02 Santiago
- 03 A Coruña
- 04 Ferrol
- 05 Lugo-A Mariña
- 06 Ourense
- 07 Pontevedra

Poderán constituírse novas unións comarcais cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) que a Unión Local ou conxunto de unións locais aspirantes a constituírse en comarca contén un mínimo de 5.000 afiliados e afiliadas,

- b) informe favorábel de, cando menos, 2/3 das federacións constituídas na comarca afectada,
- c) acordo da Asemblea Comarcal afectada,
- d) ratificación previa do Consello Confederal da CIG por maioría de 2/3.

O Secretariado Confederal poderá acordar a constitución de comités intercomarcais con facultades para coordinaren actuacións provinciais, especialmente en materia de negociación colectiva, se é o caso, e de representación institucional que se teñan que decidir nese ámbito territorial.

#### **Artigo 42**

Os órganos competentes das unións comarcais aprobarán a constitución no seu seo de unións locais, a proposta das localidades afectadas e sempre

que dispoñan de local, dun número mínimo de 600 afiliados e afiliadas e elixan unha executiva local.

#### **Artigo 43**

As unións locais así constituídas exercerán no seu ámbito territorial específico as facultades conferidas ás unións comarcais nos artigos 69 e 73 destes Estatutos, agás en materia de contratación de persoal e de apertura de locais ou aqueloutras que poidan entrar en contradición coas competencias específicas das unións comarcais, sen prexuízo da dependencia orgánica respecto destas últimas para todos os efectos. Exercerán igualmente o dereito de representación directa nos órganos de goberno das unións comarcais, nos termos regulados por estes Estatutos.

### **Capítulo 3.- Do ámbito funcional**

#### **Artigo 44**

O Consello confederal, o Secretariado confederal e a Executiva confederal da CIG, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán acordar a constitución de comisións para abordar o desenvolvemento de tarefas ou funcións específicas que, pola súa especialización, aconsellen un traballo en estruturas funcionais monográficas.

#### **Artigo 45**

A finalidade, competencias, composición e vixencia de tales comisións deberase conter no propio acordo do organismo que as cree. Poderán elaborar un regulamento de funcionamento que deberá ser aprobado polo organismo que as creou, do cal dependen organicamente para todos os efectos.

# Título IV

## Dos órganos de gobierno

---

### Capítulo 1.- Dos órganos confederais

#### Artigo 46

No ámbito confederal nacional, son órganos de goberno da Confederación Intersindical Galega os seguintes:

- a) O Congreso
- b) O Consello Confederal
- c) O Secretariado Confederal
- d) A Executiva Confederal.

#### Artigo 47

O Congreso é o órgano soberano da CIG e está composto por un número total de delegados e de delegadas que determinará o Consello Confederal no acordo de convocatoria, cunha distribución que se realizará cos seguintes criterios:

Son delegados e delegadas natos os membros do Consello Confederal e os da Comisión de Garantías.

Os restantes, deica o número total acordado, serán elixidos por comarcas e, dentro destas, por sindicatos ou federacións e, dentro destes, por empresas ou centros de traballo, cun reparto proporcional á afiliación.

#### Artigo 48

O Congreso celebrarase con carácter ordinario unha vez cada catro anos, debendo convocarse cunha antelación de seis meses. O Consello Confederal, órgano responsábel da súa convocatoria, aprobará un regulamento para o período congresual e elaborará unha proposta de regulamento para as sesións do Congreso, a cal deberá ser aprobada por este ao seu inicio.

#### Artigo 49

O Congreso da CIG ten as seguintes competencias:

- a) Aprobar ou modificar os Estatutos e o programa.
- b) Analizar a xestión dos demais órganos de goberno confederais a nivel nacional.
- c) Coñecer os estados de contas e aprobalos, se é o caso.

- d) Definir as orientacións básicas da política sindical confederal.
- e) Elixir Secretario/Secretaria Xeral e Executiva Confederal.
- f) Elixir a Comisión de Garantías.
- g) Coñecer e decidir todas aquelas cuestións que os Estatutos e os regulamentos expresamente lle atribúan e aquelas outras que se lle sometan respectando os Estatutos.

#### Artigo 50

Poderá convocarse un congreso con carácter extraordinario. A súa convocatoria deberá estar avalada por 2/3 dos membros do Consello Confederal, ou ben por 1/3 da afiliación total, ou ben por un número de órganos territoriais e/ou sectoriais que representen conxuntamente 2/3 da afiliación total. Entre a convocatoria e a realización non poderán transcorrer menos de dous meses nin máis de seis. No acordo de convocatoria, o Consello Confederal deberá aprobar un regulamento sobre a composición, documentación e ordenación da súa organización. O Congreso extraordinario só poderá analizar e pronunciarse sobre o asunto que motivase a súa convocatoria.

#### Artigo 51

O Consello Confederal é o máximo órgano de dirección da CIG entre congresos e está composto por:

- a) Tanto federacións como comarcas terán dereito a un representante no consello confederal por cada 1.000 afiliados e afiliadas ou fracción superior a 500, incluíndo neste cómputo o Secretario ou Secretaria Comarcal ou Nacional de Federación. Esta representación será elixida directamente na asemblea comarcal ou no congreso federal respectivos.

A aplicación efectiva da fracción citada non terá efectos para o primeiro representante a elixir, para o que haberá que contar con 1.000 afiliados/as.

- b) Os membros da Executiva confederal.

## Artigo 52

O Consello Confederal reunirase ordinariamente 3 veces no ano a convocatoria da Executiva Confederal, a cal igualmente tramitará as convocatorias extraordinarias oportunas por propia iniciativa ou por acordo do Secretariado Confederal ou a instancia de 1/3 dos membros con dereito a voto do Consello Confederal.

## Artigo 53

Son competencias do Consello Confederal:

- a) Aprobar o seu regulamento de funcionamento.
- b) Convocar o Congreso e aprobar o regulamento para o período precongresual, tendo este último que contar co acordo de 2/3 dos membros asistentes.
- c) Convocar, por acordo da maioría absoluta dos membros asistentes, Conferencia sindical nacional, que terá carácter deliberante e estará composta polos membros do Consello Confederal, os membros dos órganos de dirección das unións comarcais e os membros dos órganos de dirección dos sindicatos ou federacións, estabecéndose o seu obxecto no mesmo acordo de convocatoria.
- d) Aprobar os regulamentos de materias específicas cando así estea previsto nestes Estatutos.
- e) Definir as liñas básicas da negociación colectiva. Elaborar a documentación e as propostas que considere oportunas para someter á consideración do Congreso.
- f) Analizar cando menos unha vez ao ano a situación socioeconómica e sindical, e propor as orientacións xerais para a acción sindical no seguinte período.
- g) Aprobar o orzamento ordinario e, se é o caso, extraordinario, facendo un seguimento cuatrimestral da súa execución.
- h) Aprobar as cotas, os salarios e demais condicións laborais, e as transferencias entre estruturas. Examinar a xestión da Executiva Confederal e do Secretariado Confederal.
- i) Recibir o Informe-Memoria anual de actividades dos diferentes Servizos da Confederación.
- m) Nomear comisións de traballo para os asuntos que considere necesarios, avaliando periodicamente as súas actividades.
- n) Ratificar as persoas que compoñan os padroados das Fundacións que poida crear a CIG.
- o) Decidir sobre as peticións colectivas de afiliación, adhesión ou integración, así como

sobre as relacións que a CIG poida manter con organizacións internacionais sindicais.

- p) Adoptar as resolucións de urxencia que considere imprescindíbeis, que non contradigan as resolucións congresuais.
- q) Nomear transitoriamente órgano xestor dunha estrutura territorial ou sectorial cando, por dimisión ou falta de elección, non existan órganos de dirección desta.
- r) Ratificar os plans e informes anuais de traballo realizados por cada unha das secretarías confederais.
- s) Aprobar o regulamento de funcionamento da Caixa de Resistencia.
- t) Calquera outra competencia expresamente atribuída ao Consello Confederal nos Estatutos e nos regulamentos.

## Artigo 54

O Secretariado Confederal está composto por:

- a) A Executiva Confederal.
- b) Secretario ou Secretaria nacional dos sindicatos ou federacións constituídas.
- c) Secretario ou Secretaria das unións comarcais.

Excepcionalmente, a ausencia ás reunións do organismo dos secretarios ou das secretarías territoriais ou sectoriais membros deste poderá ser suplida, logo de comunicación, por outro cargo que designe o órgano de dirección respectivo.

## Artigo 55

O Secretariado Confederal reunirase ordinariamente cada mes e medio; será convocado pola Executiva Confederal, a cal tamén convocará, por iniciativa propia ou a instancia de 1/3 dos membros do organismo, sesións extraordinarias nos asuntos que o requiran.

## Artigo 56

O Secretariado Confederal terá as seguintes competencias:

1. De coordinación da acción sindical:
  - a) Aprobar e organizar as actividades e iniciativas sindicais de carácter global en que a CIG participe.
  - b) Coordinar a actividade sindical das unións comarcais e dos sindicatos ou federacións co fin dunha mellor operatividade sindical conxunta.
  - c) Análise e seguimento dos conflitos e convenios a transcendencia dos cales así o aconselle.

- d) Seguimento e coordinación da negociación colectiva a nivel nacional.
  - e) Coordinar as relacións internacionais entre a Confederación e as federacións. De non existir a Secretaría Confederal de Relacións Internacionais, o/a Director/a do Departamento Internacional da Confederación integrárase no Secretariado Confederal con voz e sen voto.
2. De coordinación da estrutura organizativa e a implantación:
- a) Analizar a situación organizativa, as relacións financeiras entre estruturas e a implantación da CIG a todos os niveis e impulsar propostas para a súa potenciación.
  - b) Nomear os representantes da CIG nos órganos de representación institucional de ámbito xeral a nivel internacional, estatal e galego, e coñecer o nomeamento de representantes en órganos de carácter sectorial e provincial ou inferior, resolvendo, se é o caso, as discrepancias que se poidan producir neses ámbitos.
  - c) Ratificar as novas prazas de persoal creadas nos distintos ámbitos da Confederación, a proposta do órgano responsábel da contratación en cada caso.
3. De carácter interno e funcional:
- a) Dotarse dun regulamento de funcionamento.
  - b) Tratar os casos de presunta contradición entre as normas estatutarias a que se refiren os artigos 14 e 32, instando, se é o caso, ditame vinculante da Comisión de Garantías.
  - c) Presentarlle ao Consello Confederal as propostas que considere.
  - d) As que lle sexan expresamente delegadas polo Consello Confederal ou atribuídas por estes Estatutos e os regulamentos que os desenvolven.

### **Artigo 57**

A Executiva Confederal está composta por doce membros, incluíndo o/a Secretario/a Xeral, para exercer cada un deles, tanto a nivel externo como interno, unha responsabilidade nacional específica a través dunha Secretaría Confederal. O Consello Confederal ratificará a distribución das áreas de traballo e as responsabilidades específicas asignadas a cada secretaria confederal, que garantirán cando menos a atención das áreas de acción sindical, comunicación, emprego, formación ocupacional e continua, relacións exteriores, formación sindical, gabinete técnico e de saúde laboral, institucional, muller, finanzas e organización.

A Executiva Confederal deberá dotarse dun Regulamento de funcionamento que determine o método de traballo interno, defina as materias atribuídas a cada Secretaría Confederal e delimite os medios materiais de apoio ao traballo de cada área de responsabilidade.

### **Artigo 58**

A Executiva Confederal reunirse ordinariamente con carácter semanal por convocatoria do Secretario/a Xeral, quen igualmente convocará sesións extraordinarias por propia iniciativa ou de 1/3 dos membros do organismo.

### **Artigo 59**

A Executiva Confederal exercerá mancomunadamente a representación xurídica, económica, patrimonial e legal da CIG, podendo delegar no Secretario/a Xeral ou, na súa ausencia, en calquera outro membro, estas facultades para os únicos efectos de outorgamento de poderes. Ten, ademais, as competencias seguintes:

- a) Representación da CIG entre sesións do Consello Confederal.
- b) Relacións exteriores e interiores.
- c) Elaborar as publicacións e a propaganda de ámbito nacional confederal, así como as relacións cos medios de comunicación.
- d) Elaborar propostas e facer seguimento da negociación colectiva, así como facer seguimento dos conflitos laborais de maior transcendencia.
- e) Elaborar propostas e facer seguimento da política da CIG en materia de emprego e de formación profesional dos/as traballadores/as.
- f) Elaborar os programas de formación sindical e organizar as súas actividades no ámbito nacional confederal.
- g) Constituír e dirixir un gabinete técnico de apoio ás tarefas competencia do organismo.
- h) Coordinar e facer o seguimento das relacións institucionais da CIG así como da presenza dos seus representantes nos organismos institucionais en que participe.
- i) Elaborar e xestionar os orzamentos da caixa confederal, participar na xestión das finanzas confederais e facer seguimento da xestión dos servizos de que se dote a CIG, nos termos aprobados polo Consello Confederal.
- l) Pular pola coordinación interna entre as diferentes estruturas da CIG, propor obxectivos organizativos comúns e facer o seguimento da evolución organizativa confederal.



- m) Informar ao Consello Confederal e ao Secretariado Confederal da súa planificación e da xestión desenvolvida, e presentar ante estes as propostas de acordos que considere.
- n) Propor ao Consello Confederal as persoas que compoñan os Padroados das Fundacións constituídas pola CIG.
- o) Decidir sobre as cuestións urxentes que se presenten entre reunións dos organismos superiores, dando conta destas na primeira sesión que os devanditos organismos realicen.
- p) Presentar un informe de xestión ante o Congreso.
- q) As que expresamente se lle atribúan polos Estatutos ou regulamentos en vigor, así como as que lle sexan delegadas polos organismos superiores.

En representación da Executiva Confederal, as contas nacionais confederais serán asinadas mancomunadamente polo Secretario/a Confederal de Finanzas e o Secretario/a Confederal de Organización.

#### **Artigo 60**

O Secretario/a Xeral é o cargo unipersonal elegido en congreso que exerce a máxima representación pública da CIG, impulsa e coordina o traballo dos organismos nacionais confederais e preside as sesións da Executiva Confederal, Secretariado Confederal e Consello Confederal.

#### **Artigo 61**

En caso de resultar vacante o cargo de Secretario/a Xeral, o Consello Confederal deberá decidir por maioría de 2/3 a forma de substitución até a realización do seguinte congreso.

## **Capítulo 2.- Dos órganos sectoriais**

#### **Artigo 62**

Os Estatutos dos sindicatos ou federacións establecerán os órganos de goberno no seu respectivo ámbito, tal como prevé o artigo 32, tendo nese caso a consideración de órganos de goberno da CIG.

#### **Artigo 63**

En todo caso, os sindicatos ou federacións deberán elixir un Secretario ou unha Secretaria nacional, coas facultades que determinen os correspondentes Estatutos sectoriais así como a de ser membros do Secretariado Confederal da CIG.

## **Capítulo 3.- Dos órganos territoriais**

#### **Artigo 64**

A Asemblea da unión comarcal é o máximo órgano da CIG no seu ámbito territorial específico e está composta por un número de delegados e de delegadas que determinará a Dirección Comarcal no acordo de convocatoria. Distribuiranse cos seguintes criterios:

- a) Son delegados e delegadas natas os membros da Dirección comarcal.
- b) A Dirección Comarcal fixará o número de delegados/as para a asemblea comarcal, coa única limitación de que os membros natos non poderán representar máis do 20% do total dos delegados/as.

#### **Artigo 65**

A Asemblea comarcal realizarase como mínimo unha vez cada catro anos e debe ser convocada cando menos con dous meses de antelación. A Dirección Comarcal, órgano responsábel da súa convocatoria, aprobará un regulamento para a preparación da asemblea e elaborará unha proposta de regulamento para as sesións desta.

Así mesmo, a Dirección Comarcal convocará Asemblea Comarcal Extraordinaria cando así o soliciten ao menos 2/3 dos seus membros, ou ben un número de Federacións comarcais que representen cando menos 2/3 da afiliación, ou ben 1/3 da afiliación total da comarca. Entre a convocatoria

e a realización non poderán transcorrer menos de 1 mes nin máis de 3, e no acordo de convocatoria establecerá o Regulamento de composición e organización, non podendo adoptar acordos sobre asuntos distintos aos que motivasen a súa convocatoria.

#### **Artigo 66**

Son competencias da Asemblea comarcal as seguintes:

- a) A elección do Secretario/a Comarcal e da Executiva Comarcal.
- b) Analizar e avaliar a xestión dos órganos comarcais.
- c) Debater e resolver as cuestións de carácter interno ou de política sindical que incidan na comarca.
- d) Ratificar, se é o caso, a constitución de Unións Locais no ámbito territorial da comarca.

#### **Artigo 67**

A Dirección Comarcal é o máximo organismo de dirección na comarca entre asembleas, coa seguinte composición:

- a) A Executiva Comarcal.
- b) O/A responsábel comarcal de cada sindicato ou federación constituída e un representante máis por cada 300 afiliados/as ou fracción maior de 150.

A aplicación efectiva da fracción citada non terá efectos para o primeiro representante a elixir, para o que haberá que contar con 300 afiliados/as.

- c) O/A Secretario/a de cada Unión Local constituída.

#### **Artigo 68**

A Dirección Comarcal reunirse coa periodicidade que se estableza, se é o caso, no seu regulamento de funcionamento, cun mínimo de unha vez cada tres meses, e será convocada pola Executiva Comarcal por propia iniciativa ou a instancia de 1/3 dos membros do organismo.

#### **Artigo 69**

Son competencias da Dirección Comarcal:

- a) Administrar e coordinar a CIG no ámbito comarcal segundo as resolucións da asemblea comarcal e os acordos dos órganos nacionais confederais.

- b) Coordinar a negociación colectiva no seu ámbito e exercer as facultades dos sindicatos ou federacións non constituídas na comarca.
- c) Nomear comisións de traballo para os asuntos que se considere apropiado, coa composición, fins e vixencia que se determinarán no mesmo acordo de creación.
- d) Aprobar, se é o caso, a constitución de unións locais así como os mecanismos de funcionamento e de coordinación con estas.
- e) Impulsar e colaborar na constitución dos sindicatos ou federacións no ámbito comarcal, e coordinar os elementos comúns das súas actividades.
- f) Pronunciarse sobre cuestións de alcance social e reivindicativo, sen contradicir os acordos do Congreso.
- g) Decidir a contratación de persoal.
- h) Decidir a apertura, se é o caso, de novos locais no seu ámbito territorial.
- i) Aprobar os orzamentos da unión comarcal e das súas unións locais.
- l) Convocar, por acordo da maioría absoluta dos membros asistentes, Conferencia Sindical comarcal, que terá carácter deliberante e estará composta polos membros da Dirección Comarcal, os membros dos organismos de dirección das Unións Locais e os membros dos organismos de dirección dos sindicatos ou federación a nivel comarcal, establecéndose o seu obxecto no mesmo acordo de convocatoria.

#### **Artigo 70**

O Secretariado Comarcal estará formado pola Executiva Comarcal, os/as secretarios/as comarcais das Federacións e os/as Secretarios/as Locais.

Reunirse como mínimo bimensualmente por convocatoria da Executiva Comarcal ou dun terzo das Federacións constituídas na comarca.

Son funcións do Secretariado Comarcal:

- a) Coordinar a actividade sindical na comarca.
- b) Facer seguimento os acordos da Dirección Comarcal.
- c) Compaxinar as distintas campañas que se programen a nivel confederal.
- d) Facer seguimento da negociación colectiva, a formación, a saúde laboral e do traballo participativo.

- e) Supervisar o labor dos equipos de traballo interfederativos.
- f) Coordinar o traballo planificado polas federacións nas eleccións sindicais.
- g) Calquera outra función que así acorde a dirección comarcal.

#### **Artigo 71**

A Executiva Comarcal é o órgano executivo da unión comarcal, electo pola asemblea comarcal. Estará composta por un mínimo de 5 membros e un máximo de 12, segundo acordo da Dirección Comarcal.

#### **Artigo 72**

A Executiva Comarcal xuntarase coa periodicidade que determine, se é o caso, o seu regulamento de funcionamento, cun mínimo de unha vez ao mes, por convocatoria do Secretario/a Comarcal a iniciativa propia ou a instancia de 1/3 dos seus membros.

#### **Artigo 73**

A Executiva Comarcal ten as seguintes competencias:

- a) Organizar e coordinar os servizos técnicos na comarca.
- b) Dotarse e administrar a infraestrutura común da Confederación no seu ámbito.
- c) Xestionar as finanzas da súa competencia.
- d) Executar os acordos da Dirección Comarcal.
- e) Convocar asembleas de delegados e delegadas.
- f) Coordinar a actividade sindical e institucional na comarca.
- g) Nomear as secretarías ou responsabilidades no seu seo que considere necesarias para unha mellor operatividade.

- h) Calquera outra atribuída nestes Estatutos e os seus regulamentos aos órganos de goberno comarcais e non establecida expresamente como competencia doutro organismo, e mais as que lle sexan delegadas pola Dirección Comarcal.

#### **Artigo 74**

O Secretario ou Secretaria Comarcal é o cargo unipersonal de representación pública da unión comarcal, elixido pola Asemblea comarcal de entre os membros da Executiva, e que coordina a actividade da Executiva e a Dirección comarcal.

#### **Artigo 75**

En caso de vacante sobrevida no cargo da Secretaría Comarcal, decidirá a Dirección Comarcal un novo nomeamento até a realización da seguinte Asemblea comarcal.

#### **Artigo 76**

As Unións Locais que se poidan constituír conforme ás previsións destes Estatutos disporán dos organismos de dirección que se adapten ás súas características de tamaño e de grao de complexidade organizativa, que deberán figurar no acordo de constitución adoptado pola Dirección Comarcal correspondente.

Deberá funcionar cando menos unha Executiva Local composta por un número de entre 5 e 7 membros elixidos en Asemblea local de afiliados e afiliadas, coas funcións e condicións reguladas no artigo 43 dos Estatutos.

A Executiva Local deberá convocar Asemblea Local Extraordinaria cando así o decida por maioría de 2/3 ou ben a instancia de 1/3 da afiliación total no seu ámbito, tendo nese caso idéntico carácter e función aos regulados para a convocatoria extraordinaria no ámbito comarcal.

## Capítulo 4.- Das normas xerais de funcionamento

### Artigo 77

As reunións de calquera organismo dos regulados neste título dos Estatutos consideraranse validamente constituídas cando asistan a metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria ou un terzo en segunda, unha hora máis tarde, sempre que fose convocada no tempo e na forma regulada nas normas de funcionamento que lle sexan de aplicación, cun mínimo de 48 horas.

### Artigo 78

Os acordos dos órganos da CIG adoptaranse sempre por maioría simple dos membros asistentes, con excepción daqueles asuntos para os que os Estatutos ou os seus regulamentos prevexan unha maioría cualificada específica.

### Artigo 79

De cada reunión dos organismos da CIG redactarase acta na que constarán os asistentes e os acordos adoptados, con expresión, se é o caso, das votacións realizadas e das posicións particulares sempre que así o solicite o interesado ou interesada e as achegue por escrito no mesmo acto da reunión.

As actas dos organismos nacionais confederais seranlles remitidas aos órganos de dirección das unións comarcais e dos sindicatos ou federacións constituídas así como aos membros do Consello Confederal.

As actas dos organismos das estruturas territoriais e sectoriais, así como as das comisións creadas no ámbito confederal nacional, se é o caso, seranlle remitidas á Executiva Confederal. Para estes efectos, terán a mesma consideración os documentos oficiais que as estruturas sectoriais e territoriais vaian debater nos seus respectivos congresos e os que resulten finalmente aprobados nestes.

As actas dos organismos de dirección comarcal dos sindicatos ou federacións constituídas seranlle igualmente remitidas á Executiva Comarcal correspondente.

### Artigo 80

A pertenza a un órgano de dirección da CIG implica o cumprimento da obriga de asistencia así como o particular respecto do réxime de incompatibilidades regulado nestes Estatutos. A non observancia de tales obrigas leva aparelada a baixa no organismo correspondente, logo de comunicación previa á persoa afectada, aínda que a obriga de asistencia se considera incumprida cando se reitere por tres veces consecutivas sen xustificación.

### Artigo 81

A condición de membro da Executiva Confederal é incompatíbel coa pertenza a calquera outro órgano executivo, tanto da Confederación como de Federación. Así mesmo, o exercicio dos cargos de Secretario ou Secretaria Comarcal dunha U. Comarcal e de Secretario ou Secretaria nacional dunha Federación é incompatíbel coa pertenza a calquera outro máximo órgano executivo de comarca, de federación ou confederal.

A condición de membro da Executiva Confederal e o exercicio dos cargos de Secretario ou Secretaria Comarcal e de Secretario ou Secretaria nacional dunha Federación leva implícita a dedicación e a dispoñibilidade preferente a tales cargos.

Os secretarios/as comarcais de Federación non poderán formar parte da Executiva Comarcal da Confederación.

Os cargos de Secretario/a Xeral da Confederación, Secretario/a de Unión Comarcal, Secretario/a Nacional dunha Federación e os membros da Executiva Confederal, non poderán ser ocupados por unha mesma persoa por máis de tres mandatos consecutivos. Faise excepción desta regra no caso do membro da Executiva Confederal que saia electo Secretario/a Xeral, que o pode ser independentemente dos número de mandatos que leve ocupando cargo na Executiva. Para estes efectos, comezarán a computar os mandatos que se exerzan a partir da celebración do IV Congreso.

## Capítulo 5.- Do réxime electoral

### Artigo 82

Todos os cargos unipersoais serán electos en votación directa e individual, nos seus respectivos congresos ou asembleas.

### Artigo 83

Como norma xeral, os procesos electivos para os órganos de goberno da CIG regularanse polo disposto nestes Estatutos. Poderanse establecer procedementos electorais específicos cando así o prevexan os regulamentos que desenvolven estes Estatutos ou os Estatutos dos sindicatos ou federación constituídas, sempre que non contradigan os mínimos que aquí se establecen.

### Artigo 84

Todos os cargos da CIG se proverán mediante votación secreta e persoal. En casos determinados poderase admitir a votación a man alzada cando así o considere unha maioría de dous terzos dos membros asistentes do órgano elector, aínda que ese acordo será ineficaz cando calquera dos membros reclame o exercicio do dereito á votación secreta.

### Artigo 85

A elección de órganos e cargos farase mediante a presentación de candidaturas en listas pechadas, que deberán conter cando menos o número de persoas de que se compoña o organismo, sen prexuízo do establecido para a elección da Comisión de Garantías. É responsabilidade do máximo órgano ou cargo executivo existente no ámbito en que se produce a elección a presentación dunha candidatura, cumpríndose para estes exclusivos efectos as seguintes regras:

- a) Nos congresos terá esa consideración a Mesa presidencial.
- b) No Consello Confederal, a Executiva Confederal.
- c) No Secretariado Confederal, a Executiva Confederal.
- d) Na Executiva Confederal, o Secretario/a Xeral.

### Artigo 86

Poderán presentarse outras candidaturas, co mesmo requisito de composición, cando vaian ava-

ladas cando menos por un número de membros do órgano elector igual ao 150% do número de postos que cubrir.

### Artigo 87

A composición do órgano elixido resultará da proclamación dos membros da lista única ou, se é o caso, da adscrición dos membros de cada lista presentada en proporción directa aos votos acadados. Para estes efectos, redondearase por defecto as fraccións até 0,49 e por exceso as superiores e, en caso de empate, será proclamado o candidato ou candidata da lista que máis votos totais obtivese.

### Artigo 88

Será en todo caso de aplicación directa o procedemento electoral regulado nos artigos anteriores nas eleccións que correspondan realizar polo Congreso e polo Consello Confederal, e de aplicación supletoria para os demais casos.

Non obstante, será igualmente obrigado en todos os casos cando se presente polos seus promotores cando menos unha candidatura en lista pechada.

### Artigo 89

Cando por aplicación do previsto no artigo 83 se prevexa un procedemento electoral específico que implique a posibilidade de presentación de candidaturas abertas, a lista deberá conter cando menos un número de membros igual ao de postos que cubrir e a votación efectuarase na papeleta por un número máximo de candidatos ou candidatas igual ao 75% dos postos que cubrir, resultando proclamados aqueles ou aquelas que obtivesen o maior número de votos; en caso de empate, será proclamado o candidato ou candidata con maior antigüidade na afiliación.

### Artigo 90

No caso das listas pechadas, as vacantes que se poidan producir serán cubertas polo candidato ou candidata seguinte da mesma lista. No caso de listas abertas, polo seguinte en número de votos.

## Título V

### Do réxime económico e patrimonial

---

#### Artigo 91

Os recursos económicos da CIG están constituídos por:

- a) As cotas, tanto ordinarias como complementarias.
- b) As doazóns e legados no seu favor.
- c) As vendas dos seus bens e valores.
- d) Os ingresos por vendas de publicacións.
- e) O patrimonio acumulado ao longo da súa xestión.
- f) Os ingresos por prestacións técnicas e asistenciais.
- g) Os créditos que sexan xestionados.
- h) As subvencións que lle sexan concedidas.
- i) Calquera outros obtidos segundo os Estatutos.

#### Artigo 92

O Consello Confederal aprobará un regulamento financeiro que conteña as normas comúns a todos os órganos da CIG en materia de xestión económica e de procedemento financeiro, que deberá rexerse, entre outros, polos principios de solidariedade e de equilibrio económico entre as diferentes estruturas e que aplicará nas asignacións económicas os criterios de actividade asumida e de servizos xerais garantidos. Regulará especificamente:

- a) As normas para a confección e aprobación do orzamento confederal anual.
- b) O réxime de transferencias entre estruturas.
- c) Os procedementos para a homologación contábel interna.
- d) A participación das diferentes estruturas nos ingresos confederais.
- e) O réxime orzamentario básico das estruturas territoriais e sectoriais.
- f) O sistema de responsabilidades.
- g) A determinación da cota.
- h) A creación, composición e funcións dun órgano responsábel do control de contas co cometido principal de auditar internamente as contas das diferentes estruturas da CIG e a obriga de elaborar un Informe anual que presentará para a súa aprobación no Consello Confederal.
- i) As sancións aplicábeis en materia de subvencións confederais ás diferentes estruturas cando incumpran as normas do Regulamento.

#### Artigo 93

En resposta ao principio de solidariedade, a cota sindical da CIG queda establecida en función dos ingresos de cada afiliado/a nas catro modalidades que a seguir se relacionan:

- a) Cota ordinaria: ingresos brutos iguais ou superiores ao dobre do SMI (Salario mínimo interprofesional).
- b) Cota especial: ingresos brutos iguais ou superiores ao SMI e até o dobre deste.
- c) Cota reducida: ingresos brutos inferiores ao SMI, pensionistas non activos con ingresos brutos iguais ou superiores ao SMI.
- d) Cota simbólica: afiliación sen ingresos e pensionistas non activos con ingresos inferiores ao SMI.

#### Artigo 94

A responsabilidade inicial da xestión dos ingresos por cotas reside nas Unións Comarcais, que ordenarán as respectivas transferencias por ese concepto a unha única conta confederal nacional que abrirá con ese exclusivo fin a Executiva Confederal, liquidando esta por trimestres coas estruturas territoriais e sectoriais correspondentes tales ingresos en función da participación acordada segundo os Estatutos e o Regulamento Financeiro.

#### Artigo 95

A CIG dotarase do patrimonio que resulte tanto da cesión do patrimonio sindical acumulado a que legalmente teña dereito como da adquisición por calquera título de inmobles propios. O patrimonio da CIG deberá estar rexistrado ao seu nome nos rexistros oficiais onde proceda, non aceptando en caso contrario responsabilidade ningunha sobre as cargas ou obrigas que a súa xestión puidese xerar.

#### Artigo 96

A CIG poderá crear, por acordo do Consello Confederal, as Fundacións que considere de interese para o mellor cumprimento dos seus fins, establecendo con elas os acordos de colaboración que resulten de mutuo aproveitamento.

## Título VI

### Da comunicación

---

#### Artigo 97

En consonancia cos Principios da CIG incorporados a estes Estatutos, o idioma oficial da Confederación en todos os ámbitos e actividades, individuais ou colectivas, é o galego. Así mesmo, na súa documentación e medios de expresión de calquera clase terá especial coidado na utilización dunha linguaxe non sexista.

#### Artigo 98

A CIG editará como órganos de expresión confederais propios as publicacións periódicas cunhas características que aprobe o Consello Confederal. Tempo Sindical é o voceiro oficial da CIG.

Empregaranse tamén aqueles medios de expresión na rede que o Consello Confederal estime oportunos, nomeadamente a páxina web.

#### Artigo 99

A CIG inscribe cos Estatutos o anagrama da súa imaxe corporativa que se anexa. As súas posibles modificacións serán igualmente inscritas no rexistro correspondente.

#### Artigo 100

A CIG utilizará un único carné, que será aprobado polo Consello Confederal e que conterá o anagrama da Confederación, así como o específico da federación ou sindicato que corresponda.

#### Artigo 101

A CIG asume como propios o Himno galego e a Internacional. A bandeira da CIG é vermella, co seu anagrama no ángulo superior esquerdo en cor amarela. A CIG asume como propia a bandeira nacional galega coa estrela vermella de cinco puntas.

## Título VII

### Das modificacións orgánicas e dos Estatutos

---

#### Artigo 102

A aprobación e modificación destes Estatutos é competencia exclusiva do Congreso da CIG, que requirirá a maioría absoluta dos/as congresistas en votación global. Exixirá o apoio dos 2/3 calquera modificación parcial das disposicións contidas no artigo 11, nos capítulos 2, 3 e 4 do Título II, no artigo 46, no artigo 78 e no capítulo 5 do Título IV.

#### Artigo 103

As organizacións ou colectivos sindicais que así o decidan poderán establecer fórmulas especiais de asociación ou integración na CIG, conforme ao mutuo interese. O acordo a que se chegue, coa denominación de protocolo, será aprobado polo Consello Confederal por proposta do órgano competente en función do ámbito, e deberá conter os termos organizativos, económicos e sindicais pactados, o seu período de vixencia e os aspectos en que son de aplicación directa estes Estatutos.

#### Artigo 104

A desconfederación dun sindicato ou federación só poderá acordarse en congreso extraordinario deste por maioría de 2/3.

#### Artigo 105

A disolución da CIG, a fusión ou a integración nunha nova organización sindical só poderá acordarse en congreso extraordinario por maioría de 2/3.

#### Artigo 106

O incumprimento reiterado, por parte dalgún organismo, das normas contempladas nestes Estatutos ou a non execución dunha resolución da Comisión de Garantías por parte do organismo responsábel de facelo, provocará que o Secretariado Confederal acorde a tutela do organismo afectado até a súa plena normalización. A tutela será exercida polo organismo superior xerárquico do organismo incumpridor. Contra o acordo do Secretariado, caberá recurso ao Consello Confederal da CIG.

## Disposicións Adicionais

---

### Primeira.- Do persoal

Dadas as especiais características da relación contractual entre o persoal e a central sindical, a Executiva impulsará, conxuntamente cos/coas representantes do persoal, a elaboración dunhas normas mínimas de funcionamento e compromiso coa central sindical. Por coherencia e en consonancia co disposto no artigo 5 destes Estatutos, o persoal da CIG debe ter o galego como lingua única de relación e expresión nas súas actuacións como tal.

O Consello Confederal aprobará un Estatuto de persoal da CIG, no que se terán que definir: a delimitación das características básicas dos postos e cargos por razón da súa función, as modalidades de vinculación contractual e os seus efectos, o réxime salarial e de dedicación, as condicións de incompatibilidade co exercicio de actividades privadas e aquelas outras necesarias para a mellor regulamentación da relación entre a CIG e o persoal ao seu servizo. Igualmente, deberá contemplar o réxime de aplicación das súas normas ao persoal liberado que non teña a condición de asalariado da CIG.

Todo o persoal con contrato ao servizo da CIG mantén con esta unha relación contractual de tipo laboral, encadrándose na actualidade en dous grandes grupos:

- a) Sindicalistas: pertencen a este grupo todos aqueles compañeiros e compañeiras que foron elixidos e forman parte dalgún órgano de dirección da Confederación, tanto nas estruturas profesionais como nas interprofesionais. Polo feito de ocupar cargos de dirección na central sindical, na súa relación contractual, ten relevancia especial a recíproca confianza e lealdade. Dada a revogabilidade e temporalidade do seu cargo, o contrato formalizárase por mandato sindical, sendo por tanto un contrato por obra ou servizo determinado.
- b) Asalariados: pertencen a este grupo todos aqueles compañeiros e compañeiras que desempeñan no sindicato un traballo que non implica responsabilidade sindical. O seu contrato corresponderase coas características do posto de traballo e as funcións a desempeñar.

### Segunda.- Da afiliación

Para efectos orzamentarios e de exercicio da representación interna que corresponda, enténdese a condición de afiliado ou afiliada como sinónima de cotizante. Para a súa determinación

nun período utilizarase a fórmula:  $A = N / 0,8 C$  sendo N o total de ingresos por cotas nos doce meses anteriores e C o importe da cota vixente no mesmo período.

### Terceira.- Das comisións

En aplicación das facultades previstas no artigo 44 destes Estatutos, crearanse cando menos as comisións seguintes: Área de Comunicación, Área Pública e Saúde Laboral.

A Comisión de Área Pública dotarase dunhas normas de funcionamento que permitan a coordinación efectiva das diferentes federacións que a compoñen, proporcionándolle unhas pautas de

actuación que lle confiran capacidade real de adoptar acordos executábeis nos ámbitos comúns que se aproben, establecendo na súa composición as fórmulas de participación dos distintos órganos de dirección das federacións que a compoñen. Á súa vez, será a responsábel de facer as propostas de adscrición das empresas, de acordo coa Adicional quinta destes Estatutos.



## Cuarta.- Da participación da muller

Para lograr a participación de ambos os sexos en todos os órganos de goberno, as candidaturas nas que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30% da súa afiliación total gardarán a proporción 60/40 para cada un dos sexos.

Naquelas estruturas en que a afiliación de mulleres sexa inferior ao 30%, as candidaturas incorporarán como mínimo un número de mulleres proporcional ao mesmo número de afiliadas na devandita organización incrementando un 10% do total da afiliación feminina.

## Quinta.- Da definición sectorial

A adscrición sectorial de empresas xestionadas baixo as novas fórmulas de xestión e sectores produtivos non relacionados nesta disposición será competencia do Secretariado Confederal con ratificación posterior por parte do Consello Confederal:

### 01 Administración pública

Administración central, autonómica, provincial e local, correos e telégrafos, xustiza, universidades (persoal non docente), xuntas de portos, comisións administrativas de portos e parques de bombeiros.

### 02 Banca, aforro, seguros e oficinas

Banca Pública, Banca Privada, Caixas de Aforro, Caixas Rurais, Cooperativas de Crédito, Entidades de Financiamento e de Alugamento Financeiros, Seguros e Reaseguros, Bolsa, Sociedades de Valores e similares, Telemarketing, as TIC, Oficinas e Despachos en xeral como Notarías, Rexistros, Servizos Xurídicos, Colexios Profesionais, Xestorías Administrativas, Auditorías, Asesorías Fiscais, Axencias Inmobiliarias, Axencias de Publicidade, Oficinas de Selección e Colocación de Persoas, Oficinas Técnicas de Arquitectura ou Enxeñeiras e outras entidades de natureza similar.

### 03 Construción e madeira

Obras públicas, construción, cementos e derivados, tellas e tixolos, lousas, aplicación de pinturas, xesos e escaiolas, mármore e pedras, canteiras, vidro e cerámica, fabricación de mobles, aglomerados, serradoiros, almacenistas de madeira, carpintaría, ebanistaría, carpintaría de ribeira.

### 04 Ensino

Ensino público e privado, investigación universitaria, universidades e autoescolas.

### 05 FGAMT

Agro, gandaría, pensos compostos, matadoiros, explotación forestal, granxas, piscifactorías, industrias alimentarias, frío industrial, conservas cárnicas e de peixe, caza, frigoríficos e bebidas, depuradoras, confección téxtil, coiros, calzado, pel, xéneros de punto e empresas auxiliares; pesca, marisqueo, empresas de estiba e desestiba, cultivos mariños, mariña mercante, axencias marítimas e consignatarias; transporte de viaxeiros e de mercadorías por calquera medio agás o marítimo, axencias de alfándegas, mensaxeiros, estacións de autobuses e mercadorías, aparcamentos e garaxes, gasoleiras, ambulancias, telecomunicacións e telefónica; e a produción de enerxías alternativas (eólica, solar, etc.).

### 06 Metal

Fundición, fabricación de maquinaria, bens de equipo, material eléctrico e electrónico, vehículos, construción e reparación naval, siderurxia, metalográfica, instalacións metálicas, talleres mecánicos, manufacturados metalúrxicos e todos aqueles que aparecen reflectidos no artigo "Ámbito de aplicación" dos catro convenios provinciais do metal.

### 07 Químicas e enerxía

Centrais enerxéticas, refinarias, extracción de minerais, empresas de distribución enerxética, plásticos, cauchos, papel, pasta e cartón, artes gráficas, fertilizantes, pesticidas, desperdicios sólidos, laboratorios, pinturas, xabóns e pirotecnias.

### 08 Saúde

Sanidade pública e sanidade privada.

### 09 Servizos

Comercio de froitas, comercio do téxtil, do metal, da pel, do vidro plano, de materiais de construción, de mobles e de alimentación, grandes almacéns,

drogarías, farmacias, bazares, florarías, librarías, hostalaría, axencias de viaxe, medios de comunicación públicos ou privados, estudos fotográficos, cinema, teatros, músicos, espectáculos, dobraxe e son, deportes, bibliotecas, museos, salas de xogos, casinos, administracións de lotarías, perrucarías, tinturarías, lavandarías, limpeza, predios urbanos, pompas fúnebres, xardinaría, clubs e sociedades recreativas, seguridade privada e empregadas do fogar.

Os sectores de actividade non citados nesta disposición adscribiranse segundo criterios de analogía. Para estes efectos, as empresas con capital público

maioritario, así como aquelas empresas xestionadas mediante novas fórmulas de xestión (consorcios, fundacións...) e que a súa actividade principal sexa a prestación dun servizo público, estarán adscritas ás federacións da Área Pública, adxudicándose a cada unha delas en función da actividade que realizan. En caso de discrepancia, será o Secretariado Confederal o que decida, o cal será ratificado polo Consello Confederal. A readxudicación das empresas afectadas polo aquí exposto farase unha vez rematados os procesos congressuais e nunca máis tarde do 30 de xuño de 2010.

## **Sexta.- Da organización territorial**

### **01 Comarca de Vigo**

U.L. VIGO: Redondela, Nigrán, Baiona, Gondomar, Mos, Vigo.

U.L. O PORRIÑO: O Porriño, Mondariz, Ponteareas, Salceda, Salvaterra, Tui, As Neves, Oia, Tomiño, O Rosal, A Guarda, Mondariz-Balneario, Covelo, Arbo, Crecente, A Cañiza, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes.

U.L. MORRAZO: Cangas, Bueu, Moaña.

U.L. do Baixo Miño : A Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia.

### **02 Comarca de Santiago**

U.L. SANTIAGO: Santiago, Negreira, A Baña, Val do Dubra, Trazo, Oroso, O Pino, Arzúa, Boimorto, Sobrado, Brión, Ames, Touro, Melide, Toques, Santiso, Lousame, Dodro, Rois, Padrón, Teo, Vedra, Boqueixón, Tordoia, Mesía, Frades.

U.L. AS RÍAS: Ribeira, Outes, Muros, Noia, Porto do Son, Boiro, Rianxo, A Pobra do Caramiñal.

### **03 Comarca da Coruña**

U.L. A CORUÑA: A Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros, Sada, Bergondo, Paderne, Irixoa, Zas, Cerceda, Carral, Cambre, Betanzos, Coirós, Aranga, Santa Comba, Ordes, Abegondo, Oza dos Ríos, Curtis, Cesuras, Vilasantar.

U.L. CEE: Cee, Fisterra, Muxía, Corcubión, Vímianzo, Carnota, Mazaricos, Camariñas.

U.L. CARBALLO: Carballo, Laracha, Ponteceso, Malpica, Laxe, Cabana e Coristanco.

### **04 Comarca de Ferrol:**

U.L. FERROL: Ferrol, Ares, Mugarodos, Narón, Valdoviño, Cedeira, Ortigueira, Fene, Cabanas, A

Capela, Neda, S.Sadurniño, Moeche, Pontedeume, Miño, Vilamaior, Monfero, Cariño.

U.L. AS PONTES: As Pontes, Somozas, Mañón, Cerdido.

### **05 Comarca de Lugo-A Mariña**

U.L. LUGO: A Fonsagrada, A Pastoriza, A Pontenova, Abadín, Antas de Ulla, As Nogais, Baleira, Baralla, Becerreá, Begonte, Castro de Rei, Castrovirde, Cervantes, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, O Corgo, O Incio, O Páramo, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Rábade, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, Triacastela, Vilalba e Xermade.

U.L. MONFORTE: Monforte, Chantada, Bóveda, O Saviñao, Ribas de Sil, Taboada, Carballedo, Pantón, Sober, Pobra de Brollón, Quiroga, Folgoso do Courel.

U.L. A MARIÑA: O Vicedo, Xove, Ourelo, Valadouro, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Viveiro, Cervo, Burela, Foz, Alfoz, Mondoñedo, Lourenzá.

### **06 Comarca de Ourense**

U.L. OURENSE: Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Bande, Baños de Molgas, Barbadás, Beade, Beariz, Boborás, A Bola, Carballeda de Avia, O Carballiño, Cartelle, Castrelo do Miño, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Coles, Cortegada, Chandrexa de Queixa, Entrimo, Esgos, Gomesende, O Irixo, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Maside, Melón, A Merca, Montederramo, Muíños, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda,

Parada do Sil, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Piñor, Pontevedra, Punxín, Quintela de Leirado, Ramirás, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Taboadela, A Teixeira, Toén, Vereá, Vilamarín, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo. U.L. O BARCO: O Barco, A Rúa, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Viana do Bolo, Vilamartín de Valdeorras, Petín, O Bolo, Manzaneda, A Veiga, Rubía e Trives.

U.L. VERÍN: Verín, Monterrei, Oímbra, Cualedro, Laza, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, A Gudiña, A Mezquita, Xínzo de Limia, Vilar de Santos, Sandiás, Vilar de Barrio, Sarreaus, Trasmirás, Baltar, Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Vilariño de Conso e Rairiz de Veiga.

## **07 Comarca de Pontevedra**

U.L. PONTEVEDRA: Pontevedra, Vilaboa, Marín, Ponte-Caldelas, A Lama, Cotobade, Barro, Campo-Lameiro, Cerdedo, Forcarei, Lalín, Dozón, Rodeiro, Portas, Moraña, Cuntis, A Estrada, Silleda, As Cruces, A Golada, Soutomaior, Poio. U.L. SALNÉS: Vilagarcía, Catoira, Vilanova, Cambados, Ribadumia, O Grove, Meaño, Meis, Valga, Sanxenxo, Pontecesures, Caldas de Reis, A Illa.

U.L. A Estrada-Deza: A Estrada, Agolada, Cerdedo, Cuntis, Dozón, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces, e polo tanto dar de baixa da U.L. de Pontevedra os concellos de Cerdedo, Forcarei, Lalín, Dozón, Rodeiro, Cuntis, A Estrada, Silleda, Agolada e Cruces.

## **Sétima**

A CIG é un sindicato de clase. No seo das súas federacións poderán constituírse sectores e subsectores interprofesionais, atendendo ás distintas dependencias administrativas, características pro-

ductivas, etc. Na CIG non terán cabida colectivos ou estruturas organizadas en atención á súa categoría ou grupo profesional, funcións ou responsabilidades de mando no centro de traballo.

## **Disposicións Transitorias**

---

### **Primeira**

O Consello Confederal da CIG articulará as medidas posíbeis, de carácter organizativo, con aquelas comarcas ou federacións que no prazo de catro anos non alcancen os 5.000 afiliados/as.

### **Segunda.- Das asembleas das estruturas territoriais**

As estruturas territoriais da CIG deberán realizar as súas asembleas comarcais no prazo máximo do 30 de xuño de 2013. Aquelas estruturas que por circunstancias especiais non puidesen realizalas antes desa data, solicitarán o seu adiamento ao Consello confederal.

Ás estruturas, tanto territoriais como sectoriais, que non convoquen o seu proceso congregual ou asembleario por remate de mandato, conforme

aos Estatutos, sen causa xustificada e ratificada polo Secretariado Confederal, aplicaráselles o regulado no artigo 106 dos presentes Estatutos até o momento da realización do proceso congregual ou asembleario.

### **Terceira.- Da aplicación do réxime de incompatibilidades de cargos**

A aplicación individual das incompatibilidades reguladas no artigo 81 destes Estatutos entre membros da Executiva Confederal e membros dos órganos executivos dunha federación ou dunha comarca terá efectos a partir da celebración do Congreso ou Asemblea correspondente.

O mesmo prazo máximo rexerá para a aplicabilidade individual das demais incompatibilidades establecidas no mesmo artigo 81.

# **Relatorio de organización**



## A mellora da nosa organización interna

Unha única resposta como central sindical debe ser a resposta precisa ante o ataque xeneralizado que se está a dar aos dereitos e condicións de vida de toda a clase traballadora, por ser unha resposta solidaria e común como clase. A conflitividade laboral e social, independentemente da empresa ou sector no que teña lugar, debemos considerala como de todos e todas nós, á hora de lle darmos unha resposta solidaria.

Cómpre unha práctica realmente diferente na organización interna e no perfeccionamento do noso modelo. Por iso, as propostas organizativas para este Congreso deben servir para mellorarmos de forma sensíbel o funcionamento da central sindical, no ámbito confederal e federativo, profundando na participación como base da nosa acción.

A CIG medrou de forma significativa en afiliación nos últimos anos mais sen a correspondente evolución no que respecta á organización. Seguimos a ter déficits nos nosos métodos de traballo, na resposta unificada ás campañas ou acordos adoptados polos órganos da dirección da central sindical, nos diferentes niveis e independentemente da pertenza a unha ou outra sensibilidade interna; na falta de dedicación de compañeiros/as a labores específicas de organización que garanta unha execución áxil dos acordos adoptados, e no mellorábel nivel de organización dentro das propias empresas, feito dificultado pola existencia de moita pequena empresa no noso país, o que reforza aínda máis a necesidade de termos que mellorar a organización e os métodos de traballo.

Un mellor funcionamento dos organismos das diferentes estruturas (confederais e federativas) exige certo método para ser eficaz, regularizando as reunións para facer real o seu papel de dirección e

planificación colectiva ao tempo de integrar e formar novos cadros para a central sindical.

O papel das Executivas nas Unións Comarcais non pode dificultar o papel central que deben tomar os Secretariados Comarcais na función de coordinación e dirección para unha mellor acción sindical e organización. Un modelo de funcionamento que se propón como o máis acaído tamén para as federacións, cun protagonismo maior dos organismos federativos nacionais equivalentes (Secretariados Federais).

A regularidade mínima estatutaria debe verse mellorada en favor de termos organismos participativos e áxiles para dar respostas rápidas e atinadas. Un esforzo que debería comezar polas federacións nas que aínda non estean constituídos estes organismos.

A planificación da actividade sindical diaria, dos plans de traballo dos e das liberados/as, o desenvolvemento das campañas nacionais e comarcais, o seguimento da conflitividade social e laboral, a negociación colectiva, a organización interna, a definición de novas iniciativas para dinamizar o protagonismo e participación da afiliación e dos delegados e delegadas, etc., son funcións a exercer na práctica por estes organismos que cómpre homoxeneizar no seu funcionamento en todas as estruturas.

Neste sentido, insístese na importancia de pór en marcha de forma urxente as dedicacións exclusivas das secretarías de organización nas estruturas confederais e federativas, tal como se definiu no Congreso anterior e na Conferencia Sindical. Mais isto será insuficiente se non se establecen criterios e obrigas organizativas ao respecto de todos os cadros sindicais, nomeadamente no caso do persoal liberado.

Repetimos ao longo destes Relatorios as maiores dificultades para dar unha mellor resposta organizada desde a nosa central sindical, así como apuntamos propostas para ir atinando inmediatamente nunha máis adecuada actuación sindical, pero non podemos desligar todo isto dos debates e decisións de medio e longo prazo.

Debemos neste Congreso afondar no noso modelo federativo e comarcal mais temos que desenvolver liñas de actuación atendendo á evolución da crise económica, da súa resultante na estrutura económico-productiva da nosa nación e na estratificación da clase traballadora galega.

Todo o traballo de afiliación, eleccións de delegados/as e organización nas empresas e a nova situación sindical en xeral, pero especialmente a que se está a dar nunha das pancas básicas da nosa acción sindical como é a negociación colectiva, obríganos a fixar liñas de actuación para ir avanzando nos próximos catro anos, pero con máis perspectiva temporal.

Desde os piares fundamentais do sindicalismo nacionalista e de clase, para reforzarmos o assemblearismo, a participación e o sermos máis combativos, temos que definir novas formas de resposta ante as novas realidades ás que se enfronta a clase traballadora, debendo ter expresión organizativa, facendo reformulacións no noso modelo federativo e comarcal, co fin de termos estruturas federativas e co marcais da Confederación mellores e máis organizadas que permitan un contacto e axitación máis intensa e directa cos centros de traballo.

Cómpre que debatamos, resolvamos con grande acordo e levemos á práctica dunha vez o futuro mapa federativo, definindo a unificación de federa-

cións mais vinculando este debate coa adscrición de empresas e sectores, tendo en conta a súa vertebración territorial máis alá das cabeceiras de comarca, chegando o desenvolvemento das federacións a dotarse de estrutura nas actuais Unións Locais que complementen o labor das Executivas das Unións Locais.

Parellamente ao federativo, isto mesmo temos que facer no modelo comarcal, vendo a eficacia, solvencia económica, axilidade e capacidade de resposta organizada nun mapa territorial como o actual, buscando solucións que definan novos territorios desde a evolución e fusión de actuais Unións Locais non cabeceira de comarca, así como o papel das Unións Locais que si o son.

En todo caso, cómpre avanzarmos na implantación e cumprimento na práctica das resolucións do pasado Congreso en relación coas Unións Locais.

Por outro lado, todo traballo encamiñado a mellorar a organización interna da nosa central sindical debe ir necesariamente da man dunha formación continua dos cadros sindicais da confederación. Esta formación debe atinxir ao conxunto das compañeiras e compañeiros que desenvolven o seu traballo sindical na CIG, ben sexa a tempo completo ou como membros de comités de empresa, xuntas de persoal ou outros órganos de representación, sen descartar que se poda estender ao conxunto da afiliación. Non partimos de cero. O traballo feito nestes últimos anos, con numerosos cursos e xornadas de formación interna, debe ser unha referencia á hora de deseñar planos de formación comarcais, nacionais ou sectoriais aprobados anualmente polo Consello Confederal e baixo a coordinación do Secretariado Confederal.

## **Reforzar a acción sindical na empresa**

### **Reforzar o papel dos delegados e delegadas sindicais**

As delegadas e delegados de persoal, os membros dos comités de empresa e xuntas de persoal, os delegados e delegadas de sección sindical son o corpo principal da CIG. Dada a importancia que teñen para facer difundir as alternativas da CIG nos centros de traballo, cómpre manter un contacto directo con eles e elas, de debate, formación e información sobre as alternativas e propostas mobilizadoras en todos os ámbitos. Para iso propoñemos a celebración de asembleas comarcais de carácter, como mínimo, bimensual, para o cal é preciso, ademais dunha boa base de datos que facilite a convocatoria, o compromiso de todas as federacións. Este traballo de asembleas ten que ir acompañado dun traballo continuado e metódico de formación dos delegados e delegadas, con diferentes niveis no contido destes.

E isto debe ser un obxectivo básico da central sindical no seu conxunto, xa que a forza do sindicato ten a súa raíz nos traballadores e traballadoras unidos e organizados no seu centro de traballo, na defensa dos seus intereses comúns. Esta unidade desencadea a acción reivindicativa, afirma a capacidade de resposta do sindicato aos problemas concretos dos traballadores e traballadoras e desenvolve a conciencia de clase. Por iso, se en calquera momento é básico ter organización no seo da empresa, esta cobra especial importancia nun momento en que se agudizan as políticas do poder dirixidas a individualizar as relacións de traballo e a dividir e debilitar a clase obreira. Temos que chegar directamente coas nosas alternativas e as nosas campañas aos centros de traballo, ao tempo que temos que estar en condicións de coñecer e facer nosa a problemática dos traballadores/as e darlle resposta organizada.

## **A planificación das eleccións sindicais**

Corren tempos difíciles para a clase traballadora e por conseguinte para o modelo sindical que a CIG representa. A capacidade de resposta fronte á crise, á explotación e o empobrecemento, precisa de estarmos organizados, de consolidarmos e ampliarmos a nosa representación e influencia. Por iso, todo o traballo de eleccións de delegados/as é fundamental para a nosa acción sindical, pero sobre todo á hora de afrontar a nova situación sindical que se está a dar, atendendo a un dos piares básicos para todo o que representa a negociación colectiva.

O retroceso no resultado electoral neste período polas causas e razóns debatidas nos diferentes ámbitos da central sindical, e máis alá daquelas relacionadas coa crise e co aumento da oposición patronal á CIG, obríganos a rectificar e a introducir cambios profundos na planificación e o traballo electoral.

Hai medidas urxentes a tomar en todo aquilo que depende de nós para afrontarmos mellor o traballo das eleccións sindicais. Temos que vencer os comportamentos burocráticos e rutineiros.

O remate do proceso de maior concentración de eleccións significa o comezo do seguinte. Así é que xa estamos de feito inmersos no proceso iniciado en xaneiro de 2012 e que rematará en decembro de 2015.

Temos que chamar a atención de que é neste período intermedio onde se van celebrando un número importante de eleccións que repercuten de forma directa no resultado final. O proceso electoral é de catro anos e precisamos manter a tensión electoral, xa que ter un bo resultado no período final concentrado dos últimos 15 meses non abonda para medrarmos en representación.

É preciso parármonos a facer unha reflexión seria, estrutura a estrutura, para reformularmos a focaxe, os métodos, a adicación e a dinámica de traballo, convencidos/as de que se poden mellorar sensibelmente os resultados.

A tal fin, cómpre levarmos adiante toda unha serie de liñas de actuación, algunha xa acordadas na Conferencia sindical de febreiro de 2012, e outras como son as seguintes:



1. Constitución da Comisión Electoral en cada Unión Comarcal, de puntual reunión mensual (ou como punto na orde do día do Secretariado Comarcal) ao que obrigatoriamente asistirán os/as liberados/as e axentes sindicais. Precísase un seguimento mensual, mais é prioritario unha planificación semestral, marcando obxectivos claros e concretos de visitas a empresas para a celebración de eleccións, mesmo en empresas novas. Urxe definirmos obxectivos concretos de intenso e variado traballo nas empresas que non teñen representación. Neste sentido, cómpre dispormos dun censo de empresas “brancas” o máis actualizado posíbel. Non podemos esquecer o traballo nas empresas con delegados e delegadas doutros sindicatos. Este debe estar tamén moi presente no noso traballo diario, tirando da afiliación que poidamos ter, cando non da regular presenza para chegar a conseguila. Neste traballo, cómpre implicarmos en maior medida ás direccións comarcais de cada federación e unión local, dándolle máis participación, máis protagonismo na definición dos traballos a realizar, procurando que a planificación e avaliación semestral veña aprobada desde estes organismos. Debemos procurar a implicación e participación das seccións sindicais, especialmente das grandes empresas e onde temos importante implantación.
2. Xerar unha dinámica participativa cos delegados e delegadas, mantendo a celebración mínima cada dous meses dunha asemblea de delegados/as, procurando xerar tamén esta mesma dinámica nas Unións Locais. As federacións deben comprometerse en garantir a asistencia dos seus delegados e delegadas ás asembleas. Cómpre activarse desde as Federacións e U. Locais nas convocatorias, mellorando a chegada das convocatorias ás empresas a través do contacto directo cos delegados e delegadas. Este traballo debe ir acompañado dun continuado e metódico programa de formación dos delegados/as, con diferentes niveis no contido destes.
3. As visitas e a presenza regular nos centros de traballo onde temos delegados e delegadas, máis tamén onde non obtivemos representación pero presentamos candidatura, deben

ser constantes e formar parte da planificación do traballo sindical. Cada mes ou cada dous, como mínimo, debemos visitar a todos os delegados e delegadas, con máis necesidade aínda cando coincida coas convocatorias de asembleas xerais ou federativas.

Neste sentido, temos que manter unha preocupación especial por executar as Campañas nacionais, levarllas aos traballadores e traballadoras a través dos delegados/as, pero tamén en función da importancia das Campañas, directamente aos centros de traballo (coa celebración de asembleas, etc...). Este traballo de comunicación e axitación é un instrumento moi importante para termos presenza permanente nas empresas e para facermos realidade que somos unha Central Sindical diferente e alternativa.

4. Mellorar en aspectos organizativos como: a posta ao día dos ficheiros de delegados e delegadas, como tamén dos delegados e delegadas de prevención, facilitando a actualización da base de datos e o aproveitamento das novas tecnoloxías.
5. Todas as comarcas e localidades aprobarán nos seus respectivos órganos de goberno un plan de traballo organizativo que implique a todo o persoal liberado. Nese plan de traballo deberán incluírse, cando menos, aspectos como os seguintes:
  - Horario de traballo e cumprimento da xornada laboral.
  - Xuntanzas do persoal liberado para programar o traballo sindical (visitas a centros de traballo, distribución de propaganda, asembleas de delegados/as, eleccións sindicais).
  - Seguimento da afiliación (altas, baixas, cambios de datos...).No que se refire ás federacións é obvio que todo o traballo a desenvolver nos ámbitos territoriais só ten sentido e se poden acadar os obxectivos de eficiencia que nos propoñemos se parte dun traballo previo no ámbito federativo.
6. Desde as federacións promoverase a constitución de seccións sindicais en todas as empresas con presenza da CIG nos seguintes seis meses á celebración do 6º Congreso, ao final dos cales se fará un balance global por parte do Secretariado Confederal.

## As campañas

Tal e como aprobamos xa Conferencia sindical nacional de febreiro de 2012 é fundamental manter as campañas xerais da CIG, sobre todo naquelas materias que nos afectan de forma xeral como clase traballadora, que recollen as nosas alternativas e reflicten o noso modelo sindical e o modelo de sociedade ao que aspiramos.

Para que as campañas da central sindical teñan éxito é preciso que partan dunha boa planificación previa e dun seguimento rigoroso durante o seu desenvolvemento. Temos que gañar en eficacia, optimizando os nosos esforzos persoais, técnicos e organizativos. As campañas da CIG deben contar cun bo soporte propagandístico, empregando as novas tecnoloxías e redes sociais para acadar unha maior expansión e eficacia.

A eficiencia nace dunha preparación con tempo, e dunha programación e periodicidade que evite o solapamento dunhas con outras. Pero, sobre todo, esa eficacia só pode ser posíbel se hai un compromiso real de todas e cada unha das estruturas, activando todos os recursos humanos e organizativos, potenciando o traballo na rúa e en contacto directo con entidades sociais e cos centros de traballo.

As campañas da CIG, que como tales teñen un carácter global, transversal e interactivo, teñen que se desenvolver desde a base social da central sindical para chegar de forma directa e non manipulada á clase traballadora no seu conxunto e aos sectores sociais máis directamente implicados.

## A afiliación

O panorama sociolaboral xa sinalado con anterioridade, con altos índices de desemprego e precarización laboral, sitúanos, no aspecto interno, nun escenario de baixada de cotas e caída de afiliación, e no aspecto externo, na necesidade de darmos a resposta máis acaída a unha mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. En coherencia con todo isto facemos as seguintes propostas resolutivas relacionadas coa afiliación.

1º. O incremento da nosa afiliación debe marcar-se como obxectivo fundamental nos próximos anos. Este logro non só achegaría máis recursos económicos á central sindical, senón tamén a posibilidade de nos introducir en novas empresas e crear un maior vínculo de unión entre a central sindical e a clase traballadora. Isto require comezar pola xente máis próxima, delegados e delegadas da CIG ou mesmo persoas que foron nas nosas candidaturas sen saíren electas. A independencia económica, a ausencia de tutelaxes do poder político e económico, así como unha maior influencia da acción sindical da CIG na sociedade van ir unidas, sen dúbida, á recuperación da afiliación que a crise económica nos fixo perder.

2º. Aínda segue a haber unha importante rotación da afiliación, cunha porcentaxe de baixas sobre a que temos que prestar unha especial atención. As razóns das baixas poden ser provocadas por múltiples factores nos tempos de crise que estamos a vivir (peches patronais, EREs, etc). Son maioría as baixas non desexadas por motivos económicos, mais é certo que tamén se producen baixas por erros no noso traballo sindical, na organización das nosas estruturas comarcais e federais, ao non sermos capaces, en ocasións, de darmos resposta a todos os problemas que se nos presentan.

Temos que centrar moita da nosa atención en facer un seguimento puntual nos diferentes organismos locais, comarcais e nacionais, tanto no ámbito das federacións como no territorial, para acadar un menor índice de rotación da afiliación. Por iso, hai que tratar o máis axiña posíbel todas as comunicacións de baixas, procurando a solución ao problema do que se trate, establecendo un mecanismo de traballo entre as unións locais e comarcais e as federacións para facermos máis áxil a xestión

dos posibles problemas que presente a nosa afiliación, contactando directamente cos compañeiros e compañeiras para contrastar as súas queixas, coñecer os motivos das baixas e sermos capaces de corrixir os nosos erros.

3º. O seguimento da afiliación (altas, baixas, cambios de datos, incidencias...), coa inclusión deste tema nas reunións dos órganos de goberno (executivas, secretariados) e co seguimento puntual do persoal liberado, ten que se fixar como prioritario.

## 1.7

### O papel das asesorías xurídicas

A crise económica e social dos últimos anos ten incrementado enormemente a xudicialización dos conflitos laborais. No IV e V Congreso da CIG identificamos os pasos que tiñamos que dar de cara a sindicalizar os conflitos e tentar, nese marco, dar coa solución a estes.

Un dos aspectos que salientabamos como fundamental era o de fortalecer a estrutura sindical no ámbito da empresa -seccións sindicais-, dado que está dabondo demostrado que naqueles centros de traballo sindicalizados, con sección sindicais constituídas, en moitas ocasións o conflito se resolve no ámbito sindical. É por isto polo que seguimos a insistir, como xa se recolle noutras partes do relatorio, que debe ser un dos traballos prioritarios da central sindical.

Aínda así, no marco actual, debido basicamente á situación económica de moitas empresas e á total desregularización das relacións laborais, faise moi difícil a solución do conflito no ámbito sindical, converténdose nos últimos tempos a xudicialización, en non poucas ocasións, como a única vía posible de solución. E así, non é nada esaxerado afirmar que en moitos casos o traballo da estrutura sindical se limita á simple intermediación entre a asesoría e os traballadores/as en conflito.

Esta situación temos que tentar revertela. Temos que ser conscientes de que o marco xurídico existente na actualidade fai difícil unha saída satisfactoria para a clase traballadora polo camiño da xudicialización. É certo que resulta prematuro saber con clareza cal vai ser a xurisprudencia que se consolide a raíz das últimas reformas laborais, mais todo apunta na mesma dirección: a total e absoluta desprotección dos traballadores e traballadoras.

Así mesmo, é necesario salientarmos que, nos últimos tempos, se ten incrementado a represión sindical e, no futuro inmediato, coa reforma do Código Penal, aínda vai ir a máis.

Mención específica merecen as taxas xudiciais e as posibles condenas en custos, o que vai facer diminuír as posibilidades de defensa xurídica de moitísimos traballadores/as, polos custos económicos que isto comporta.

Nesta situación as medidas que debemos impulsar, no curto prazo, e sendo conscientes do cambiante que pode ser a actual situación, son as seguintes:

- Impulso da sindicalización dos conflitos, sendo sabedores de que nunha situación como a que vivimos moi posibelmente esta sexa a única vía para unha solución de acordo cos intereses dos traballadores e traballadoras. É o momento de pór de relevo as responsabilidades políticas dos gobernantes, tanto do Estado como da Xunta de Galiza. Canto maior sexa o custo político para eles, máis doada pode ser a solución ao conflito.
- Unha maior e mellor coordinación entre a dirección do conflito e as asesorías xurídicas. Vemos que, na actualidade, moitas decisións xudiciais favorábeis aos traballadores/as veñen orixinadas máis por defectos de tramitación que por entrar no fondo dos temas que se discuten.
- Intentar xuridicamente abrir novos eidos, buscando responsabilidades nos xestores das empresas.
- Dotación dunha estrutura estábel a nivel nacional que nos permita cubrir o ámbito penal coas maiores garantías posibles.
- A coordinación e a procura dunha formación constante do conxunto das asesorías do país.
- Revisión e adecuación á nova situación das condicións de acceso aos servizos xurídicos da central sindical.

No relatorio de Organización do 5º Congreso identificamos claramente a necesidade de potenciar as posibilidades das novas tecnoloxías como unha ferramenta non só de comunicación senón tamén de mobilización e axitación política e sindical da afiliación da central sindical. Naquela altura marcamos como obxectivo incidir en novos eidos como a internet, así como realizar unha análise no seo das nosas estruturas sobre a nosa proxección mediática, sobre a imaxe da CIG cara ao exterior.

O uso intenso das redes de comunicación feito por parte da CIG debe seguir o camiño impulsado nestes anos, fornecendo á nosa base social, ao conxunto da clase traballadora galega á que nos diriximos, de contidos que noutros medios tradicionais son simplemente censurados. O obxectivo nestes próximos anos será, sen dúbida, ampliar o traballo feito en canles de comunicación propias (páxina web, perfil de facebook, conta de twitter, canle de youtube), ou noutras que poidan aparecer nun terreo, o das redes sociais, en permanente transformación. Tamén debe servir para apoiar redes sociais propias do país, buscando deste xeito a súa promoción e proxección entre a base social da CIG. Unha sinerxia que se debe producir igualmente con aqueles medios de comunicación dixitais ou escritos que aposten claramente por unha visión en clave nacionalista e de defensa das maiorías sociais. A participación da nosa central sindical no accionariado de SERMOS GALIZA pretende ser boa mostra desta interrelación e da necesidade de incidir na sociedade e trasladar a nosa voz fóra dos ámbitos de expresión propios.

Espallar polas redes a nosa acción sindical, o noso ideario e o fomento do debate ideolóxico debe ser un obxectivo permanente que, sen suplantarlo nin arrombar a verdadeira acción directa diaria, sirva de altafalante do que somos e do que facemos. Para iso non podemos concibir as redes sociais como un simple elemento propagandístico. Temos que afondar na interrelación cos potenciais receptores da nosa información, comprendendo as redes sociais como o que realmente son: un camiño de ida e volta e non un órgano de expresión. O camiño está

trazado e a experiencia destes anos débenos servir para afondar nesa traxectoria.

Un aspecto no que se avanzou nesta última etapa, mais moito menos do que debería, é o do desenvolvemento dun debate rigoroso sobre a proxección pública da imaxe da CIG nas redes sociais e na comunicación en xeral. A disparidade de formatos de comunicación tanto escrita como dixital ou a proliferación de perfís vinculados coa CIG en redes sociais merecen repensar como nos proxectamos cara a fóra e como debemos relacionar os contidos e buscar sinerxias entre as páxinas federativas, as das seccións sindicais, etc., afondando na creación dunha rede CIG mais ampla e máis homoxénea na súa imaxe, non só por unha clara vontade de termos unha imaxe propia común consolidada, a dunha central sindical, senón tamén pola propia necesidade de economizar recursos e esforzos.

Mais non podemos esquecer que as redes sociais non son unicamente un medio de expresión e comunicación colectivo (o da confederación, o dunha federación, o dunha sección sindical). Son, máis que nunca, a interrelación individual de cada un/unha de nós co mundo que nos rodea. A afiliación da CIG, a base social da CIG, pode servir de caixa de resonancia de todo o que a CIG difunde, pero máis alá desa necesidade, está tamén a participación activa e individual dos cadros sindicais da central sindical (membros de órganos de dirección, delegados de persoal ou de sección sindical, etc.) que deben ter un papel relevante á hora de agrandar a CIG nas redes sociais, sendo activos na difusión da nosa información nos seus ámbitos particulares.

Outro aspecto relacionado coas novas tecnoloxías no que debemos reparar é no seu uso interno, no emprego no labor organizativo, optimizando recursos e posibilitando un importante aforro e sendo máis eficaces no traballo. Cómpre, neste terreo, un estudo sobre a metodoloxía de traballo e de comunicacións internas que supoñan unha maior operatividade e un menor custo. O traballo en rede co uso de recursos compartidos, a interconexión nunha intranet, etc., deben formar parte dunha reforma dos nosos métodos de traballo complexa pero necesaria.

Potenciar o uso do correo electrónico, dos boletíns ou voceiros dixitais, tanto para cuestións organizativas e informativas como de acción sindical é unha necesidade económica e de adaptación aos tempos e a unha nova afiliación máis habituada ás

novas expresións de comunicación. Iso, como é obvio, sen castigar a aquela porcentaxe moi relevante aínda da nosa afiliación que está do outro lado da fenda dixital. Unha fenda que a CIG ten a obriga de axudar a eliminar.

## 3

# Colectivos de especial atención na acción sindical da CIG

## 3.1

### A participación das persoas desempregadas

Son tempos de loita, de compromiso, de resposta social permanente, nos que temos que ter a capacidade de organizar a clase traballadora, tanto con traballo como a que está sen traballo.

Noutro apartado deste Relatorio falamos de que é necesaria desde a CIG unha única resposta como central sindical porque o ataque xeneralizado que se está a dar aos dereitos e condicións de vida de toda a clase traballadora precisa dunha resposta solidaria e común como clase.

A problemática dos/as desempregos/as é asumida polo conxunto da central sindical, polo que hai un ano se acordou promover a organización dos desempregados/as da CIG, con positivas experiencias e con eivas propias da posta en marcha dunha nova forma de resposta na organización dos desempregados/as.

Neste momento cómpre dotarse dunha definición máis clara, perfilar máis o seu funcionamento para facer fronte mellor á loita contra o desemprego, á exclusión laboral e social, mais sendo conscientes de que non son as diferentes solucións organizativas que acordemos as que dificulten a posta en marcha destas asembleas, senón mais ben son as dificultades propias dun colectivo cunhas problemáticas, expectativas e casuísticas persoais diferentes para se organizar.

O noso obxectivo debe ser atinar na capacidade de iniciativa, que xere maior dinamismo e atraia unha maior participación nas nosas reivindicacións para combater o desemprego e as súas nefastas

consecuencias sociais.

Son diversas as iniciativas que se deben desenvolver coas persoas desempregadas, de xeito que participen no sindicato como suxeitos activos. A comezar pola loita polo emprego, por un posto de traballo digno na nosa Terra, o dereito a traballar e vivir no propio país, así como a posta en marcha dos bancos de alimentos. E a continuar pola decidida implicación da CIG na loita contra os desafiuzamentos e a participación noutras iniciativas de carácter solidario e social como a creación de redes de produción e comercialización locais de produtos alimentarios agro-gandeiros como unha posibilidade de subsistencia mediante a explotación de terras “paradas” de titularidade pública ou cedida ou, mesmo, a creación de bancos de libros de texto que permitan o acceso á afiliación da CIG ao aproveitamento dos libros e material escolar, etc.

Con carácter inmediato deberanse pór en marcha as Asembleas de Desempregados/as da CIG en todas as Unións Comarcais e Locais, priorizando nun primeiro momento a organización da afiliación desempregada, para nun segundo momento chamar á participación dos desempregados e desempregadas non afiliados/as.

Desde as Executivas Comarcais e Locais da Confederación será obrigatorio nomear un responsable da Asemblea de Desempregados/as, para facer seguimento e colaborar na dinamización e posta en marcha das iniciativas que se acorden nas Asembleas de Desempregados/as.

## O reforzo da participación das mulleres na nosa estrutura sindical

Os pasos de carácter organizativo dados pola CIG nos últimos anos fixeron posíbel avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no traballo sindical, de xeito que podemos afirmar que, tanto na batería de propostas en materia de negociación colectiva, como no caso do emprego dunha linguaxe igualitaria e non sexista, na formación interna en materia de igualdade de oportunidades, saúde laboral, e na negociación de plans e protocolos de igualdade e de prevención do acoso, se ten avanzado moito, se comparamos a actual situación respecto á de Congresos anteriores.

A Comisión Nacional de Mulleres foi quen de consolidar dúas datas como referentes claros da loita feminista da nosa central sindical: o 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, e o 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia machista, realizando campañas de denuncia e de reivindicación dos dereitos das traballadoras tanto no marco das empresas como a nivel social. Mais tamén se avanzou no que respecta á participación activa da Secretaría da Muller en ditames relacionados con lexislacións e normativas relacionadas coa problemática das mulleres, o cal foi parello a unha cada vez maior presenza nas rúas de mulleres con mobilizacións propias.

Mais o certo é que a maior parte do activismo emanou da Secretaría Confederal e non tanto do resto das estruturas, o cal ten que nos facer

reflexionar sobre a necesidade de que sexan as propias Secretarías da Muller no ámbito comarcal e federativo as que realicen convocatorias periódicas da Comisión, de xeito que se articulen propostas e se debata sobre os temas que lles afectan. Isto reforzaría o traballo e a participación das mulleres na Comisión Nacional, e por tanto no noso modelo comarcal e federativo, afondando nunha estrutura organizativa que siga mellorando a participación como base da nosa acción.

Por outra banda, os continuos ataques por parte dos gobernos contra os dereitos das mulleres, fan preciso que continuemos na liña iniciada durante este último Congreso, e sigamos artellando vías de diálogo e colaboración mutua coas organizacións feministas que traballan no campo do nacionalismo, de xeito que vexan en nós tamén un referente na resposta.

E para que isto sexa posíbel, é preciso avanzarmos na incorporación de mulleres na acción sindical desde o ámbito máis próximo, que é o federativo, poñendo un especial empeño naquelas máis masculinizadas, de xeito que poidamos dar os pasos necesarios para que, dentro duns anos, a representatividade das mulleres na estrutura comarcal e federativa, sexa acorde coa nosa reivindicación da igualdade e do empoderamento das mulleres na sociedade, e, por tanto, dentro da nosa organización sindical.

## A mocidade traballadora organizada na CIG

No 5º Congreso aprobouse un cambio organizativo que implicaba que o colectivo da mocidade desaparecía e as responsabilidades das políticas dirixidas á mocidade pasaban a formar parte da estrutura de goberno do ámbito confederal, integrando a Secretaría da Mocidade dentro dos órganos de dirección da Confederación, é dicir, dentro da Executiva Confederal, en cada unha das Executivas Comarcais, e en cada unha das Federacións, tanto a nivel nacional como comarcal.

Este cambio foi o resultado dun proceso amplo de debate, tras o cal concluímos que debía ser un reto para o traballo sindical, incorporarmos a análise das condicións de traballo e das discriminacións que afectan á mocidade traballadora, nunha realidade que asuman todas as persoas que forman parte da central sindical e que alcance a todas as estruturas da organización.

Nestes anos, integramos a problemática da mocidade na negociación colectiva, organizamos

mobilizacións e campañas dirixidas á mocidade, co obxectivo de denunciar as consecuencias das políticas postas en marcha polos gobernos, participamos en mesas de debate en diferentes ámbitos, que foron acompañados de diversas accións reivindicativas, organizadas co movemento estudantil nacionalista, inercia que debemos aproveitar de cara ao futuro.

Porén, este cambio non veu parello a unha participación activa da mocidade, senón que as iniciativas e accións reivindicativas de loita contra a desigualdade e a discriminación da mocidade traballadora foron promovidas desde a Comisión Nacional da Mocidade.

Malia os intentos de incrementar a participación da mocidade nas asembleas comarcais de afiliadas e afiliados mozos, o certo é que esta foi moi escasa. Achegáronse convocatorias a toda a afiliación de até 30 anos, mais foron poucos os mozos e mozas que asistiron as asembleas. E no caso das comisións comarcais, foron poucas as comarcas e federacións nas que estas se constituíron e se puxeron en funcionamento.

Entre os aspectos que deben levarnos a reflexionar, cabe mencionar que os organismos están formados maioritariamente por persoas maiores de 30 anos, polo que non se identifican coas e cos responsábeis desta área, e que a mocidade organizada na CIG participa a través da súa federación e non percibe as agresións como tal colectivo.

Para corrixir estas eivas, co obxecto de avanzar na alternativa organizativa acordada no anterior Congreso, propoñemos:

- A creación dunha estrutura específica da CIG-Mocidade composta por cadros sindicais, membros dos organismos, correspondéndolle

ao Consello Confederal a decisión de establecer a idade máxima, atendendo á composición por idade dos organismos que resulten do remate dos procesos logo do VI Congreso.

- A nivel comarcal, a Comisión Comarcal da CIG-Mocidade estará composta por todos os cadros sindicais mozos dos organismos comarcais e nacionais que participen na comarca.
- A nivel nacional, a Comisión Nacional da CIG-Mocidade estará composta polas e polos Responsábeis da CIG-Mocidade das comarcas. Serán os mozos e mozas que integren esta Comisión quen elixirán ao Responsábel Nacional da CIG-Mocidade que asistirá ao Secretariado Confederal da CIG con voz e sen voto.
- Garantirase a convocatoria periódica das reunións da Comisión Comarcal e Nacional da CIG-Mocidade así como das Asembleas Comarcais da afiliación moza, cando menos, unha vez ao ano, co fin de garantir a participación activa da mocidade nas alternativas e resposta ás políticas que lles afectan como mozas e mozos.

A responsabilidade de facer seguimento e da execución destas políticas e iniciativas definidas na estrutura da CIG-Mocidade recaerá nos Secretarios e Secretarías Confederais de Organización da CIG nos distintos ámbitos.

O obxectivo da CIG-Mocidade debe continuar sendo a de dinamizar accións reivindicativas que promovan a mellora das condicións de traballo e de vida da mocidade galega e que conduzan á eliminación das discriminacións existentes.

Os dereitos específicos das persoas pensionistas e xubiladas teñen sido obxecto da atención da nosa central sindical, que sempre defendeu un sistema público de previsión social que garanta condicións dignas de vida á clase traballadora cando finaliza a súa permanencia na actividade laboral por cumprir a idade de xubilación ou por causa de incapacidade laboral definitiva.

Porén, no plano organizativo, na consolidación da participación no sindicato nesa nova etapa do periplo vital, as circunstancias presentes aconsellan explorar as posibilidades de avanzar cara a unha integración máis activa destas persoas na vida diaria do sindicato.

Cada ano, importantes continxentes de traballadoras e traballadores afiliados pasan a esa condición, a unha situación nova na que deixan de estar directamente concernidos/as por esferas esenciais da actividade sindical cotiá, como son a negociación colectiva (agás aquelas persoas prexubiladas ou parcialmente xubiladas, ou en certos casos, que perciben pensións complementarias de plans de empresa), as eleccións sindicais, as reivindicacións e conflitos vencellados á acción sindical nos centros de traballo, etc.

Mais outras facetas da actividade sindical, como as mobilizacións xerais, as iniciativas socio-culturais ou a colaboración no quefacer diario da organización, son tamén ámbitos importantes que poden e deben acoller e mesmo fomentar a inclusión participativa das persoas xubiladas e pensionistas.

Por outra banda, as políticas de recortes nas prestacións sociais públicas, nas pensións e nos servizos á denominada terceira idade, nos sistemas de atención á saúde ou á dependencia, xunto ás novas tendencias no rol social familiar, non só como cuidadores dos máis cativos, senón mesmo como sostén económico do grupo familiar pola situación de desemprego ou ausencia de outras rendas de parte ou todos os seus membros, configuran toda unha problemática social que reclama a atención

da central sindical e debe propiciar a participación activa do colectivo das persoas pensionistas e xubiladas na esixencia de cambios en positivo.

Non debemos perder de vista tampouco que a percepción subxectiva da falta de utilidade práctica –alén de razóns sentimentais- da permanencia no sindicato, opera en moitos casos a prol da desvinculación da participación ou directamente, da desafiliación.

Nas solucións organizativas para activarmos este colectivo, deberiamos considerar diferentes aspectos relevantes e non exentos de complexidade, que cómpre termos presentes. Entre outros:

- Situación heteroxénea da súa composición: pensionistas de xubilación, de invalidez, persoas prexubiladas, ou xubiladas a tempo parcial, aquelas que son persoalmente autónomas ou dependentes, etc.
- Problemática sindical específica daquelas persoas que perciben rendas complementarias vencelladas á negociación colectiva en determinadas empresas.
- Actividade reivindicativa e mobilizadora.
- Tipoloxía dos servizos e actividades que razoabelmente cabería ofrecer ou organizar.
- Dereitos de participación (voto, tanto no plano individual como colectivo; presenza nos organismos, cota sindical...).
- Participación institucional nos organismos públicos relacionados co colectivo.

Xa que logo, con independencia de que teñamos presente o criterio de autoorganización que defendemos, o 6º Congreso da CIG encarga expresamente á Executiva Confederal a elaboración dunha proposta que deberá ser aprobada polo Consello Confederal, conforme á análise dos parámetros anteditos, definindo con flexibilidade as vías organizativas e de acción sindical a activar para abordar esta cuestión, na perspectiva de lle dar carta de natureza máis estábel no seguinte congreso confederal.





# **Relatorio de acción sindical**



## **A Unión Europea (UE), a crise económica a actual división internacional do traballo. Situación de Galiza e do Estado**

---

Após cinco anos de crise, as razóns e diagnoses feitas no 5º Congreso seguen a estar totalmente vixentes.

A crise económica actual que padecemos ten orixe na aplicación das doutrinas neoliberais que conformaron unha económica con dominio absoluto do capital financeiro, obsesivamente guiada por criterios especulativos e de desregulación dos mercados, desconectada da economía real e das necesidades dos pobos e das persoas.

A continuidade destes principios neoliberais na orientación das políticas económicas que están a levar adiante a maioría dos gobernos europeos, promovidas desde a Comisión Europea (CE) e o Banco Central Europeo (BCE) e baixo a dirección de Alemaña, o que están a facer e afondar no actual modelo de capitalismo neoliberal, inviabilizando a saída da crise e incrementando a concentración da riqueza e as desigualdades sociais.

Nesta realidade é como temos que interpretar a chamada globalización neoliberal que é a forma actual na que actúan os grandes grupos financeiros e as grandes empresas transnacionalizadas, na procura do máximo beneficio. O Fondo Monetario Internacional (FMI), o Banco Mundial (BM), a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), a Organización Mundial do Comercio (OMC), etc., son os instrumentos postos ao servizo deste modelo e desde onde se deseñan as políticas ao servizo exclusivo dos intereses do capital.

O capital financeiro expándese e actúa a nivel mundial sen ningún tipo de limitacións, a golpe de actuacións especulativas, con total liberdade e dominio para forzar a desregulación e desmantelamento de dereitos laborais e sociais, privatizar servizos e empresas públicas, rebaixar salarios, facéndose cos sistemas públicos de protección social, etc. A medida, pois, que avanza a globalización, avanza tamén a concentración da riqueza, as desigualdades sociais, o desemprego, a pobreza, a exclusión social, en definitiva a sobreexplotación das clases traballadoras, a deterioración das condicións de vida e a imposición dun modelo social cada vez máis elitista, inxusto e antidemocrático.

Vaise implantando así unha nova división internacional do traballo, cun aumento brutal da competencia entre as clases traballadoras a nivel mundial, na lóxica dunha estratexia de reducir os custos de produción e buscar a competitividade pola vía de redución dos salarios, precarizar as condicións laborais e debilitar globalmente a clase traballadora ao tempo que aumentan os beneficios e o poder do capital.

A Unión Europea é expresión desta globalización ao servizo do capital financeiro, fundamentada na creación dun espazo económico, baseado nos principios neoliberais, construído nas diferentes etapas da súa evolución a través dunha institucionalización hierárquica, asentada mediante acordos entre Estados, profundamente centralista, negadora daqueles pobos e nacións de Europa que carecen de estrutura de Estado e cada vez menos social e máis mercantilista.

A Acta Única Europea (1986), o Tratado de Maastrich (1991), o finado Tratado Constitucional (2005) reinventado no Tratado de Lisboa (2009), o Pacto de Estabilidade (1999) -sobre o que se asentou a política económica de contención estrita do déficit público, co obxectivo do déficit cero- e o inicio da unificación monetaria da Unión Europea, coa conformación da chamada Eurozona, representan até o de agora a culminación do chamado proceso de construción europea.

A UE camiña hoxe nunha radicalización dos principios neoliberais, no que BCE é unha peza fundamental. Non é casual que teña prohibido, polo propio Tratado da UE, comprar directamente débeda pública dos Estados, mentres proporciona á banca privada, con cartos dos propios estados, máis dun billón de euros en créditos a baixos xuros -1%- para que esta banca a seguir poida prestarllo ao Estado a uns xuros do 5%, 6% ou máis, facendo así o grande negocio do século. Esta situación é posíbel porque os estados, como é o caso do Estado español, ao integrárense na Eurozona renunciaron a ter política monetaria propia, é dicir, a poder emitir moeda, a fixar o prezo desta ou a poder comprar débeda ao propio Estado, deixándoos polo tanto en mans do capital privado e en serias dificultades para poder

afrontar saídas en situacións de crise como esta.

A aparente loita contra os déficits públicos é pura especulación dos mercados financeiros, para satisfacción e beneficio do capital especulativo, e a custo da desposesión da poboación, cada día máis empobrecida e explotada, que perde o emprego, que se ve expulsada da súa casa por desafuzamento e cada vez con máis dificultades para acceder a uns servizos e a un sistema de protección social públicos dignos.

Esta especulación coa débeda pública está a levar aos estados da periferia de Europa a unha situación practicamente de quebra, o que está servindo ao capital financeiro para chantaxear os gobernos deses Estados (Irlanda, Portugal, Grecia, Italia, Estado Español) e obrígalos a promover políticas profundamente antisociais e antiobreiras, a facilitarlle ao capital privado novas vías de negocio e de beneficios entregándolle as empresas e os servizos públicos en man do Estado e a unha perda real de soberanía, véndose estes estados nunha situación económica e social cada vez máis agravada, con máis recesión, máis desemprego, máis pobreza e maior débeda.

As políticas que están seguindo o BCE e o FMI en Europa, respecto da débeda pública, son similares as que utilizaron o BM e o FMI coa débeda externa en América Latina, o que levou a aos países afectados a ter que se desfacer dos seu sector público, a abrir os seus mercados á competencia dos produtos das grandes multinacionais, ao incremento das desigualdades sociais e da pobreza, á perda de soberanía real sobre a súa economía, ao tempo que seguían a estar cada vez máis endebedados e a ser máis dependentes.

Diante da gravidade desta situación, derivada da especulación coa débeda pública, é preciso unha cambio radical na orientación. A recuperación das competencias na política monetaria por parte dos estados da Eurozona, a independencia respecto do BCE coa conseguinte saída do euro, parece como a vía máis acaída para rachar coa especulación da débeda da que están a ser vítimas, dado a falta de vontade e interese por parte de quen manda na UE

para que o BCE cumpra realmente un papel de apoio aos diferentes estados da zona euro, prestándolles directamente cartos aos estados, máxime nesta situación de crise económica. Cómpre ter presente, a maiores, que a orientación da UE é converter ao BCE no supervisor financeiro único, quedando así directamente controladas, pola banca alemá e o capital financeiro, as políticas económicas dos diferentes estados.

Estamos pois ante unha Unión Europea baixo a ditadura do capital financeiro; cunhas institucións, especialmente aquelas nas que reside o poder real, que actúan á marxe de calquera control democrático dos pobos (léase CE ou BCE); cun Parlamento Europeo que xoga un papel totalmente marxinal na definición das políticas europeas; orientada e planificada para afondar no neoliberalismo, abrindo todo o público á entrada do capital privado, sacralizando a libre circulación dos movementos especulativos do capital e limitando cada vez máis as competencias dos Estados sobre as súas políticas financeiras ou orzamentarias.

O papel que están xogando as diferentes institucións de goberno da UE diante da crise, e as alternativas que están a dar como saída a esta, pon de manifesto os seus enormes déficits democráticos, a súa orientación claramente mercantilista e neoliberal que, por certo, consagra a Constitución Europea, claramente rexeitada pola CIG e o nacionalismo galego no seu momento, así como aos intereses de clase aos que serve que non son outros que os do capital financeiro especulativo.

Desde calquera punto de vista que se mire, confírmase a verdade e vixencia daquelas berros de “Mercado Común Europeo, ruína do pobo galego”, promovidas desde o nacionalismo galego, denunciando as consecuencias que ía ter para Galiza a entrada do Estado español na Unión europea. A integración na UE tivo nefastas consecuencias para Galiza e os nosos sectores produtivos estratéxicos e básicos, ao aumentar as diferenzas en relación co mesmo Estado así como en relación coa media da UE. Mais tamén fixo maiores as desigualdades pola redución do gasto público e das políticas sociais.

## As consecuencias da crise en Galiza

As políticas regresivas e antisociais marcadas pola UE e aplicadas polo Goberno español e pola Xunta de Galiza, son máis lesivas no caso galego ao ser máis desfavorábel a nosa situación de partida en canto a nivel de benestar e desenvolvemento económico. Afóndase a nosa condición periférica, carentes dunhas institucións de goberno con plena capacidade para decidir e actuar promovendo políticas en favor dos nosos intereses. Por riba, ás decisións derivadas da lóxica da crise súmanse as nulas decisións políticas en defensa dos nosos sectores produtivos.

A acumulación do capital, no actual modelo do capitalismo, e as profundas conviccións españolistas do PP fan que a crise en Galiza vaia acompañada dunha agresiva e constante españolización ideolóxica, cultural e lingüística e dunha recentralización económica e política, favorecendo así unha maior concentración do poder en mans da oligarquía española. Máis España, máis centralismo, menos competencias e capacidade de decisión para as institucións autonómicas galegas, ao mesmo tempo que o Estado está a ceder soberanía á UE.

O espolio do aforro dos galegos e galegas, nestes momentos, a través da bancarización das Caixas, os impedimentos e os vetos á produción no sector naval galego, a espoliación dos recursos naturais e da nosa capacidade de produción de enerxía en beneficio das grandes empresas eléctricas, as políticas de desmantelamento do sector pesqueiro e o sector agrario, son claros exemplos de como se está a destruír a nosa base material, en función de intereses económicos alleos a Galiza, coa conivencia por certo da Xunta de Galiza e do PP.

A imparábel destrución do emprego e o conseguinte incremento do desemprego, nomeadamente entre a mocidade, o alarmante retroceso demográfico, o avellentamento da poboación, aumento acelerado da pobreza, a deterioración dos servizos públicos, o abandono da defensa e do uso do galego pola administración autonómica, a continuidade dunha emigración de carácter estrutural que leva os nosos mozos e mozas a teren que marchar e producir fóra do noso país, son as realidades dunha crise

en Galiza, que van máis alá da crise económica e financeira, que paralizan o noso desenvolvemento económico e poñen en seria dificultades o noso futuro como pobo.

Transmítesenos a idea, desde o poder central, coa conivencia das clases dirixentes do noso país, de que os galegos e galegas somos incapaces por nós mesmos/as de sermos un pobo con futuro, con recursos produtivos e financeiros suficientes para autogobernarnos, un país subsidiado. Pero ao mesmo tempo, ese mesmo poder central vaise facendo co noso capital financeiro e produtivo, aprópiase do noso excedente económico, promove decisións políticas que limitan cada vez máis a capacidade produtiva de sectores económicos básicos para o noso desenvolvemento, obrigándonos a seguir cumprindo, dentro do Estado e de Europa, o papel dunha nación subministradora de aforro, materias primas e man de obra barata.

A cabalo desta crise, acentúase pois o noso papel periférico e colonial respecto do Estado e da Unión Europea, máis dependentes económica e politicamente, coa nosa base industrial moi deteriorada e en constante retroceso no que se refire á normalización da nosa cultura e da nosa lingua.

Por iso desde a CIG reivindicamos unha Galiza soberana, para saírmos da crise con xustiza social. A gravidade desta situación chama a reclamar con máis forza, e mesmo coa necesidade vital de podermos existir, termos capacidade de decidir por nós mesmos, como pobo galego e clase traballadora, liberándonos das decisións que por nós toman os gobernos españois e as institucións europeas en beneficio do grande capital.

A saída da crise e a reactivación económica non virá dada, a favor dos intereses das clases traballadoras, mentres non teñamos capacidade de aplicar, sen intervencións nin hipotecas da UE e do Estado español, políticas específicas en materia fiscal, financeira, orzamentaria, laborais ou de desenvolvemento dos nosos sectores produtivos, pensadas en función da nosa propia realidade social e económica e co obxectivo claro de lle garantir ao noso pobo o dereito a traballar e vivir dignamente en Galiza.

## A crise económica, social e política no Estado español

O modelo económico e produtivo en que se baseou o crecemento económico no Estado español, nas últimas décadas, está a marcar a especificidade das consecuencias que en xeral está a ter a crise en todo o Estado. Estamos a falar dun modelo de crecemento caracterizado por a súa dependencia do turismo e da especulación inmobiliaria, polo fomento da precariedade laboral, dos baixos salarios e do endebedamento de miles de familias a través do acceso fácil ao crédito e pola redución dos impostos ao capital e a enorme fraude fiscal, o cal, xunto co importante endebedamento do sector financeiro e das grandes empresas, está favorecendo que a crise económica e financeira provoque unha destrución enorme de emprego, alcanzándose uns niveis de desemprego sen precedentes, a perda da vivenda por miles de familias por non poderen afrontar o pagamento das súas hipotecas e a utilización de inxentes recursos públicos para tapar o buraco do sector financeiro, coa conseguinte agravación do déficit público.

Diante desta crise, os gobernos do PSOE, primeiro, e agora o do PP, tomaron o camiño de socializar as perdas da banca, convertendo en pública a débeda privada, e de buscar a redución do déficit e da débeda pública a través dunha política de austeridade centrada, fundamentalmente, no recorte do gasto e do investimento público, acompañado de sucesivas contrarreformas laborais e sociais e recorte de dereitos, dando cumprimento así ás directrices de institucións como a Comisión Europea (CE), do Banco Central Europeo (BCE) e do Fondo Monetario Internacional (FMI), todas elas ao servizo do capital financeiro europeo.

As consecuencias desas políticas de reformas laborais e de recortes no gasto e no investimento público, están a ser dramáticas para a maioría social. Deterioración na calidade dos servizos públicos e a súa privatización, redución da contía das pensións e dificultades para acceder a estas, redución do emprego e dos salarios tanto no sector público como no privado, privatización das empresas públicas, desregulación e individualización das relacións laborais, desmantelamento da negociación colectiva, perda dereitos laborais e sociais, recesión económica, destrución masiva do tecido produtivo, incremento do desemprego a niveis históricos. En definitiva,

aplicación da doutrina neoliberal, debilitamento da clase traballadora e engorde da riqueza e do poder da oligarquía financeira española.

Esta crise, ademais, está a ser aproveitada pola dereita española, herdeira da tradición franquista, para impor o seu modelo político e ideolóxico, no social, no económico e no modelo de Estado. Afóndase nunha política fiscal inxusta e clasista, criminalízase o público e favorécese o privado, promóvese a influencia ideolóxica da Igrexa católica nas políticas sociais e no ensino, incrementase a represión e o recorte das liberdades públicas, créase unha sociedade cada vez máis elitista e con maiores diferenzas sociais, dáse rango de lei ás esixencias que en materia económica e laboral formulan a banca e as grandes empresas e imponse de novo unha recentralización, uniformización e españolización de todas as nacións que formamos parte do Estado.

Esta crise económica está acompañada dunha profunda crise política e institucional, cunha perda importante de credibilidade, diante da cidadanía, da política e dos políticos, e mesmo da monarquía, ao vincularlos coa mentira, a corrupción, o lucro persoal e de estaren ao servizo dos banqueiros e grandes empresas. Todo isto vese agrandado cun enorme confucionismo ideolóxico, entre esquerda e dereita, loita de clases, ao que sen dúbida ten contribuído de forma relevante a socialdemocracia española, concretándose nos últimos tempos, nas políticas económicas e laborais promovidas polo PSOE (identificado como esquerda para amplos sectores da poboación) fronte á crise, claramente favorecedoras dos intereses da banca e do capital, nada contraditorias coas políticas que está a promover a dereita, representada polo PP. A crise económica e institucional está a afectar tamén ao propio modelo de Estado, ao agudizarse o confronto entre as reivindicacións soberanías das nacións oprimidas do Estado, especialmente no caso de Euscadi e Catalunya (infelizmente no caso de Galiza en moito menor medida), e os posicionamentos recentralizadores do españolismo.

A esta realidade súmase a problemática derivada do déficit e da débeda pública. Ao inicio da crise, ano 2008, o déficit era do 4,5% e a débeda pública o 40,2% do PIB; catro anos despois esas cifras son do 9,4% e do 69,3%, respectivamente. Neste déficit

e nesta débeda, esta a influír nestes momentos a situación de recesión económica, pero hai outros factores moi determinantes en todo isto, como é o caso dos miles de millóns de euros prestados á banca polo Estado para sanear as súas contas, a redución dos impostos ao capital e as grandes fortunas e, de forma determinante, a especulación que se está a dar coa débeda pública, perfectamente consentida e fomentada pola UE e o seu Banco Central, para enriquecemento dos especuladores e o saneamento das contas dos bancos, especialmente da banca alemá, a conta do erario público. E tal a importancia que isto ten para o capital financeiro que, por esixencia da UE, o PP e o PSOE, forzaron no Parlamento español unha modificación urxente da Constitución española, de cara a sacralizar o principio do equilibrio orzamentario e garantírlle á banca privada que vai ter preferencia ao hora de cobrar a súa débeda, fronte a calquera outro investimento ou gasto público, incluídos os servizos públicos.

A especulación coa débeda pública, coas graves consecuencias que iso ten no altísimo custo da débeda para as arcas públicas e no incremento do déficit do Estado, está servindo ao goberno do PP para levar adiante a súa política de recorte do gasto e do investimento público, para incrementar os impostos indirectos, para promover todo tipo de reformas laborais e sociais e mesmo para xustificar unha amnistía fiscal para os seus amigos, os grandes defraudadores. As consecuencias de todo isto son máis desemprego, máis pobreza, máis recesión e menos dereitos.

Ademais, o Estado español, así como o resto dos da periferia de Europa, vítimas da especulación coa débeda pública, deberían adoptar de forma inmediata a decisión de se negaren a pagar a débeda pública, a través dunha moratoria unilateral, mentres

non se faga unha identificación e determinación da súa orixe, coñecer a identidade dos propietarios dos títulos de débeda e o que posúen, para clarificar que porcentaxe de débeda é ilexítima (froito da especulación, das achegas á banca, da redución de impostos ao capital...) e polo tanto que debe de ser condonada, e que porcentaxe do PIB se pode destinar ao pagamento do resto da débeda, sen que hipoteque as políticas de investimento público para saír da crise de forma favorábel aos intereses das clases populares.

Estamos ante unha crise que transcende á propia crise económica e financeira e que se pon de manifesto na existencia tamén de outras crise como a climática, a enerxética, a alimentaria ou a institucional. Estamos pois ante unha crise do propio sistema que esixe un debate amplo na sociedade sobre modelos alternativos de organización a nivel económico e social. O actual modelo capitalista está a dar mostrar, unha vez máis, que non responde a defensa dos intereses da maioría social. É un modelo inxusto, insolidario, pouco ou nada democrático, que xera desigualdades sociais, que concentra a riqueza e o poder en poucas mans e que non garante, con carácter universal, dereitos fundamentais á poboación como son o ensino, a saúde, o traballo, a vivenda, as pensións, etc.

Temos que aproveitar a crise do sistema capitalista, non buscando fórmulas para que o sistema supere a crise, senón buscando fórmulas para saír da crise superando o sistema. É preciso, pois, concienciar e organizar as clases populares para loitar pola saída da crise mediante a conquista dun novo modelo económico e social, favorábel aos intereses da maioría social, sostíbel desde o punto de vista ambiental e respectuoso coa soberanía dos pobos. Para a CIG ese modelo de referencia segue a ser o socialismo.



## Unha Galiza soberana e con futuro. As nosas propostas para saírmos da crise desde unha perspectiva galega e de clase

---

Desde o inicio da crise, a CIG está a defender todo un conxunto de propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos nosos intereses nacionais, convencidos de que todas estas políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e periférico de Galiza. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.

As medidas que estamos a promover axudarían a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sostíbel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través da fiscalidade, do incremento do gasto social e do investimento público, de políticas que favorezan a creación de emprego en Galiza, instrumentos fundamentais do reparto da riqueza, contribuiríamos a construír unha sociedade máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e pilar da soberanía nacional á que aspiramos.

Desde a CIG consideramos que outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. **En primeiro lugar**, a pesar de que o Estado non pode utilizar a política monetaria, competencia do Banco Central Europeo, nin conte hoxe con empresas públicas en sectores chave da economía, pode usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, provocando actividade económica directa por parte do Estado en infraestruturas, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o

ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a auga, a vivenda e o traballo.

**En segundo lugar**, e tendo en conta que a crise actual ten no seu cerne non só un problema obvio de desregulación financeira, senón un problema de distribución cada vez máis desigual da riqueza, consideramos que se debería aproveitar a situación actual para acometer unha reconsideración do conxunto do sistema fiscal para lle dar coherencia a este, reequilibrar o peso dos impostos directos e indirectos e recuperar o seu carácter progresivo, revertendo as contrarreformas regresivas dos últimos anos.

**En terceiro lugar**, o distanciamento prolongado entre as entidades financeiras e a economía produtiva supón para as pequenas e medianas empresas galegas un importante problema de financiamento a medio e longo prazo, que, aínda que neste momento se fai máis grave e visíbel como consecuencia da crise económica, realmente é un feito estrutural que pecha o desenvolvemento económico do país. Por iso, a saída á actual crise pasa por adoptar medidas de maior alcance que muden estruturalmente ese modelo fracasado, redefinindo e construíndo un auténtico sistema financeiro galego.

**En cuarto lugar**, o déficit de gasto social no Estado español é de 7 puntos do PIB en relación coa media da Unión Europea e isto ten a súa translación en todos os ámbitos onde a clase traballadora e a maioría da poboación somos vítimas duns servizos públicos deficientes. Por iso a CIG reclama que en Galiza se acade a porcentaxe media do PIB que se destina na UE a gasto social, o que resulta máis necesario se cabe nas situacións de crise como a actual, tanto pola súa incidencia no benestar social como na xeración de emprego.

**En quinto lugar**, Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. A CIG mantén viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque considera que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras, e

consideramos que a Xunta de Galiza debe reivindicar non só todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón todas aquelas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país,

integral e autocentrado, particularmente a capacidade normativa en materia de emprego, dereitos laborais e protección social, así como en política fiscal e financeira.

## **Estas son as nosas alternativas fronte á crise e a prol dunha sociedade nova para Galiza**

### **1.- Tecido produtivo galego e empresa pública. Desenvolvemento sostíbel**

Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, que ten a ver coa relación de carácter colonial que mantén co Estado español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos gobernos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e **un paro de carácter estrutural maquillado na súa contía pola sangría da emigración.**

Sectores como o naval, o leiteiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas.

Esta dura realidade de destrución de emprego e tecido produtivo incrementouse de forma extrema na situación actual de crise económica. Entre outubro de 2007 e outubro de 2012 a xa de partida débil produción industrial galega reduciuse nun 29%. O emprego industrial entre o terceiro trimestre de 2008

e o mesmo trimestre de 2012 reduciuse en máis dun 25%. O sector naval sitúase en mínimos históricos. O agro seguiu perdendo emprego. As explotacións lácteas, o principal subsector da nosa agricultura, sufriron unha crise sen precedentes. Da mesma forma a pesca tamén sufriu unha significativa perda de ocupados/as.

A problemática fundamental pois que se lle presenta hoxe á clase traballadora galega xira en torno ao desemprego, a perda de salario, a precariedade laboral e os problemas que se derivan destes factores, como é o caso da pobreza, a emigración, o avellentamento da poboación..., que nos están levando a un escenario presente e de futuro moi duro e enormemente preocupante.

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política de pasividade, no mellor dos casos, e de complicidade noutros.

#### **Velaquí as nosas propostas:**

- **Posta en marcha dun plan do sector industrial** que se concrete por actividades e bisbarras, especialmente naquelas actividades que completen os ciclos produtivos e aumenten o valor engadido (leite, papel, granito, moble, pesca, marisqueo, téxtil, conserva, maquinaria para a silvicultura e a pesca, inputs para o

- sector do automóbil, naval, etc.), prestando especial apoio ás pequenas e medianas empresas.
- **Creación dun sector público empresarial galego** (Instituto da Empresa Pública Galega) constituído, entre outras, coa transferencia das empresas públicas existentes en Galiza. Participación da Xunta directamente, ou a través de empresas mixtas, en novos proxectos industriais vitais para o país, en sectores estratéxicos como o financeiro, enerxético, lácteo, naval ou redes de comercialización. Rexeitamento de calquera política de privatización de empresas e servizos públicos.
  - **Plan de desenvolvemento rural e ambiental**, con medidas de apoio ao sector agrícola, forestal e agrogandeiro, que free a desertización do noso rural e permita **unha explotación racional do monte, cunha xestión social** e ambientalmente sustentábel, aproveitar o mato para a coxeración de enerxía e calor e garantir uns prezos xustos para os produtos do agro. Achegar as novas tecnoloxías ao medio rural, así como crear unha rede digna de servizos sociais.
  - **Apoio decidido à política de I+D e innovación** mediante, entres outras medidas, a dotación orzamentaria acaída; a priorización das medidas que permitan ás pequenas e medianas empresas participar en proxecto de I+D; a oferta de instalacións e aconsellamento empresarial ás novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica. Impulso á I+D+i e ao desenvolvemento empresarial nas actividades relacionadas coa produción enerxética limpa para limitar a nosa dependencia enerxética do exterior e xerar emprego no país. Priorizar aqueles proxectos que potencien a produción, transformación e comercialización de produtos do país e unha economía autocentrada e sostíbel.
  - **Sector naval**: son necesarias, cando menos, medidas como a conformación do Complexo Industrial do Construción Naval na ría de Ferrol que abrangue todas as áreas relacionadas con esta actividade: construción civil, militar, reparacións. Estabelecemento dun acordo de colaboración, coordinación e incluso produción conxunta, entre os distintos estaleiros, empresas auxiliares e empresas transformadoras do metal na ría de Vigo, cara á conformación dun holding con capital público e privado que supere a atomización hoxe existente.
  - **Sector pesqueiro**: implantación dun Plan Integral de recuperación dos Caladoiros do litoral, rías e bancos naturais de marisqueo, no que se contemplan, de acordo co sector, paradas biolóxicas subvencionadas, recuperación do litoral e bancos marisqueiros afectados polos recheos, depuración de todos os residuos urbanos e industriais, creación de sementeiros (hatcheries) de carácter público que permitan que as mariscadoras poidan acceder a este servizo que actualmente está en mans privadas. Mantemento e potenciación dos centros de control do medio mariño, preservando o seu carácter público. Potenciación da acuicultura, así como modernización e impulso dos sistemas de transformación, comercialización e distribución.
  - **Investimento na cultura e lingua galega**. Apoio aos creadores e ao desenvolvemento da industria cultural galega (audiovisual, libro...). Apoiar a utilización de software libre e comprometer ás administracións galegas co seu uso favorecendo o desenvolvemento empresarial en Galiza.
  - **Diversificación das fontes de enerxía e potenciación das enerxías renovábeis**. Impulsar a coxeración. Fomento da trixeración (produción de frío e calor mediante o gas). Consideración da enerxía como un servizo público. Reclamar unha tarifa da electricidade máis baixa para Galiza e asegurar que os sectores industriais intensivos na utilización de electricidade teñan acceso a ela a un prezo competitivo.
  - Reclamar a xestión íntegra, por parte do Goberno galego, dos **fondos estruturais comunitarios** destinados a Galiza e demandar do devandito Goberno galego a utilización destes fondos a medidas de apoio ao desenvolvemento de actividades produtivas e á creación de emprego.
  - **Infraestruturas**: priorización daquelas infraestruturas orientadas a cohesionar o país. Aposta polo transporte ferroviario, como modelo prioritario, tanto de mercadorías como de viaxeiros/as. Creación de Estacións intermodais nas sete

ciudades galegas. Melloras aeroportuarias para todos os aeroportos galegos. Potenciación do aeroporto de Santiago de Compostela como aeroporto da capital de Galiza; ampliación e potenciación do seu carácter internacional. Activación dun Centro de Vixilancia e Coordinación, dependente da Xunta de Galiza (servizo público) de salvamento e control de desastres (ecolóxicos, naturais, etc.). Constitución dun pool cos cinco portos principais (Vigo, A Coruña, Ferrol, Marín e Vilagarcía) co fin da captación de tránsito no exterior, evitando a competencia entre eles. Construción de estacións de mercadorías en todas as cidades e principais vilas galegas. Elaboración dun Mapa dos Parques Industriais de Galiza, descrición das súas capacidades e distribución.

### **Desenvolvemento sostíbel**

Polas mesmas razóns e coa mesma forza que reivindicamos un modelo socialmente sostíbel (que garanta a igualdade de dereitos e unha calidade de vida digna para todos os seres humanos), temos que reivindicar tamén un modelo económico e produtivo que garanta a sustentabilidade do planeta (conservar a integridade da súa biodiversidade e a súa capacidade de renovación fronte ás actividades humanas). A realidade é que o sistema capitalista non garante nin unha cousa nin a outra, máis ben todo o contrario. Exemplos disto témolos nas consecuencias sociais da actual crise económica e financeira, pero tamén na crise alimentaria, na crise enerxética ou na crise climática.

De cara a garantir un desenvolvemento económico sustentábel ecoloxicamente, propomos as seguinte medidas:

- Reforzar o papel das enerxías renovábeis, reducir notablemente a dependencia do petróleo e

declarar Galiza territorio desnuclearizado. Pular por unha economía diversificada, que complete os seus ciclos produtivos na nosa Terra e que sexa autosustentada e respectuosa co medio. Implantar unha política dirixida á innovación tecnolóxica, para deseñar e desenvolver produtos e servizos limpos e ecoeficientes.

- Reformar a Lei de Residuos Sólidos Urbanos para adaptala ás nosas necesidades, que aposte decididamente polo rexeitamento á incineración e se centre na minimización da produción dos residuos, na súa reutilización e reciclaxe. Incrementar os medios técnicos e de inspección para controlar o cumprimento da normativa ambiental por parte das empresas e esixir a consulta sindical nos procesos de Autorización Ambiental Integrada.
- Desenvolver unha Lei de Protección dos Ecosistemas Fluviais. Crear unha verdadeira Rede de Vixilancia e Control do estado ecolóxico dos ríos, así como contar cos medios necesarios para detectar e actuar de maneira áxil en caso de verteduras contaminantes. Contar cun Plan de Saneamento Integral de todas as masas de auga, tanto naturais como artificiais, para lograr en 2015 o bo estado ecolóxico das augas, tal e como indica a Directiva marco de Augas.
- Apoio público á agricultura e á gandería ecolóxica. Rexeitamento dos transxénicos, evitando a “coexistencia” con produtos convencionais ou ecolóxicos.
- Fomento da rehabilitación de vivendas. Establecer criterios construtivos, tanto para casas novas como rehabilitadas, de adaptación aos esquemas da bioconstrución: aforro enerxético, utilización de enerxías renovábeis, materiais respectuosos co medio ambiente.

## **2.- Sistema financeiro galego**

O encadeamento dunha profunda restrición do crédito coa recesión económica ameaza con crear un círculo vicioso que require medidas audaces para evitar o seu alongamento. As axudas públicas á banca non son a solución, e máis cando estas se realizan sen un control finalista comprometido coas necesidades da economía real, porque, como

se está a confirmar, non resollen as dificultades de crédito e financiamento das empresas produtivas galegas.

En realidade, máis alá da gravidade da situación actual, as empresas produtivas, nomeadamente as PEMES, levan padecendo un notábel racionamento do crédito desde hai moitos anos, afectando aos

investimentos a medio e longo prazo, necesarios para a súa modernización e expansión. A banca preferiu centrarse no mercado financeiro, negocios interbancarios e hipotecarios, de alto rendemento a curto prazo, e esta “financeirización” da economía creou as condicións para procesos de carácter especulativo e de burbulla que para nada contribúen á creación de riqueza, senón todo o contrario.

Este problema é máis agudo nas economías periféricas, como a nosa, porque desde o lado da oferta as entidades financeiras aproveitan a globalización capitalista para orientar a súa actividade a mercados interbancarios e con maior liquidez, realimentando o círculo vicioso que obstaculiza o desenvolvemento económico. Desde o lado da demanda acrecéntanse as dificultades dado o contexto de pequenas e medianas empresas, que teñen dificultades para formular proxectos de investimentos rigorosos e viábeis sen o apoio dunha estrutura próxima e solvente de asesoramento e de impulso de actividades produtivas.

O proceso de recentralización a nivel europeo e estatal afectou tamén ao sistema financeiro galego, ao tempo que se agravou o espolio social froito dos rescates da banca.

A crise financeira europea estase a ver agravada pola aplicación dun neoliberalismo feroz, a través das normas Basilea, que acreditaban na autorregulación dos mercados e das propias entidades. No caso do Estado español esta crise sistémica viuse agravada polo sobreendebemento e sobreexposición ao sector inmobiliario, o que contaxiou as entidades galegas. Os problemas das Caixas de Aforros ou do Banco Pastor foron froito da súa perda de carácter galego após a súa expansión polo resto do Estado. Os problemas viñeron tamén da man dunhas políticas comerciais agresivas que sufriron en primeiro termo os traballadores e traballadoras do sector e finalmente tamén a clientela e a sociedade en xeral.

Máis alá das xestións dolosas dos directivos bancarios, o problema é sistémico, e os rescates bancarios, que transforman a débeda privada en débeda pública (co obxectivo non disimulado de reprivatizar os beneficios no futuro), supoñen un espolio social sen precedentes e a consolidación dun sistema financeiro neoliberal centralizado ao servizo exclusivo do gran capital e da oligarquía española.

Hai que salientar que, fronte ao proceso de con-

centración impulsado polas estruturas europeas, os distintos Estados defenderon as súas propias entidades financeiras. Desgraciadamente Galiza, gobernada polo centralismo, carente dun Estado propio e polo tanto sen voz propia a nivel europeo, foi incapaz de reaccionar para manter entidades galegas baixo control público, nomeadamente as Caixas de Aforros.

O sistema financeiro galego era, dentro de Europa, o sistema máis concentrado, despois das sucesivas fusión das caixas provinciais, municipais e rurais. O proceso de recentralización e privatización das Caixas de Aforros forzou á practica desaparición das entidades galegas (só sobrevive a Caixa Rural de Lugo) e supón o espolio do patrimonio xerado polos aforros dos galegos e galegas durante dous séculos.

Por todo ese conxunto de razóns, a CIG formulou a súa proposta de redefinir e construír un auténtico sistema financeiro galego, que de seguido expoñemos sinteticamente e que está asentado en tres grandes piares:

- **Creación dun INSTITUTO GALEGO DE CRÉDITO E INVESTIMENTO**, utilizando as competencias atribuídas polo Estatuto de Autonomía, co obxectivo de reformular os instrumentos financeiros á disposición das nosas empresas produtivas, tanto para superar a crise como para estar en mellores condicións de medrar no futuro, cunha orientación do crédito cara a actividades innovadoras e cara á estratexia de desenvolvemento sustentábel.
- **Creación dunha BANCA PÚBLICA GALEGA**, conformada como Banca Pública Comercial, con capacidade para a captación de aforro, crédito e investimento, que xestione o aforro dos galegos e galegas co obxectivo de xerar emprego e riqueza no país a través dunhas políticas comerciais sostíbeis socialmente e respectuosas coa clientela, actuando ao mesmo tempo como Axencia Financeira da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, a CIG apoiará todas as iniciativas que se poñan en marcha para a creación de Entidades Financeiras Galegas sen ánimo de lucro, mesmo non descartando a posibilidade de promover, a longo prazo, a creación dunha Cooperativa de Crédito propia ao servizo da afiliación.

### 3.- Política fiscal e gasto social

A fiscalidade é un instrumento de enorme importancia do que dispoñen os Estados para actuar sobre a economía, para nutrir de recursos o sector público, os servizos e os sistemas de protección social e constitúe ademais un elemento determinante na redistribución da riqueza e na cohesión social.

De feito a denominada presión fiscal, é dicir, a porcentaxe da riqueza xerada que se dedica a impostos, cotizacións sociais e taxas, adoita ser un bo indicador para calibrar se un Estado pode considerarse socialmente avanzado.

Polo lado dos ingresos, para que a fiscalidade actúe positivamente na redistribución da riqueza é necesario que os recursos se obteñan maioritariamente vía impostos directos e que estes se apliquen con acusada progresividade, gravando con maior intensidade as rendas cando máis altos sexan os ingresos de cada quen.

Polo lado do gasto público, ese efecto redistributivo acádase coa implementación de servizos públicos de calidade e accesíbeis a toda a cidadanía en igualdade de condicións con independencia das súas rendas, así como de prestacións sociais e instrumentos de previsión social que atendan as necesidades da poboación en xeral e, en maior medida, á cidadanía máis vulnerábel ou en risco de exclusión social ou marxinación, pola insuficiencia ou carencia de recursos de subsistencia en condicións dignas.

Pois ben, se comparamos a presión fiscal no Estado español (31% do PIB en 2009, último ano con datos comparativos dispoñíbeis) coa media dos quince Estados da Unión Europea que adoptaron o euro (44%), resulta que cada ano o Estado deixa de ingresar un 13 % do PIB, é dicir, preto de 140.000 millóns de euros; nos catro anos que levamos de crise (a fenda fiscal mantense desde hai anos no contorno dese 13%), case 560.000 millóns de euros, nada menos!

Para mellor entendermos o por que disto, atendamos a que esa fenda fiscal se concentra basicamente nun tratamento fiscal privilexiado aos grandes patrimonios, grandes empresas e banca, ás denominadas SICAVs, ás rendas máis elevadas, ás rendas de capital en xeral; na pasividade fronte á enorme bolsa de fraude fiscal e mesmo na tolerancia cos evasores, cando non na benevolencia amosada co diñeiro negro. Unha actuación governamental decidida e firme neste eido entraría en colisión coas

premisas neoliberais de antepoñer as esixencias dos mercados aos dereitos das persoas, ou sexa, en conflito co desexo do capital de tripar os dereitos e necesidades vitais da cidadanía en favor do capital financeiro.

Sendo a fiscalidade tan determinante instrumento da políticas económica e social, os/as que defendemos o autogoberno galego e a soberanía nacional entendemos que ela debe facer parte imprescindíbel da capacidade competencial propia, non só en canto á territorialización completa dos tributos, senón tamén no que respecta á capacidade normativa. É obvio que sen soberanía fiscal, non hai soberanía política posíbel. Por iso, temos que significarnos abertamente discrepantes coa insuficiencia do actual modelo de financiamento autonómico que, por poñer algún exemplo, basea a denominada corresponsabilidade fiscal case exclusivamente nunha porcentaxe do imposto da renda e que ignora as considerábeis rendas producidas ou xeradas no noso territorio que obteñen contribuíntes (persoas ou empresas) residenciados noutras comunidades.

#### **Propostas acerca da fiscalidade:**

- Eliminación do trato fiscal privilexiado para as rendas máis elevadas, as rendas do capital mobiliario, as rendas empresariais e as dos profesionais do deporte de elite. No IRPF, incrementar a progresividade da tarifa e o tipo marxinal máximo das rendas máis elevadas. Aplicación da escala de gravame a todas as rendas, suprimindo o trato fiscal favorábel das procedentes do capital mobiliario.
- No Imposto de Sociedades, minimizar as múltiples posibilidades de dedución ou desgravación que se foron acumulando até o punto de que o tipo efectivo do imposto é a metade do nominal, limitándoas ás pequenas e medianas empresas e só ás directamente vencelladas á creación de emprego de calidade e ao gasto en I+D+i. Incorporación das SICAVs e restantes sociedades de investimento ao tipo xeral do imposto.
- Na loita contra a fraude fiscal, inspección fiscal eficiente, dotada de medios suficientes, para erradicar a fraude fiscal, con plena transparencia pública, que impida a permisividade na ocultación de rendas empresariais e de

capital. Actuación contra o branqueo de capital e os chamados paraísos fiscais.

- Creación dun imposto para as grandes fortunas, gravando dun xeito progresivo o seu patrimonio. No Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), cómpre mellorar a súa estrutura e tipos. Inclusión no grupo do tipo superreducido dos alimentos e daqueles bens de consumo básico (carne, peixe, conservas, transporte público, alugueiros...).
- Implementar a Fiscalidade Verde que, aplicando o principio de que quen contamina paga e quen conserva recibe, revise o réxime fiscal sobre a contaminación atmosférica e outras emisións, ao tempo que incentive as actividades produtivas con efectos ambientalmente positivos.
- Creación dunha Axencia Tributaria Galega para a creación, inspección e recadación dos tributos galegos. Esixencia ao Estado de transferencia dos seguintes impostos e da capacidade normativa sobre estes: IRPF, IVE, imposto de sociedades e impostos especiais. A xestión integral, por parte do Goberno galego, dos fondos procedentes da UE.
- As relacións de orde económica entre Galiza e o Estado español desenvolveranse e formalizaranse a través dun concerto económico que se pacte entre ambos.

### **En defensa dos servizos e dos sistemas públicos de protección social**

As políticas económicas e sociais, deseñadas polo sistema económico neoliberal e aplicadas polas institucións e gobernos ao seu servizo, procuran a comercialización de todo o que é público e sosteñen que a solución da crise económica pasa por acelerar a súa privatización ou o seu desmantelamento. Tanto o Goberno do Estado como da Xunta de Galiza do Partido Popular están aplicando estas políticas sen ningún tipo de vacilación, reducindo o gasto na educación, na sanidade, nos servizos sociais, na xustiza, na defensa dos dereitos e a seguridade, nos servizos administrativos..., e desviando cantidades inmensas de diñeiro público para o negocio privado, mediante o incremento dos concertos ou a privatización de diferentes servizos, destruíndo numerosos postos de traballo e eliminando as ofertas de emprego público.

Non é posíbel ningún modelo social que tenda a unha maior distribución e igualdade social se non se asenta na prestación duns servizos públicos básicos gratuítos e universais, única garantía para mellorar a calidade de vida e reforzar a cohesión social. A súa calidade e eficacia só é factíbel mediante a xestión pública porque busca exclusivamente o ben público e social e non o beneficio económico, a conta de empeorar as condicións de traballo e deterioro do servizo, que é o que persegue a empresa privada.

A CIG defende o establecemento dun sistema rexido polo principio do dereito das cidadás e dos cidadáns a ter recursos económicos de subsistencia. Un salario público de inserción laboral e social, dirixido a todas aquelas persoas maiores de 18 anos, desempregadas e sen recursos e mesmo aquelas outras en situación de exclusión social. O seu importe será o equivalente ao SMI e o dereito a percibilo leva consigo a obriga de participar nos itinerarios formativos e de inserción laboral, excepto que existan causas obxectivas que o impidan. A percepción deste salario é incompatible co cobro de calquera outra prestación pública

### **A CIG propón:**

- Incremento de investimento público para fortalecer e expandir os servizos públicos e sociais, que acade en Galiza, como mínimo, a porcentaxe media do PIB que se destina na Unión europea, imprescindible para garantir dereitos fundamentais como o ensino, a saúde, as pensións, a atención ás persoas dependentes e a protección por desemprego e a vivenda.
- Garantir o dereito universal a uns servizos públicos de calidade, que cubran as necesidades da sociedade e que estean dotados dos recursos e de persoal suficiente para facilitar a cohesión e o benestar.
- Supresión de todas as fundacións constituídas para xestionar empresas, institucións ou órganos públicos, integrándoas na administración correspondente. Absorción paulatina dos servizos privatizados das diferentes administracións e supresión das asistencias técnicas.
- Supresión da restrición da oferta de emprego imposta polo estado. A Administración galega terá plenas competencias para, previa negociación coas OOSS, crear e ofertar o emprego necesario e transformar o temporal en estábel.

## Ensino

A carencia de soberanía política para podermos decidir, a españolización que sufrimos durante séculos e o desprezo dos gobernos do PP da Xunta de Galiza e do Goberno central polo noso país, explican o estado actual de desgaleguización do ensino e a falla dunha educación ao servizo das necesidades de Galiza.

O actual sistema educativo, caracterizado polo seu centralismo e pola privatización a través dos concertos educativos, vese agravado, co pretexto da crise, pola agresión permanente ao noso idioma e polo ataque ao ensino público con recortes permanentes, redución dos orzamentos en educación en 425 millóns nos últimos catro anos, supresión de centos de unidades, destrución de máis de dous mil postos de profesorado, incremento do número de alumnado por aula, ampliación do horario lectivo do profesorado, etc. Ataque que non se aplica á privada concertada, na que se crean unidades e á que se lle entregan anualmente máis de 250 millóns.

O PP coa Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) ponse ao servizo da ideoloxía máis reaccionaria, do españolismo máis extremo e da submisión total aos intereses do ensino concertado e da Conferencia Episcopal. Trátase dunha lei que limita o acceso das clases populares á Educación, arrasa coa igualdade de oportunidades e supón unha agresión á Educación como dereito universal e gratuito. O verdadeiro obxectivo é impregnar todo o sistema educativo dos principios que sustentan a ideoloxía neoliberal e así avanzar na privatización da Educación, reespañolizar o sistema educativo, rexeitando a conformación plurinacional, pluricultural e plurilingüística do Estado español; reforzar a confesionalidade, conformar un sistema máis selectivo e clasista e segregar o alumnado, mediante itinerarios distintos. Por iso propomos:

- Acadar un sistema educativo galego, público, laico, coeducativo e democrático, e planificado en función das nosas necesidades e intereses, inserido na nosa realidade nacional e ao servizo de todos os galegos e galegas. Un sistema educativo público, non sexista, universal, gratuito e obrigatorio dos 3 aos 18 anos e cunha oferta de prazas públicas suficientes de 0 a 3 anos (con horarios adaptados ás necesidades laborais).
- Elaborar unha lei galega de educación, conferindo á Xunta de Galiza todas as com-

petencias en Educación. Incrementar os orzamentos destinados a Educación até alcanzar un 7% do PIB e eliminar os concertos educativos comezando polos do ensino non obrigatorio.

- Ordenar e incrementar a oferta de ciclos formativos no ensino público que satisfaga a demanda existente, para facilitar o emprego e o desenvolvemento daqueles sectores estratéxicos do tecido industrial e produtivo galego.
- Fornecer os centros de ensino de suficiente profesorado, reducir o número de alumnado por aula, satisfacer a atención á diversidade, prever e actuar contra o fracaso e o abandono escolar para acadar a máxima calidade posíbel. Garantir administrativos/as en todos os centros e coidadores, educadores sociais e outros/as profesionais onde sexan necesarios.
- Dotar todos os centros educativos públicos dos servizos complementarios necesarios, nomeadamente de comedores escolares, garantíndolle a gratuidade a todo aquel alumnado con escasos recursos. Así mesmo, a Administración facilitará a gratuidade e universalidade das actividades extraescolares nos centros públicos e restabelecerá a gratuidade dos libros de texto ao alumnado do ensino infantil e obrigatorio.
- Conseguir un sistema universitario público e galego que garanta o acceso universal e gratuito, dotado con financiamento suficiente e ao servizo da transformación e desenvolvemento de Galiza e dos intereses e necesidades do pobo galego.

## Sanidade

Desde o Partido Popular, estanse a levar a cabo políticas sanitarias cargadas de profundidade ideolóxica, mesmo ás veces empregando a administración pública ao servizo de entidades ultraconservadoras e relixiosas, lexislando e aplicando medidas dirixidas a privatizar a sanidade pública para ofrecérllela ás empresas privadas dos seus acólitos. As devanditas políticas están destinadas a empeorar a calidade de vida e aumentar o sufrimento das persoas, nomeadamente daquelas con enfermidades crónicas, creando un imposto sobre a enfermidade e rompendo a equidade no acceso á sanidade, convertendo a prestación sanitaria nunha



cuestión de beneficencia e non nun dereito constitucional. As barreiras no acceso, que contén esta nova lexislación, contribúen á exclusión social de amplos sectores da poboación por motivos de saúde. En materia laboral, as condicións das traballadoras e traballadores estanse a deteriorar ao mesmo ritmo co que se deteriora a calidade asistencial. Estas son as nosas propostas:

- Dotación orzamentaria que permita manter a asignación de recursos (humanos e técnicos) como condición básica sobre a que construír máis eficiencia, máis equidade, máis cantidade e máis calidade nas actuacións do sistema sanitario público e dos seus traballadores e traballadoras.
- Asunción das súas responsabilidades e competencias por parte do Goberno galego, para combater as medidas recollidas no R.D-Lei 16/2012, recuperando para a poboación o dereito básico a ter e a acceder a unha sanidade universal, pública, gratuíta e de calidade.
- Oposición á actual política de concertos coa sanidade privada. Rexeitamos calquera intención de introducir no sistema sanitario público os modelos de iniciativa de financiamento privado. Esiximos que o plan director de infraestruturas sanitarias se financie integramente con fondos públicos, tanto na construción como na xestión.
- Dotación dun plan de funcionamento dos centros hospitalarios en quenda de tarde. Corrección da desigualdade territorial dos recursos sanitarios. Implantación das medidas que permitan corrrixir os problemas de acceso á atención sanitaria, en particular ás listaxes de espera para diagnóstico e tratamento cirúrxico. Integración das diferentes fundacións no Servizo Galego de Saúde.
- Plan integral de RRHH para os traballadores e traballadoras do SERGAS. Respecto absoluto aos acordos asinados: Plan Mellora de Atención Primaria, Plan de Saúde Mental, Programa da Muller, Acordos retributivos 2008-20012, Carreira Profesional... Ampliación dos cadros de persoal e sistema de selección temporal e definitiva que rematen coa precariedade laboral. Eliminación na Lei de orzamentos da taxa de reposición.
- Demandar unha política integradora que contemple os dereitos sexuais e reprodutivos das

mulleres dentro da rede pública de saúde, o cal inclúe garantir o dereito ao aborto gratuíta na sanidade pública, pero tamén unha concepción integral da saúde e da prevención desde unha perspectiva de xénero.

### **Servizos sociais**

As políticas e servizos públicos son os principais instrumentos que determinan o desenvolvemento e a calidade do Estado do Benestar. Dos servizos públicos dependen a gratuidade, a calidade e a universalidade da educación, da sanidade e uns servizos sociais que atendan as persoas e desenvolvan a lei de dependencia.

Fronte a esta situación, consideramos que os servizos públicos deben contar con financiamento suficiente para desenvolver as obrigas atribuídas como tal, que non se vexan reducidas as capacidades para a prestación do servizo e non derive na súa posterior declaración de “ineficientes” para xustificar así a súa privatización. Desde a CIG propomos:

- Priorizar os investimentos nos servizos máis necesarios e con maior potencialidade para xerar emprego, como é o caso da escolarización de 0 a 3 anos, os servizos sociais básicos e de atención á dependencia.
- A ampliación e consolidación dun Sistema Público Galego de Servizos Sociais que proporcione atención preventiva e integral a toda a poboación galega, que facilite, ao mesmo tempo, a vertebración social do país e favoreza a fixación da poboación no medio rural, e a garantía do dereito de todas as persoas dependentes a un servizo público (residencias, axuda domiciliaria, centros de día) axeitado ás diferentes necesidades de coidado e con horarios adaptados ás necesidades laborais.
- A elaboración dun mapa de necesidades de atención ás situacións de dependencia. Creación dun instrumento de seguimento e avaliación da implantación do sistema de dependencia no noso país.
- Dotación orzamentaria suficiente para poder atender as demandas en materia de protección social dentro da rede pública.
- A mellora da protección social da maternidade e a paternidade (aumentando a duración e cobertura das baixas por maternidade e paternidade, por risco no embarazo e a lactación), pola creación e extensión de permisos que

incentiven a corresponsabilidade de homes e mulleres nas funcións de coidado, e pola posta en marcha das obrigas derivadas da lei de igualdade en relación á negociación de medidas e protocolos en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nas empresas e na propia Administración.

- Investir nos servizos públicos como fórmula de compatibilización do traballo e as responsabilidades derivadas do coidado (tanto de menores como de familiares en situación de dependencia) aumentando a cobertura e servizos prestados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, coa correspondente estabilidade no emprego.
- Crear unha prestación específica para os períodos de redución de xornada ou excedencias por coidado de familiares ou por realización de estudos de mellora profesional. Estabelecer axudas mensuais directas por cada descendente até a maioría de idade, de contía variábel en función inversa das rendas familiares.

### **Protección por desemprego**

- Mellora da prestación por desemprego. A prestación contributiva, que foi rebaixada polo goberno do PP, debe mellorarse substancialmente, así como aumentar a contía da prestación asistencial e ampliar as situacións e colectivos protexidos. Débese tamén garantir un dereito de reposición real da prestación por desemprego, considerándose o paro como non consumido, no caso das persoas afectadas por un ou máis EREs suspensivos ou de redución de xornada.
- Salario de Inserción Laboral, como complemento da protección por desemprego, para todas aquelas persoas desempregadas que non cobren ningún tipo de prestación económica. Trátase dunha medida solidaria, de integración laboral e social e que ao mesmo tempo serviría para potenciar o mercado interno e crear emprego. A contía deste sería a do SMI.

### **Sistema Público de Pensións**

As sucesivas reformas operadas no eido das pensións e da Seguridade Social, eufemisticamente denominadas de mellora, ou sostibilidade, ou consolidación do sistema, en realidade fan cada vez máis difícil o acceso ás pensións contributivas,

rebaixan as pensións de quen accede ao sistema e atrasa a idade efectiva de xubilación. Ademais optouse en varios exercicios por non revisar o importe nominal das pensións, ou facelo por baixo da inflación, chegando agora a incumprir a lei para a súa actualización pola desviación do IPC.

Desde a CIG opoñémonos a este proceso sen fin de **deterioro** das prestacións e reclamamos:

- O traspaso á Comunidade autónoma da competencia de xestión do réxime económico da Seguridade Social previsto no Estatuto de Autonomía.
- A eliminación dos topes máximos de cotización á Seguridade Social, mantendo uns topes máximos nas prestacións económicas.
- Xubilación ordinaria aos 65 anos.
- Xubilación voluntaria ao cumprirse 35 anos de cotización á Seguridade Social, reais ou compensados pola aplicación de coeficientes redutores naquelas profesións que os teñen asignados.
- Cálculo da Base Reguladora determinado polas bases de cotización dun período de dez anos elixido pola persoa beneficiaria de entre a súa carreira de cotización, actualizando todos os anos co IPC do período transcorrido até a data de devengo da pensión.
- Estabelecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación en novas profesións.
- Pensión mínima do mesmo importe que o Salario Mínimo Interprofesional, para o que corresponde incrementar o complemento a mínimos a cargo dos ingresos fiscais do Estado.
- Revalorización anual das pensións, como mínimo coa evolución do IPC.
- Eliminar as discriminacións ou penalizacións existentes, nas condicións legais de acceso á pensión daquelas persoas empregadas a tempo parcial.

### **Vivenda**

O acceso a unha vivenda digna é un dereito de todas as persoas que as Administracións Públicas deben garantir, promovendo políticas que eviten a especulación e o negocio co solo e coa vivenda, por parte das empresas construtoras e promotores inmobiliarios. Estas son as nosas propostas:

- Garantir unha actuación pública integral en materia de vivenda, que comprenda a ordenación

territorial e urbanística, a obtención de solo e a súa urbanización, así como a promoción de vivenda pública en réxime de alugueiro.

- Creación dun fondo social de vivendas baleiras, en mans das entidades financeiras, para ofertar en réxime de alugueiro social, especialmente dirixido a aquelas persoas que perderon a súa vivenda por culpa de non poderen facer fronte ao seu crédito hipotecario ou ao pagamento do alugueiro.
- Diante da grave situación creada como con-

secuencia da crise económica, na que miles de persoas se están vendo expulsados da súa vivenda por non pode facer fronte ao pagamento dos seus créditos hipotecarios ou do alugueiro, creando en moitos casos unha situación de insolvencia a longo prazo e polo tanto un escenario para moitas destas familias de exclusión social, propomos as seguintes medidas: reforma da actual lei hipotecaria, dación da vivenda en pagamento, moratoria no pagamento e renegociación da hipoteca.

#### 4.- Medidas de política laboral

As principais políticas de emprego son as políticas de crecemento económico que permitan crear postos de traballo. Unha política económica acaída ás necesidades do país, unha política industrial activa, regulamentacións normativas sectoriais favorecedoras do investimento produtivo, etc. unha política industrial activa, etc., serían instrumentos para crear emprego.

A CIG defende unha política laboral dirixida a preservar os empregos e conseguir que haxa menos emigración e paro, asentada nos principios de solidariedade, cohesión social, desenvolvemento sustentábel e progreso material e económico, tendente á consecución dun estado social galego. Estas son as nosas propostas:

##### En defensa do traballo :

- Derrogación das últimas reformas laborais e do Decreto 20/2012 do 19 de xullo.
- Esixencia da redución da xornada laboral no camiño da conquista das 35 horas semanais.
- Causalidade na contratación temporal. Derrogar toda a normativa que non coloque a contratación nas estreitas marxes da máis rixida causalidade. Penalización da contratación temporal, maior achega na cota empresarial en toda a cotización. Recoñecemento legal a cobrar unha indemnización á finalización do contrato equivalente ao dez por cento do salario bruto percibido ao longo do contrato.
- Eliminación das ETT e das axencias privadas de colocación.

- Eliminación de todas as subvencións xenéricas á contratación indefinida e bonificacións á seguridade social.
- Ante unha situación de crise na empresa, potenciar a suspensión dos contratos ou reducións de xornada en lugar do despedimento ou dos EREs extintivos.
- Aumento dos medios da Inspección de Traballo para loitar contra a precariedade, a fraude masiva na contratación e de seguridade social, abusos na xornada laboral, etc. Transferencia da Inspección de Traballo a Galiza.
- Revisión da política das Administracións Públicas. Fixación en todos os pregos de condicións dos concursos administrativos, dunha taxa mínima de traballadores/as con contratos estábeis a todas aquelas empresas que queiran concorrer, valorando especificamente o grao de eventualidade para a decisión final. Inclusión da cláusula de subrogación do persoal en todos os pregos de condicións para contratos de servizos.
- Restabelecemento das autorizacións administrativas para as suspensións de contratos, reducións de xornada, extinción de contratos, modificacións substanciais das condicións de traballo, etc. Definir o carácter vinculante dos informes da representación sindical nestes procesos. Esixir que os Informes da Inspección de Traballo, sexan rigorosos, avaliando das causas xustificativas alegadas pola empresa.

### **Políticas activas**

- Implementación de políticas activas eficaces, o que require cambios no servizo público de emprego para a reactivación e mellora profesional das persoas en paro, eliminando gran parte das subvencións actuais -que representan máis da metade do gasto-, incrementando notabelmente os medios humanos e o gasto dedicado a formación, concretamente á formación das persoas en paro.
- Afondar na complementariedade das políticas activas e pasivas, que deben considerarse vinculadas e como tal transferidas a Galiza, así como aplicar métodos rigorosos de avaliación destas para mellorar o seu deseño e efectos.
- Transferencia da totalidade da formación para o emprego, ocupacional e continua, e negociación dunha porcentaxe de financiamento que corrixa o que sería o retorno bruto de cotas, en función da poboación beneficiaria, a dispersión xeográfica, etc. Establecemento dun sistema público de formación no camiño dunha xestión con centros e medios públicos, no que participen no seu deseño e orientación xeral as organizacións sindicais. Modelo propio de formación, que debe ser implementado sen interferencias nin solapamen-

tos de carácter estatal ou sectorial. Creación do Instituto Galego de Emprego e Formación Profesional que asuma as competencias plenas en materia dos tres subsistemas.

### **Seguridade e saúde laboral**

- Impulso do ISSGA (Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza) e cumprimento efectivo do seu plan de traballo asinado polas organizacións sindicais, a patronal e a administración, no 2006 e que agora está paralizado.
- Elaboración dunha estatística de enfermidades profesionais e establecemento dun mecanismo ou protocolo de información e coordinación entre Sanidade e Traballo para que as enfermidades sexan detectadas e recoñecidas como profesionais.
- Democratización das mutuas cunha participación real das organizacións sindicais e patronais.
- Formar e concienciar aos traballadores e traballadoras sobre os seus dereitos e as medidas necesarias para reducir os riscos laborais e a contaminación ambiental.
- Integración da prevención no sector público, negociando compromisos concretos de actuación.

## **5.- Marco propio de relacións laborais e sociais**

Unha das principais metas do sindicalismo nacionalista foi, desde o seu inicio, a conquista dun Marco Galego de Relacións Laborais, con plenas competencias en materia lexislativa, normativa e de regulación da participación no mundo do traballo en Galiza, como exercicio dun dereito democrático e sobre todo como unha necesidade para poder garantir unhas condicións laborais e salariais dignas para toda a clase traballadora galega.

O marco actual, alén de ser estraño a nosa realidade sociolaboral, móstranos á clase traballadora galega uns indicadores que recorrentemente desvelan o inapropiado da lexislación e do ámbito de decisións políticas que comprometen os dereitos do traballo na Galiza. Calquera referencia comparada a salarios, precariedade, pensións, sinistralidade, emprego e emigración, pon de manifesto a evidencia de factores estruturais que se obxectivan ao abeiro do marco

actual e que polo tanto fan imprescindible a necesaria reversión deste marco de relacións laborais.

Esta reivindicación, nas circunstancias actuais, faise aínda moito máis necesaria. As políticas de desregulación e flexibilización das condicións de traballo; o desmantelamento da negociación colectiva e os intentos de centralización desta, arredándoa do control da clase traballadora; a dependencia das nosas condicións laborais e sociais de políticas económicas promovidas por institucións ao servizo do capital financeiro, como é o caso do FMI, do BCE ou da CE, trae a un primeiro plano a esixencia e a loita por conquistar marcos normativos e de relacións laborais, nos que a clase traballadora galega teña participación, control e capacidade de incidir e decidir sobre as súas condicións laborais e sociais, rachando así con esa estratexia que segue o capital de centralización do poder e de control sobre calquera política económica, social ou laboral.

Nesta estratexia de busca de espazos propios e soberanos, no ámbito das relacións laborais en Galiza, no que o protagonismo o teña a clase traballadora galega, é fundamental a capacidade que nós teñamos de presión e de interlocución cos empresarios e co poder político. Por iso gaña especial importancia a afiliación, os delegados e delegadas sindicais, o mellorar a nosa metodoloxía de traballo e, especialmente, en reforzar a nosa presenza e organización nos centros de traballo.

Todo o exposto no parágrafo anterior gaña especial relevancia se temos en conta que un dos mecanismos que máis contribuían a ir creando ese marco propio de relacións laborais, como é o caso da negociación colectiva, queda enormemente debilitado a raíz da última reforma laboral.

Sen dúbida ningunha, este traballo que **nos** toca facer no campo sindical, cómpre complementalo na procura dun cambio na correlación de forzas nas institucións, a favor do nacionalismo. É de suma importancia que desde o Goberno, o Parlamento galego e demais institucións públicas de Galiza, se colabore co obxectivo de dotármonos dun marco propio de decisión no ámbito das relacións laborais e sociais, con plenas competencias.

Esta reivindicación histórica da autonomía nas relacións laborais en Galiza, parte da nosa vontade e necesidade de autogoberno e vai acompañada da implantación do sindicalismo nacionalista na clase traballadora do noso país, en termos afiliativos, electorais, de alternativas e referenciais por un sector amplo dos traballadores e traballadoras. Fronte a esta posición temos, por unha banda, a uns sindicatos estatais cunha forte concepción española e centralista das relacións laborais e, por outra banda, a un empresariado que, na situación actual do mercado de traballo, o que buscan é aproveitarse das enormes vantaxes que lle dan as sucesivas reformas laborais de flexibilización e liberalización das relacións laborais e de reducir á mínima expresión ás organizacións sindicais, especialmente aquelas que non nos pregamos aos seus intereses. Diante deste panorama, só unha forte implantación do sindicalismo nacionalista ou ben a posibilidade de obter certas vantaxes económicas, podería levar o empresariado a favorecer unhas relacións laborais autónomas dos ditados de Madrid.

A pesar das dificultades con que nos enfrontamos para dotar do máximo contido un Marco Galego de Relacións Laborais, non podemos renunciar a

el, en tanto que é un dos grandes obxectivos do sindicalismo nacionalista. Estas dificultades proveñen da situación política e da actual correlación de forzas, tanto no eido sindical como no político, pero avanzar nesta liña implica dar pasos tácticos nesa dirección, como contribución ao proceso de liberación nacional e social.

Un dos aspectos chave a medio prazo é a reclamación de competencias legislativas plenas para a consecución da plena capacidade normativa. Así pois, cómpre dinamizar e concretar accións que transladen ao conxunto dos traballadores e da sociedade galega a imperiosa necesidade de podermos decidir aqueles aspectos económicos e laborais que nos afectan. Só así será posíbel unha política socio-laboral propia que permita definir o futuro da sociedade galega en clave de xustiza social e solidariedade.

Outro aspecto relevante para a vertebración do Marco Galego de Relacións Laborais é o de dispoñer no noso país de institucións propias vencelladas ao mundo do traballo é á participación social. Neste senso, adquiren especial importancia organismos como un Consello Galego de Relacións Laborais, no que os sindicatos e as organizacións patronais obteñan fórmulas de análise e fiscalización sobre a actividade e o tratamento laboral das empresas, sobre a elaboración normativa laboral da administración galega en materia de autoorganización e de execución da lexislación laboral, sobre a estrutura e contidos da negociación colectiva e encol da resolución autónoma de conflitos, tanto colectivos coma individuais, entre outros aspectos. Así mesmo, un Consello Económico e Social que acade funcións de influencia nas cuestións sociais e económicas e capacidade real de control sobre o deseño e execución das políticas económicas e sociais da Xunta de Galicia. Xa que logo, opoñémonos aos actuais intentos do goberno do Partido Popular na Xunta, de demoucar antidemocraticamente estes dous importantes organismos de participación laboral e social en Galiza.

Polo que respecta á negociación colectiva, un instrumento que, como xa indicamos noutras partes deste texto, é fundamental para dotar de contido ese espazo propio de decisión nas relacións laborais no ámbito galego, e sempre coa referencia estratéxica de que toda a negociación colectiva se desenvolva en Galiza, fixamos os seguintes obxectivos:

- Estender e desenvolver convenios de ámbito galego, que deben pasar a primeiro plano. Isto implica na praxe primar calquera tipo

de negociación neste ámbito sobre o marco estatal, xa que este nos imposibilita unha dinámica propia, mobilizadora e achegada aos traballadores e traballadoras, mantendo o principio de non concorrencia entre convenios colectivos e introducíndose as modificacións legais para a prevalencia dos convenios galegos sobre os estatais, con base no principio de subsidiariedade ou especificidade.

- Manter e potenciar a negociación colectiva sectorial, recuperando a súa capacidade reivindicativa, pois segue a posuír unha dinámica de clase propia e serve de referencia para fixar as condicións laborais de miles de traballadores e traballadoras, no noso país. Ademais, articulala a nivel de Galiza debe ser tamén un obxectivo prioritario.
- Os convenios de empresa poden e deben ser unha referencia no noso traballo sindical como mecanismo de ruptura dos convenios estatais e de achegar a Galiza e aos traballadores/as a negociación. Así mesmo, poden ser unha boa ferramenta para a participación,

organización e mellora das condicións laborais das traballadoras/es afectados.

Para o cumprimento destes obxectivos ímonos a atopar coas dificultades derivadas da recente aprobada Reforma Laboral, de xuño de 2012, na que se dá prioridade aos convenios de empresa e se favorece o seu incumprimento e o descolgue das empresas dos convenios provinciais de sector, cun enorme peso na negociación colectiva e na dinámica sindical no noso país. A isto temos que sumarlle o escaso interese que sindicatos españois e patronal tiveron sempre en reforzar a negociación colectiva no ámbito galego. Con todo, isto debe levarnos a redobrar esforzos para non desandar o andado. A hexemonía electoral no plano sindical cobra un especial interese e, aínda que sabemos que a medio prazo é inalcanzábel, non o é a longo prazo. Aínda que é certo que a recesión económica, a perda de emprego, os ataques do poder ao sindicalismo, son factores que poden afectarnos, non é menos certo que a nosa fortaleza ideolóxica, a nosa independencia económica e os conseguíntes axustes organizativos, poden e deben facilitar a nosa saída vitoriosa desta situación tan complexa.

## 6.- Dereito a decidir. Soberanía política

A nosa condición de nación sen estado propio, dependente economicamente, oprimida culturalmente e asoballada politicamente, fai que necesitemos un movemento forte que conflúa na loita para acadar outro modelo de estado no que a libre decisión do pobo galego avance cara á construción dun estado galego soberano. Somos un pobo colonizado sobre o que actuaron e actúan numerosos prexuízos derivados do sometemento e do dominio secular que atacan a nosa autoestima e retardan a toma de conciencia nacional así como a nosa capacidade como pobo. A nosa emancipación como clase pasa por liberarnos da opresión colonial e por conseguir o poder de decidir sen intermediarios, para gobernar e proxectar o noso presente e o noso futuro, única maneira de manexar e desenvolver as nosas capacidades e potencialidades para producir de maneira sustentábel e poder vivir do noso traballo na propia Terra.

Na actual etapa de globalización faise máis urgente e imprescindible avanzar no camiño de acadar a plena soberanía. A ausencia de capacidade para

decidir e o papel intermediario de burguesía galega fai que as políticas antisociais do modelo neoliberal que desencadearon a actual crise golpeen con máis virulencia países como o galego, cuxas clases traballadoras veñen sufrindo unha sobreexplotación como consecuencia da dependencia que a condenou ao subdesenvolvemento, malia as potencialidades e riqueza coas que conta. A pesar de sermos fornecedores de recursos, materias primas e enerxía, temos desmantelados os nosos sectores estratéxicos, o naval, o agrario e o pesqueiro, e estamos condenados a emigrar, a termos os salarios, rendas e pensións das máis baixas do estado e peor nivel de vida.

O exercicio do dereito de autodeterminación, é dicir, a liberación nacional, ademais de ser un dereito democrático básico que recae no pobo galego, é imprescindible para avanzar na emancipación de clase, para conseguir outras políticas sociais, económicas, fiscais e financeiras ao servizo das clases traballadoras, para poder legislar segundo os nosos intereses e para tronzar a dependencia e

función periférica á que nos ten condenado o centro do sistema, máis agravada e agudizada desde a pertenza á Unión Europea.

O exercicio da soberanía política non é só un dereito democrático colectivo indiscutíbel, senón que é a condición necesaria para desenvolver o país en función das necesidades e dos intereses das clases traballadoras, para mellorar a calidade de vida fronte ás políticas neoliberais que están ao servizo das clases dominantes dos estados centrais e do capital transnacional. A ruptura da subordinación é imprescindible, aínda que pode non ser suficiente, para conseguir un modelo económico e social máis xusto e igualitario. A construción nacional aséntase na defensa dos intereses de Galiza e das súas clases traballadoras. Por iso, o nacionalismo é a antítese do imperialismo. É indispensable sermos donos do noso destino para que poidamos dotarnos dun modelo produtivo alternativo ao actual que faga rexurdir os nosos sectores estratéxicos, a explotación e a transformación sostíbel dos recursos naturais, completando os ciclos produtivos, que rescate as empresas públicas privatizadas, nacionalice diferentes sectores transcendentais para o noso futuro e nos dote dunha banca pública galega e un sistema

fiscal propio. Só coa ruptura da dependencia e unha economía ao servizo dos galegos e galegas podemos pensar nunha Galiza desenvolvida.

A nosa base produtiva aniquilouse e a riqueza concentrouse cada vez máis. Sen poder de decisión e de lexislación non hai capacidade política para emprender as medidas necesarias para afianzar a nosa economía en función dos nosos intereses, capacidades e potencialidades en contraposición ás directrices marcadas polo capital oligárquico. Precisamos capacidade política para lexislar a prol da nosa cultura, da normalización lingüística, para controlar e investir o excedente económico no país e garantir o marco galego de negociación colectiva.

Son as clases traballadoras as obxectivamente interesadas en confluír con sectores populares na loita pola soberanía. O dereito a decidir significa poder ter unha estrutura económica autocentrada, supón facer fronte á situación de marxinalidade e romper co destino que nos teñen asignado, que comportou, entre outras consecuencias, empobrecemento, unha renda per capita das máis baixas do Estado, perda e avellentamento da poboación, baixos salarios, maior desemprego, baixo tecido industrial e subordinación total.

# A nosa acción sindical

---

## 1.- Negociación Colectiva

As distintas reformas laborais desenvolvidas nestes dous anos, primeiro polo PSOE e logo polo PP, modifican radicalmente o dereito á negociación colectiva. A última reforma do Partido Popular resulta demoledora concedendo ás empresas todo o privilexio de poder nas relacións de traballo. Esta reforma foi minuciosamente elaborada para provocar a maior indefensión posíbel na clase traballadora.

Até o de agora a negociación colectiva estaba sustentada maioritariamente no Estado polo modelo de sindicalismo de pacto social representado por CCOO e UGT, que ao longo destes 30 últimos anos permitiu ás empresas una maior expropiación no valor do traballo, maior empobrecemento. O pacto social provocou unhas condicións laborais presas da precariedade, baixos salarios e elevadas xornadas de traballo; variábeis compartidas con Portugal, Italia, Grecia e Irlanda e que están causando una crise máis aguda e depresiva da economía capitalista nestes Estados.

Con todo, o modelo de pacto social deixou de ser útil para o sistema, e coa caída do modelo caen os seus promotores. O diálogo social rematou como xa prognosticou a CIG no ano 2011; a partir de aquí a reforma laboral pretende un marco de retroceso cualitativo e acelerado dos dereitos no traballo no menor tempo posíbel. Aproveitándose da situación

económica e coa coartada da crise, a reforma legaliza o despedimento máis libre e máis barato, a baixada dos salarios, a modificación e incremento da xornada laboral e maior precariedade na contratación; todo para permitir una expropiación máis elevada do valor traballo (maior sobreexplotación, maior transferencia de rendas do traballo a rendas do capital). Este é o obxectivo.

A maiores, outra consecuencia do modelo de pacto ou diálogo social foi a “domesticación da clase traballadora”. Distintas xeracións foron vítimas deste modelo pacificador do conflito de clases, polo que numerosos teóricos do sistema afirmaban que xa non existía loita de clases. Este modelo sindical provocou unha desafección e desconfianza importante da clase traballadora cara aos sindicatos, alimentado tamén por ese tópico transmitido desde o poder, e nunha confusión interesada, de que todos son iguais. O modelo de pacto social estaba soporado por un sindicalismo vertical, decidido e dirixido polas cúpulas destas organización, non permitindo o modelo de participación da clase traballadora e o asemblearismo. Así, reproducíronse sen interrupción os doce últimos acordos de Estado para a negociación colectiva, no que a clase traballadora perdeu una importante capacidade adquisitiva nos salarios.

### O caso galego

De maneira distinta, no noso país e coa nosa participación, os resultados da negociación colectiva naqueles convenios nos que temos una representación cualitativa, producíronse dun xeito completamente diferente. No ano 2010 xa en plena crise tivemos nove folgas de sector en convenios provinciais, saltando os topes salariais acordados en Madrid por estes sindicatos. Como cada ano e desde hai dez anos, a resposta de folgas e porcentaxes de incremento salarial tanto en Galiza como en Euscadi, foi maior que no resto do Estado. Isto débese á diferenza dos modelos do sindicalismo nacionalista.

Na actualidade a resposta que debemos dar ante esta reforma laboral, debe dar prioridade a manter os ámbitos de negociación que temos, fundamentalmente os convenios provinciais xa que son a principal fortaleza do noso modelo sindical e o lugar de resistencia no que acumulamos forzas. A reforma pretende a ruptura dos convenios provinciais a través dos convenios de empresa. A posibilidade de pactar na empresa condicións inferiores ao convenio provincial é o detonante para lograr unha estratificación nas condicións de traballo que sempre ambicionou o sistema. Porén, a curto



prazo non sucederá unha explosión de convenios de empresa, porque a paralización na negociación dos convenios por efectos da crise, a escasa conflictividade do momento e os resultados limitados nos acordos pactados até o de agora, concede un tempo de espera, que ademais indica que resulta máis eficaz e dilixente (máis rápido) descolgarse do convenio que promover o propio convenio.

Temos que resistir a este momento e evitar a ruptura do marco que temos na actualidade. O mellor antídoto a esta reforma ante a eventual degradación dos convenios, será a aposta polos convenios galegos que tecnicamente poderán limitar a eficacia dos convenios de empresa. Indiscutibelmente para dar forma e potencia a esta alternativa teremos que contar coa complicidade de UGT e CCOO. Dificilmente poderemos avanzar neste ámbito en solitario, porque necesitaremos abrir unha fronte que comprometa varios convenios ao mesmo tempo e cunha resposta de forza sincronizada, xa que a patronal non estará disposta a aceptar voluntaria e pacificamente este cambio. Contrariamente a propia ameaza dos convenios de Estado promovidos polo sindicalismo español, representa outro modo de parálise e ruptura dos nosos ámbitos de dominio no que facemos sindicalismo de participación. Non é posíbel facer sindicalismo participativo en convenios nos que a patronal do Estado e o sindicalismo españolista secuestran a vontade e decisión da clase traballadora. Sobran exemplos recentes do retroceso en convenios asinados neste ámbito.

A reforma ataca de xeito sobresaliente o noso modelo de clase, e obríganos a meditar sobre unha reformulación do noso modelo organizativo, fundamentalmente para contestar proporcionadamente a unha ruptura incontestábel no mundo do traballo. Os niveis de dereitos, protección dentro das empresas e os salarios, experimentarán unha degradación continuada e acelerada; crearanse dous mundos polarizados en dereitos. As grandes e medianas empresas resistirán en mellores condicións, mentres as pequenas cumprirán o papel de subcontratación e significadamente perfeccionarán o sistema de terceirización. En grandes liñas, a reforma aposta por un sistema produtivo moi similar ao americano.

Con este panorama e con evidencias dun retroceso temporal na construción do Marco Galego de Relacións laborais, debemos ter en conta que en gran medida a resistencia a este proceso, de xeito singular, só pode darse cun modelo sindical como

o noso. A atención ás pequenas empresas vai demandar dun esforzo que non se achega soamente con vontade; necesitaremos crear estrutura para estarmos presentes e activos na resposta sindical. Coa nosa organización actual teremos limitacións para cubrir a multiplicación de actividade no ámbito das pequenas empresas, debendo poñer en práctica un método de traballo que implique a cobertura sistemática e de presenza neste ámbito. A nosa actividade deberá comprometer un traballo máis sindical que de servizos, por tanto a organización deberá estar pensada e construída con esta vocación. Temos que impedir a proliferación de convenios de pequenas empresas, a cada cal peor nas condicións pactadas. Imaxinemos empresas do mesmo sector competindo entre elas e reducindo os seus custos de fabricación ou de prestación de servizos, por medio das condicións de traballo. O caso das empresas que traballan en servizos privatizados de Administracións públicas pode darnos unha idea.

Nos salarios temos que manter a capacidade adquisitiva relacionada co IPC e a revisión salarial, con independencia de que o propio cálculo deste indicador e a posíbel reforma á que quede sometido por este Goberno causará unha alteración maior no valor real da inflación; pero con todo é a única referencia proporcionada e científica. Para nós será sempre importante para a estimación real da capacidade adquisitiva dos salarios, fixar unha cantidade neta de incremento, tal e como viñemos facendo nestes últimos anos.

Na xornada laboral a reforma ataca todo principio de ordenación da xornada de xeito regulado. A flexibilidade que establece do 10%, conxuntamente coa precariedade na contratación, fará que moitos traballadores e traballadoras eventuais, acumulen sobreexceso de horas en períodos temporais da duración do contrato, que posteriormente non serán liquidados nin compensados cando remate o contrato. Se queren seguir renovando esta será a chantaxe habitual. Por tanto se non podemos evitar a flexibilidade da xornada debemos regulala en todos os aspectos, evitando o traslado a fins de semana ou festivos.

Os descolgues están a ser a primeira medida recorrente por parte das empresas para non aplicar as condicións pactadas en convenio. Mentres non se modifique a situación económica este será o dispositivo máis utilizado para reducir salarios e modificar as xornadas de traballo. Debemos distinguir cando son

inevitábeis as causas para o descolgue e se a situación económica da empresa é irreversible inclusive con esta medida, xa que afectaría a indemnizacións e desemprego. Nos descolgues temos que fixar prazos de recuperación do convenio. Do mesmo xeito debemos remitir aos convenios de sector as competencias de resolución sobre este tema.

No referente aos convenios de empresa temos que saber que calquera cláusula convencional que atente contra o disposto pode ser inválida e imposibilitar o rexistro do convenio. Pero aínda así poderíanse pactar cláusulas nos convenios sectoriais ou galegos que fixen determinados compromisos. Todas estas propostas están recollidas no documento confederal de negociación colectiva.

A permanencia do convenio, ao limitarse a un ano a ultraactividade, é outra das fronteiras que como novidade traumática impón a reforma. Entendemos que para a patronal de sector organizada nestes trinta anos funcionalmente para o ámbito sectorial, non parece prudente deixar caer un convenio e

perder a influencia e potestade que lle confire a negociación e administración destes convenios. É un espazo de poder para o que crearon unha estrutura moi consolidada e non parece intelixente perdela, máxime cando neste intre todo lles é favorábel para forzar negociacións á baixa. Contrariamente nun período de maior actividade e recuperación económica, pode ser unha fronte permanente de conflitos ao negociar contrarreloxo. Determinados convenios destacados e con organización sindical serán os que manteñan unha resposta máis dura, e neste ámbito a CIG deberá ter a maioría sindical para dirixilos. A ameaza real de desaparición será para os convenios menos estruturados e precarios sen tradición de loita.

Temos que incluír artigos que fixen a ultraactividade mais alá do convenio, como podería ser: este Convenio manterá a súa vixencia mentres non sexa substituído por outro; ou establecer unha proposta de adhesión individual para salvagardar as condicións pactadas.

## **2.- A nosa loita contra o poder establecido e por un cambio no sistema**

A CIG é una organización da Clase Traballadora galega, que interpreta a loita de clases como un conflito permanente e fundamentada nos principios de solidariedade que mobiliza ó mundo do traballo; fundamentada nos principios solidarios que mobilizan o mundo do traballo, como contrapoder ao sistema capitalista e cun pronunciamento radical de transcender ao sistema. Nacionalista na práctica e no discurso como proxecto que enfronta as estruturas, ideoloxía e modelo do capital. Non é posíbel construír unha sociedade xusta, igualitaria, solidaria, na que sobreviva a nosa cultura, o noso idioma, o noso tecido produtivo, a nosa base alimentaria, o noso medio natural, o noso espazo e a nosa identidade como tal se non somos nacionalistas. Isto parece hoxe máis evidente e transparente que nunca. Nunca até o de agora se proclamou con tanto descaro nas alturas do poder, na centralidade do capital con dominio en Centroeuropa, que os estados e as nacións sen estado, como Galiza, deben estar sometidas á disciplina, aos requirimentos e urxencias do gran Capital. A nosa soberanía está incautada, administrada, some-

tida e transferida polo estado español ás estruturas de poder da UE, para que estas a súa vez organicen unha Europa superlativa do capital financeiro, no que as poboacións, as civilizacións e as persoas sexan instrumentais a este modelo.

As formas deste capitalismo non son novas e recréanse nos mesmos mecanismos de expansión aplicados a principios do século pasado. Agora este liberalismo contemporáneo fracasará novamente, mais a súa agonía provocará maior dano e destrución. Será enormemente difícil reconstruír un mundo esgotado nas súas potencialidades, nos seus recursos naturais, enerxéticos e alimentarios; cunha maior densidade poboacional e un planeta en estado de catarse ambiental. Esta é actualidade do capitalismo.

Enfrontámonos a un sistema depredador dos nosos dereitos como pobo e como clase. Agora podemos ver e sufrir preto de nós as consecuencias das políticas do capitalismo. Agora si, sentímonos inquietos e inquietas, asistindo a un descenso vertixinoso na nosa seguridade vital e social, vendo a

miseria, a desprotección e marxinalidade naqueles/as que están próximos a nos. A ameaza é real e xa non somos unicamente espectadores/as da pobreza tanxencial que causa o sistema; somos tamén potencialmente as súas vítimas. A aplicación das medidas máis devastadoras e brutais, por exemplo non cubrindo fármacos ou tratamentos que afectan ao propio dereito á vida, o que deixa en evidencia a onde queren chegar se non atopan resistencia.

Este sistema logra sobrevivir devastando a natureza, sacrificando a millóns de persoas en guerras mundiais e locais condenando ás tres quintas partes da humanidade a vivir na extrema pobreza, a morte por inanición cada ano a millóns de persoas xusto no momento histórico de maior capacidade produtiva e tecnolóxica. Logrou extinguir culturas, linguas,

hábitats, especies e aínda así goza da adhesión inquebrantábel da inmensa maioría social, mesmo da clase traballadora e sobre todo daqueles e aquelas que defendían até hai pouco o final da loita de clases. O capitalismo logra este apoio, porque é capaz hoxe de subordinar o pensamento, a intelixencia, a creatividade, a vontade, a iniciativa, a solidariedade e todo o mellor das persoas a todo o que é funcional e propio da inercia do sistema. Resulta que a pesar da historia destrutiva do capitalismo, da barbarie e sufrimento que causa, a pesar de todo isto, as respostas, as alternativas da sociedade a este momento tan dramático para a humanidade, seguen a ser máis capitalismo pero nunha versión máis humana. Isto xa non é posíbel. Por isto temos que superar este sistema.

### **3.- Consecuencias no campo organizativo, institucional e ideolóxico**

A CIG é unha organización con capacidade potencial de creación ideolóxica de clase na nosa nación. Para alén do necesario fortalecemento das súas estruturas e da aposta pola unificación das federacións, con resistencia e retardación por parte destas, necesitamos involucrar na proxección do noso traballo a todo o numeroso corpo de cadros sindicais que colaboran habitualmente na central sindical, no que estarían integrados a maioría dos liberados e liberadas e delegados e delegadas que participan no traballo sindical e na formación interna. Temos a maior de todas as vantaxes xa que dispoñemos de lugares e oportunidades para trasladar a nosa mensaxe e crear opinión. Cada centro de traballo é un lugar no que temos audiencia e posibilidades do traballo ideolóxico, comunicando a vixencia da loita de clases. No ano 2010 enfrontamos 9 folgas en sectores de ámbito provincial e nacional coa instrución de politizar a nosa mensaxe, sendo didácticos nas razóns e nas causas dos conflitos, na repartición da riqueza e na inxustiza que representa este sistema, sen complexos, explicitamente, transcendendo do puramente reivindicativo. No ano 2012 iniciamos por vez primeira unha ruptura no noso método de comunicación, conscientes da inferioridade e das dificultades que temos para sobrepoñer o noso discurso, a nosa opinión e a nosa

interpretación, a todos os medios descomunais de información cos que conta o sistema. Por primeira vez fixemos asembleas públicas en prazas de distintos concellos e a experiencia indícanos que debemos teimar e mellorar neste método, e que ademais non debe ser nin ocasional nin puntual por razóns dunha convocatoria de folga ou eleccións políticas. Fagamos disto unha práctica regular.

Temos espazos vitais para a comunicación, o coñecemento, a empatía, a socialización das persoas que teñen unha dinámica propia. Por outro lado, temos os centros de traballo, as escolas, as universidades e os lugares de actividade social son potencialmente construtivos dunha resposta comprometida que se sobrepoña á barbarie. Trallemos conxuntamente de xeito horizontal con aqueloutras organizacións de carácter social, críticas no seu espazo co sistema. Ao mesmo tempo, cos partidos da clase traballadora nacionalistas autoorganizados na Terra, influíndo na súa política de masas, provocando a audiencia e defensa necesaria das nosas reclamacións no campo institucional e de mobilizacións. Politicemos pacientemente a clase traballadora e a súa resposta será a que debilitará este modelo e este sistema. Como dicía Castela, petemos na alma do pobo até conseguirmos un estado de ánimo revolucionario.

## 4.- A loita contra o desemprego

O alargamento da crise xeral do sistema capitalista na que nos atopamos coloca, cada vez máis e cada vez máis rápido, amplos sectores da clase obreira e do pobo traballador galego nunha situación de auténtica emerxencia social: familias enteiras sen traballo, empurrados á emigración, sen ingresos, expulsados das vivendas, cortes de subministración de luz, gas, auga ou teléfono, etc.

Cada día que pasa multiplícanse os dramas arredor de nós: compañeiras e compañeiros de traballo, veciñas e veciños, vense empurrados sen misericordia ao pozo da exclusión social e da desesperación persoal. Na maioría dos casos, estas situacións vívense no illamento, no silencio, sumándose a vergoña aos prexuízos do empobrecemento.

A emigración, o desemprego masivo e a exclusión social de amplas capas traballadoras son funcionais aos intereses do gran capital, neste nova fase de concentración, que no caso de Galiza se manifesta a través dunha recentralización do Estado e dun esmagamento dos nosos sectores estratéxicos e produtivos básicos.

Crear un inmenso “exército de reserva” de man de obra, no caso da mocidade galega especialmente cualificada, cunha forza de traballo fragmentada, illada, individualizada, empobrecida e desesperada por poder traballar a calquera prezo, fóra de Galiza, en calquera condición, colocando a clase obreira galega de xeonllos, en condición de aceptar salarios que nos achegarían ás medias da China ou Bangladesh.

En Galiza imos camiño de ser unha das moitas “zonas francas” que existen espalladas polo mundo, como representación de reservas transnacionalizadas sometidos a unha explotación laboral propia dos comezos do capitalismo.

Esta realidade supón novos e grandísimos desafíos para unha organización de clase e nacionalista como a CIG. Por unha banda, na reafirmación do dereito a producir dos nosos sectores estratéxicos, da industrialización, etc., para termos un emprego digno na nosa Terra. Por outra banda, especial desafío significa esta situación polo que nos obriga de reforzar a solidariedade de clase, combatendo a ideoloxización que desde o capital, o Estado e da Igrexa Católica fan, coas redes de caridade e beneficencia que hoxe existen, buscando unha maior resignación e sometemento dos sectores das clases populares máis damnificados pola crise.

A clase obreira dotouse nun longo proceso histórico das ferramentas sindicais para rachar a forza e o poder do patrón, forxando a unidade da clase por medio da solidariedade entre iguais, do apoio mutuo, da acción colectiva, da reciprocidade nos sacrificios e na loita.

En cada momento da historia, as condicións materiais e sociais da clase traballadora condicionan o tipo de tarefas que unha organización sindical nacionalista e de clase como a CIG ten que situar como prioridade erguer a bandeira da solidariedade. Novos problemas implican novas solucións. Novos desafíos implican novas iniciativas.

É a nosa vontade dar resposta neste novo escenario e loitar por organizar para a acción sindical as persoas desempregadas, con iniciativas a reincidir como a Marcha galega polo Emprego, articulando novas actuacións coas loitas sindicais nas empresas e sectores (contra os recortes, na defensa do emprego digno, pola negociación colectiva, etc.) ten que quedar de manifesto xerando e auspiciando novas fronteas e novas formas de traballo sindical, polo que debemos de seguir promovendo e dinamizando, como levamos xa desde hai un ano, as Asembleas de Desempregad@s da CIG e dar apoio confederal á súa organización e actividades. Ademais, cómpre termos moi presente que a loita contra o desemprego tamén é unha loita contra o emprego precario, contra a subcontratación, contra o pluriemprego, contra as horas extras e o emprego informal.

Desde a CIG e desde as iniciativas da Asemblea de Desempregados/as debemos crear instrumentos que sirvan para as desempregadas e desempregados actuaren como colectivo. Instrumentos para confrontar colectivamente e con acción militante o dereito a traballar e vivir no propio país, os problemas de alimentación, de vivenda, de corte de servizos vitais como luz, auga, gas, comunicacións e transporte. Cada problema particular debe ser abordado con respostas colectivas con base nos principios de: solidariedade, axuda mutua, equidade e reciprocidade e unidade da clase traballadora.

Conforme a eses principios, desde a CIG puxemos a andar o Plan de Axuda Alimentaria Solidario da CIG, as nosas primeiras iniciativas de solidariedade alimentaria, nutridas polas achegas voluntarias da nosa afiliación e do conxunto da clase traballadora galega. Ligalas coas Asembleas de

Desempregad@s da CIG, contribuirá ao seu traballo de organización colectiva e de mobilización.

Nos próximos anos temos que insistir na loita pola creación de emprego, por un posto de traballo digno na nosa Terra, polo dereito a traballar e vivir no propio país, polo dereito a un salario de inserción social, como xeito de integración e contrario á exclusión social.

Debemos ter actuacións decididas na loita contra os desafuzamentos e a participación noutras inicia-

tivas de carácter solidario e social como a creación de redes de produción e comercialización locais de produtos alimentarios agro-gandeiros, como unha posibilidade de subsistencia mediante a explotación de terras “paradas” de titularidade pública ou cedida.

Así mesmo, promover a creación de bancos de libros de texto, que permitan o acceso á afiliación da CIG ao aproveitamento dos libros e material escolar, etc.

## 5.- A CIG parte do movemento de liberación nacional galego

A CIG forma parte, conxuntamente con outras organizacións dos diferentes ámbitos de actuación social, cultural e política, do movemento nacionalista galego que acredita en que Galiza é unha nación e, en consecuencia, lle asiste o dereito a decidir e a exercer o dereito á autodeterminación, é dicir, un estado propio para acadar a plena soberanía política. Moitos dos principios programáticos da CIG son comúns a todo o nacionalismo: a autoorganización como conciencia e vontade do pobo galego a organizarse para actuar e decidir mediante organizacións propias; o dereito á autodeterminación, a defensa e normalización da nosa cultura e da nosa lingua. O dereito a gobernarnos e a soberanía plena son principios nos que se alicerzan todas e cada unha das organizacións nacionalistas galegas.

A nosa total independencia de actuación de decisión en todas as fronteiras, o noso programa e a nosa propia perspectiva das cousas non significa non compartir moitos dos principios programáticos e obxectivos das diferentes organizacións nacionalistas. Foron valiosas e múltiples as achegas, políticas, sociais e culturais, que o nacionalismo actuante proporcionou e seguirá proporcionando ao sindicalismo nacionalista. Retroalimentámonos mutuamente. Os vasos comunicantes no ideolóxico e político deben ser continuos por termos en común a loita pola liberación nacional e social de Galiza. O fortalecemento do nacionalismo no seu conxunto reverte positivamente no proxecto da CIG. Por iso o obxectivo debe ser revitalizar a unidade de acción e mobilización porque, baixo o respecto mutuo, a relación en pé de igualdade e a total independencia, necesitamos xuntar todas as forzas para tronzar a dependencia de Galiza, sen

a cal a transformación social e a emancipación da clase traballadora é imposible.

Os principais adversarios do noso proxecto de clase continúan, sen dúbida, no campo ideolóxico do españolismo, pois aínda que se sitúen formalmente na esquerda contribúen a afortalar a nosa marxinalidade e a nosa opresión como pobo. Os seus centros de decisión e interese son alleos a Galiza. Nunca as forzas alleas contribuíron ou promoveron a liberación nacional de ningún país sometido. Non é posible a transformación social en Galiza sen a emancipación da nosa nación e esta será a realidade cando rompamos co dominio colonial que nos ten oprimidos desde hai máis de 500 anos e que provocou o noso subdesenvolvemento e a dependencia total que dificulta a toma de conciencia nacional e autoestima, chegando a xerar menosprezo polo propio.

Hoxe a espoñalización máis exacerbada é a marca do goberno do PP, auxiliado por outras forzas españolas, mais nunca estivo tan en tea de xuízo a estrutura unitaria do Estado español. O nacionalismo galego ten que reaccionar e buscar espazos comúns de actuación para reforzar a conciencia nacional, amosar a inutilidade do actual Estatuto e a opresión da Constitución para cos dereitos políticos de Galiza, para avanzar no dereito a decidir e para afrontar unha saída galega á crise en beneficio da maioría social. A CIG ten que ser un axente activo ante a nova conxuntura para superar o actual marco estatutario e constitucional e ir creando conciencia nacional para termos un goberno con plenas competencias en materia educativa, económica, fiscal e laboral -inviábel no actual marco autonómico- no camiño de poder exercer o dereito á autodeterminación para acadar definitivamente a plena soberanía nacional.

## 6.- A criminalización do sindicalismo combativo

A lóxica do propio sistema capitalista implica violencia en cada unha das súas relacións. A violencia que exerce unha clase contra outra para despoxala dos froitos de seu traballo. Dada a dificultade de concentrar e centralizar unha cantidade cada vez maior de riqueza o sistema radicalizou esa violencia nas últimas décadas, tanto contra as persoas como contra as organizacións que defendemos un cambio de sistema.

O sistema capitalista non tolera a oposición a súa estratexia e desde o primeiro momento en que a clase traballadora comezou a organizarse e loitar contra a súa explotación o seu obxectivo foi eliminar esa resistencia. Nun primeiro momento a clase dominante instrumentalizou os parlamentos onde unicamente eles estaban representados para legislar contra as organizacións sindicais e as traballadoras e traballadores organizados, os seus tribunais aplicaban eficientemente a súa lexislación criminal e a policía era a encargada da represión física directa. O obxectivo era ben claro, eliminar a resistencia mediante o medo e a represión.

No capitalismo o Estado actúa como un elemento lexitimador da propia estratexia do capital e emprega todo o seu aparato represor (lexislación, sistema xudicial, forzas represoras) ao servizo do sistema. Nos últimos anos vén aumentando exponencialmente a represión e violencia do sistema contra o sindicalismo combativo, que en realidade é o único sindicalismo merecedor de tal nome.

Isto sucede pola propia radicalización do sistema e tamén porque a resistencia é cada vez menor. Coa derrota da socialdemocracia, tanto política como sindical, o capitalismo ten agora menos inimigos a quen apuntar. O sindicalismo maioritario do Estado caeu na trampa do sistema e cambiaron a confrontación polas mesas de diálogo, renunciaron a loitar por outro sistema económico para limitarse xestionar as miserias deste. Pensaron que no capitalismo podemos vivir mellor e deste xeito contribuíron ao avance do pensamento único. Despois da derrota ideolóxica do sindicalismo españolista todo o aparato represor do sistema se centra no sindicalismo combativo, un dos poucos inimigos a derrotar.

O obxectivo é criminalizar e deslexitimar ante a sociedade a este movemento de combate e resistencia para que nada poida interpoñerse no camiño

do capitalismo. O primeiro paso consiste, como sempre, nunha campaña de intoxicación da opinión pública, onde os seus poderosos medios de propaganda describen os sindicatos como organizacións obsoletas e anacrónicas que carecen de utilidade nesta modernidade. Ocultan a historia e cambian a análise científica pola máxima da publicidade nazi, unha mentira repetida mil veces acaba sendo verdade. Unha vez que os seus medios de propaganda difunden as súas consignas poñen en práctica o seguinte paso, a represión e criminalización.

Esta criminalización e represión exerceuse ben de forma directa, mediante a represión física, ben de forma indirecta, mediante a represión xudicial. A represión física, por ser máis visíbel, xera complicidades e solidariedade coas vítimas polo que o sistema (sen renunciar á represión física) está recruando a represión xudicial.

O Código Penal e a súa segura reforma así como o aparato xudicial, son un instrumento máis ao servizo da clase dominante e son e serán empregados como ferramentas de castigo contra aqueles comportamentos que cuestionan a supremacía da clase capitalista e defenden os intereses da clase traballadora. Cómpre termos presente esta análise para comprender a impiedade absoluta dos ricos e a constante criminalización da clase traballadora.

O obxectivo é ben simple, instalar o medo no subconsciente de cada persoa para paralizala e sometela. O medo é a ferramenta de dominación máis potente que existe, a peor enfermidade do século XXI. Medo de te presentar nunha lista electoral na túa empresa, medo de ir á manifestación, medo de participar nun piquete, medo de facer folga, medo de non facer horas extra, medo de estar nun sindicato, medo de ir a unha asemblea... Ante toda esta confusión a xente opta pola inacción e polo desprezo máis absoluto ás condicións de vida e traballo de quen os rodea. Ese é o obxectivo do sistema, fabricar persoas atemorizadas que consuman as súas vidas en silencio.

A criminalización dos sindicatos forma parte desa estratexia especialmente por se configurar como un dos poucos focos de resistencia e combate das políticas do capital, no práctico e no ideolóxico

Somos criminalizados e criminalizadas porque molestamos, na nosa análise e na nosa práctica.

## A nosa resposta

- Campaña de lexitimación do sindicato como ferramenta de transformación. Insistir en que absolutamente todos os dereitos que hoxe temos, desde os máis básicos (idade mínima para traballar, regulación da xornada, dereito a voto...) até os máis recentes son o resultado da loita de traballadoras e traballadores organizados en sindicatos.
- Facer campañas de formación específicas para a mocidade mesmo nos ámbitos do ensino, procurando un maior respaldo social na loita contra a campaña de criminalización do sindicalismo e a xudicialización da acción sindical.
- Impulsar unha resposta conxunta con outras organizacións do Estado, nomeadamente as organizacións do nacionalismo e aquelas declaradamente de clase.

## 7.- A CIG como referente sindical da mocidade galega

A mocidade galega está a padecer as consecuencias dos recortes no ensino público, que supoñen a masificación das aulas, a falta de profesorado, a falta de especialistas, o incremento das taxas universitarias e mesmo o endurecemento dos requisitos para acceder a unha bolsa de estudos. Toda unha serie de medidas para afastar as clases populares do ensino, creando un sistema elitista e clasista que desterrará a igualdade de oportunidades e aproveitará para españolizar o ensino en Galiza.

Mentres, a xeración mellor formada de Galiza, atópase cunha realidade laboral que non lle permite tan sequera acadar a independencia económica, o cal obriga as mozas e os mozos a viviren coa familia até a madurez, cando menos, ou ben optar por emigrar, subtraéndolle ao país unha parte importante da poboación, imprescindible para o desenvolvemento futuro de Galiza, sen esquecermos a dilapidación de diñeiro público que isto supón.

Esta non é unha situación nova. A mocidade sempre foi a máis prexudicada laboralmente nos últimos anos: altas taxas de paro, baixos salarios ou contratos de escasa duración. Fronte a isto, fíxose un uso fraudulento das bolsas para encubrir postos de traballo, tanto no sector privado como na administración, ou reformáronse unha e outra vez a modalidade de contratos para a formación e a aprendizaxe cos cales se ven atrapados e atrapadas até os 30 anos coma se fosen aprendices eternos.

Esta foto da poboación da xente máis nova contradí, así mesmo, outra receita económica para saír da crise: a necesidade de axilizar ou precarizar aínda máis o mercado de traballo, xa que é precisamente a xente nova a que posúe os salarios máis baixos,

os contratos máis flexíbeis é a que máis perdeu emprego.

Un dos retos que temos que afrontar no noso traballo sindical debe ser o de constituírmonos como referente sindical para a mocidade traballadora, incrementando a participación das mozas e mozos como delegadas e delegados sindicais, e ao tempo, fomentando a súa participación, dinamizando accións reivindicativas que promovan a mellora das condicións de traballo e de vida da mocidade galega e que conduzan á eliminación das discriminacións existentes.

A CIG debe seguir afondando na incorporación da análise das condicións de traballo e das discriminacións que afectan á mocidade traballadora, nunha realidade que asuman todas as persoas que forman parte da central sindical e que alcance a todas as estruturas da organización.

E ao mesmo tempo, actuar socialmente, de xeito que se identifique á CIG cunha organización transformadora que esixe rachar co neoliberalismo e avanzar cara a unha nova organización económica e social xusta, equitativa e libre de explotación que poña fin entre outros ao drama da emigración xuvenil, artellando unha resposta contundente e reivindicando un cambio de modelo económico e social para que a mocidade teña futuro.

### RESOLUCIÓNS:

1. *Achegarnos á problemática específica que ten a mocidade traballadora a través da negociación colectiva, evitando o uso fraudulento de bolsas para encubrir postos de traballo, o abuso na temporalidade, os baixos salarios e as dobres escalas salariais, e calquera outro tipo de con-*

*dicións abusivas ou discriminatorias por razóns de idade, e establecendo medidas de acción positiva dirixidas á ordenación do tempo de traballo e a compatibilidade deste cos estudos, ou á promoción profesional da mocidade traballadora.*

2. *Incluír desde unha perspectiva transversal a cuestión da mocidade en todas e cada unha das plataformas da negociación, camiñando cara a unha maior integración e participación das mozas e dos mozos na elaboración das propostas e nas propias mesas de negociación.*
3. *Poñer en marcha medidas tendentes á valoración dos estudos de formación profesional, así como afondar na orientación profesional da mocidade de cara a intentar facilitar a inserción laboral. Denunciar a perda económica e social que supón a emigración da mocidade galega, xa que*

*en moitos casos se corresponde con titulados e tituladas superiores ou profesionais cualificados, que buscan acceder a un mercado de mellores soldos e máis altas expectativas laborais.*

4. *Afondar na relación da CIG con outras organizacións estudiantís nacionalistas e con colectivos formados por mozas e mozos que actúen en Galiza para facer fronte ao ataque nos dereitos da mocidade.*
5. *Visualizar a CIG como o referente sindical das mozas e mozos traballadores, capaz de artellar respostas ás políticas postas en marcha polos distintos gobernos, a través da denuncia das discriminacións e da reivindicación de políticas de inserción laboral, de acceso á vivenda, dirixidas á mocidade, que poñan freo á emigración da poboación moza.*

## **8.- A CIG como organización vertebradora de propostas en materia de acción feminista**

A omnipresente crise económica está a favorecer, tamén, un incremento das desigualdades existentes entre homes e mulleres. As solucións que os distintos gobernos están a pór en marcha, reducindo salarios, facilitando o despedimento nas empresas e recortando prestacións sociais e laborais, afectan ás mulleres de xeito singular. No ámbito laboral está a medrar a presión exercida sobre as mulleres que pretenden compatibilizar as súas responsabilidades familiares co seu posto de traballo e tamén sobre as traballadoras embarazadas. Denéganse permisos recoñecidos na lexislación e sométese ás traballadoras a verdadeiras situacións de acoso para que non reduzan ou flexibilicen a súa xornada. E aquelas que pretenden acceder ao mercado de traballo teñen que se enfrontar ademais con discriminacións por estar en idade fértil ou por ter cargas familiares.

Sendo a metade da poboación, as mulleres constitúen menos da metade da poboación activa e, aínda así, case a metade da poboación en paro. Suman menos da metade das persoas que traballan a tempo completo e das persoas beneficiarias dalgún tipo de prestación contributiva. Cando a perciben, fano durante menos tempo e en menor contía. Son maioría no traballo a tempo parcial e maioría na

proporción de persoas inactivas que non perciben pensión ningunha. A isto hai que engadir os períodos de inactividade relacionados coa maternidade e o coidado de dependentes e unha maior presenza na economía somerxida, coa ausencia de dereitos laborais e sociais que isto implica.

Por riba, a política de recortes da Xunta de Galicia e do Estado español afianzou esta situación de desvantaxe. Primeiro, porque as políticas de recorte do gasto público, que se están a traducir en recortes de servizos públicos e prestacións sociais, están xa a provocar que sexan as mulleres as que suplan eses servizos mediante o seu traballo invisíbel e non remunerado no ámbito do fogar, e tamén pola diminución dos fondos destinados ás prestacións básicas de servizos sociais nos concellos, reducindo os programas de igualdade, de promoción de emprego e de protección e promoción da muller. Durante estes anos non só non se apostou por intentar saír da situación económica na que nos atopamos, senón que se empregou a situación de crise para xustificar políticas que noutra situación o Partido Popular non se atrevería a implantar.

Leis como a de violencia de xénero ou a de igualdade, que supuxeron inicialmente un avance, ficaron



no esquecemento ao comezar a aplicarse as medidas de recorte de gasto público, as reforma laborais ou reforma das pensións. Pero o verdadeiramente grave foi o recrutamento da dereitización das políticas do Partido Popular, que comezou a súa lexislatura co financiamento con cartos públicos de entidades ligadas á extrema dereita antiabortista, entidades abertamente confesionais e católicas no marco dunha lei – a de familia- que cousificou a muller e que pretende devolvela ao seu rol tradicional de nai-coidadora do fogar. Un goberno que fixo un boicot sen precedentes á lei de interrupción do embarazo ou á dispensación da pílula postcoital de balde nas farmacias con informacións nesgadas e falseadas, mentres deixaban a responsabilidade de asesorar as mulleres a asociacións ultracatólicas. E que agora pretende reformar a lei do aborto impedindo exercer o dereito ao control dos seus corpos, volvendo á lei de 1985.

A CIG, fronte a esta situación, incrementou a súa actividade nas rúas, amosando á cidadanía o noso rexeitamento a estas medidas, e demandando políticas alternativas. Fixémolo en solitario, pero tamén acompañadas doutras organizacións de mulleres e con outros colectivos feministas. Porque somos conscientes de que a magnitude dos ataques contra os dereitos das mulleres fai necesario un achegamento con outras forzas con obxectivos comúns.

A Secretaría da Muller debe continuar vertebrando propostas en materia de acción feminista, involucrando a todas as estruturas na incorporación das políticas de igualdade, de xeito que vaíamos dando os pasos que sexan necesarios para que a nosa afiliación, e a cidadanía, en xeral, visualice á CIG como unha central áxil na resposta aos continuos ataques dos gobernos, a través da denuncia pública das distintas discriminacións que seguimos a sufrir as mulleres en todos os ámbitos, e internamente, no ámbito máis próximo, que son os centros de traballo. Neste sentido seguirán sendo os nosos obxectivos:

- Continuar coa incorporación da perspectiva

de xénero, tanto na negociación colectiva (incluídos os planes e medidas de igualdade de oportunidades, e protocolos de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo) como na formación en prevención de riscos laborais das nosas delegadas e delegados, e o emprego dunha linguaxe non sexista.

- Visibilizar a achega invisíbel do traballo reprodutivo e produtivo das mulleres, sustento en gran medida do sistema de benestar, que periga por mor dos recortes orzamentarios derivados das medidas neoliberais levadas a cabo polo sistema capitalista.
- Dar a coñecer os dereitos laborais e sociais das vítimas da violencia sexista, demandando máis medios para afrontar estas situacións e denunciando a violencia contra as mulleres.
- Reivindicar a necesidade de garantir unha rede pública de servizos sociais integrais, sanitarios e educativos; a aplicación dun modelo coeducativo en todas as etapas.
- Esixir que se garanta o dereito á atención sanitaria sexual e reprodutiva, así como a interromper o embarazo na rede pública de saúde.
- Apostar polo impulso da corresponsabilidade nas tarefas do coidado e no fogar para garantir a conciliación.
- Incluír entre os nosos obxectivos prioritarios a incorporación, acorde coa realidade afiliativa, das mulleres nas tomas de decisión da CIG, prestando unha especial atención a incrementar a presenza das mulleres nos sectores máis masculinizados.
- Afondar na relación da CIG con outras organizacións de mulleres e cos diferentes colectivos feministas que actúan en Galiza para facerlles fronte a involución dos dereitos das mulleres.

## 9.- Relacións internacionais

A acción internacional é un dos sinais de identidade que caracterizan o sindicalismo desde o momento mesmo do seu nacemento. Contraste de experiencias e métodos de loita, práctica da solidariedade, busca de marcos organizativos e de traballo máis amplos, etc., e todo isto alicerzado na concepción de que a pertenza a unha única clase esixe transcender e superar as limitacións impostas polos marcos estatais político-administrativos e xurídicos.

O próximo ano cumpriranse 150 da creación da Primeira Internacional. Desde entón, diversos foros os ensaios e intentos de expresar e consolidar a acción sindical internacional nunha única estrutura organizativa de alcance mundial, obxectivo aínda non acadado ao existiren na actualidade varias internacionais sindicais con distinta implantación, orientación e presenza.

En concordancia coa a visión internacionalista expresada nos seus documentos fundacionais, a CIG vén dedicando atención e recursos á actividade internacional mantendo unha posición de non afiliación a respecto das internacionais sindicais existentes ao tempo que procura manter con elas, na medida do posíbel, relacións de colaboración e cooperación.

Existen outras organizacións sindicais de implantación mundial acoutadas por algún condicionamento, sexa este económico, xeopolítico, lingüístico... Unha delas é a CSPLP –Comunidade Sindical dos Países de Lingua Portuguesa, integrada por centrais sindicais de países lusófonos–. Tan axiña como a CSPLP se constituíu, solicitamos ser aceptados nela como membro de pleno dereito, por entendermos que a área cultural lusófona é a nosa área cultural natural. Acadado xa ese obxectivo, traballamos agora para potenciar, desenvolver e consolidar relacións bilaterais estábeis e fortes cos seus integrantes, nomeadamente con aqueles que son os nosos veciños máis próximos.

No plano bilateral, a CIG mantén relacións estreitas con moi diversas centrais sindicais, nomeadamente no espazo latinoamericano, mais é na Europa, no espazo xeográfico, económico e histórico que nos é propio, onde temos máis debilidades. O sermos central sindical dunha nación sen estado e a belixerancia activa por parte dalgunha central sindical son, de certo, elementos que actúan na nosa

contra. Mais mesmo así, é de todo punto necesario situar o continente europeo no espazo prioritario e de referencia da nosa actividade internacional.

A condición de central sindical que insire a súa actividade na perspectiva da liberación nacional e social de Galiza, fainos especialmente sensíbeis ao establecemento de relacións bilaterais con organizacións que viven a mesma situación, sexa no Estado español, en Europa ou noutros continentes. Neste contexto, as boas relacións coas organizacións sindicais nacionalistas de Canarias, Catalunya e Euzkai Herria son constantes desde hai ben anos. Fóra do Estado español, e por medio das súas centrais sindicais ofrecemos o noso permanente apoio e solidariedade aos traballadores e traballadoras do Sahara Occidental e da Palestina na súa loita por mellores condicións sociolaborais e polo dereito á independencia e soberanía das súas respectivas patrias.

A Conferencia Anual da OIT (Organización Internacional do Traballo) é o maior espazo de solidariedade e traballo sindical, constituíndo, a maiores, un inmejorable escaparate para interrelacionar co sindicalismo representativo existente nos cinco continentes. A participación activa na OIT apoiando as denuncias do movemento sindical ou defendendo as súas demandas é un importante exercicio de solidariedade sindical, ademais dunha excelente plataforma para avanzarmos na normalización da presenza da CIG no ámbito internacional.

A CIG é unha das organizacións sindicais membros da JSC/Joint Social Conference. Nacida dos Foros Sociais Europeos, a JSC é un espazo de análise, reflexión e actuación conxunta entre algunhas organizacións sindicais e movementos sociais no ámbito europeo. Unha das súas máis importantes iniciativas da JSC é o lanzamento, promoción e celebración da Alter Summit, cumio alternativo social europeo centrado en construír unha correlación de forzas que permita un cambio radical na orientación da construción europea no camiño de unha Europa social e dos pobos.

A partir do IV Congreso, a CIG ten desenvolvido un importante traballo no ámbito da cooperación sindical internacional con actuacións en Bolivia, Colombia, Cuba, Guiné-Bissau, Israel, Paraguai, Perú e o Sahara Occidental, financiado maioritariamente

con axudas específicas concedidas para ese fin por distintas institucións de carácter público. Desde o ano 2010 asistimos a unha brutal diminución dos orzamentos públicos destinados a actividades de cooperación para o desenvolvemento e, como consecuencia, o noso traballo neste eido resentíuse gravemente. Aínda que non parece que esta situación vaia mellorar no curto prazo, a CIG explorará

outras vías de financiamento que permitan manter algunha actividade nos próximos anos.

No interior da CIG teremos que avanzar na posta en común do traballo que desenvolven as federacións e a Confederación no ámbito internacional. Imponse a coordinación para facer máis rendíbeis para cada estrutura e para a propia confederación as distintas actividades nas que se participa.

#### **En coherencia con todo o anterior, o VI Congreso da CIG decide:**

- Reafirmar a solidariedade de clase na procura dun mundo sen explotadores nin explotados, o activismo pola paz e o combate ao imperialismo e ao neocolonialismo como os parámetros nos que a CIG encadra a súa actividade internacional.
- Manter a posición de non afiliación internacional de ámbito mundial ao tempo que prosegue a colaboración e cooperación coas internacionais sindicais existentes, achegando as nosas concepcións sociopolíticas e prácticas sindicais. En todo caso, no ano seguinte á conclusión do VI Congreso, o Consello Confederal da CIG, decidirá a posición da Organización a respecto das alianzas Internacionais.
- Afortalar a presenza da CIG na CSPLP, cunha maior implicación nos seus traballos e o reforzamento das relacións bilaterais cos seus membros.
- Intensificar os esforzos para ampliar as relacións bilaterais, a presenza e participación nas actividades do movemento sindical en Europa.
- Continuar afondando nas relacións sindicais fraternas coas organizacións sindicais nacionalistas de Canarias, Catalunya e Euskal Herria. Así mesmo, establecer relación sindicais coas distintas organizacións do sindicalismo alternativo e antipactista existente no Estado, que respecten o noso principio de autoorganización e non confronten coa CIG o seu modelo sindical en Galiza.
- Seguir apoiando as loitas sociais e políticas das organizacións sindicais saharauís e palestinas a prol da liberación nacional e social dos seus respectivos pobos.
- Proseguir o traballo activo na Conferencia Anual da OIT e na JSC.
- Manter, na medida do posíbel, as actividades de cooperación sindical internacional adaptándoas ás actuais condicións de financiamento.
- Potenciar a coordinación entre o Departamento de Relacións Internacionais da Confederación e as distintas federacións con actividade nesa materia.



Confederación Intersindical Galega

## CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA ANO 2014

	ORZAMENTO 2014	ORZAMENTO EXECUTADO 30/06/2014
<b>INGRESOS</b>		
COTAS SINDICAIS	8.202.640,36	4.205.322,27
SUBVENCIONS ESTADO ACTIVIDADE SINDICAL	149.464,00	0,00
SUBVENCION XUNTA DE GALIZA ACTIVIDADE SINDICAL	335.000,00	0,00
OUTRAS SUBVENCIONS OFICIAIS	100.000,00	51.877,20
INGRESOS PARTICIPACION INSTITUCIONAL ADMINISTRACION CENTRAL	41.465,00	0,00
INGRESOS PARTICIPACION INSTITUCIONAL XUNTA DE GALIZA	186.000,00	535,60
OUTROS INGRESOS	430.000,00	105.898,55
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	20.000,00	12.562,75
CONVENIOS	340.000,00	218.612,83
FORMACION	980.000,00	984.966,77
<b>TOTAL</b>	<b>10.784.569,36</b>	<b>5.579.775,97</b>

<b>GASTOS</b>		
INVESTIMENTOS	270.000,00	159.185,83
PROFESIONAIS INDEPENDENTES	155.000,00	80.610,18
LOCAIS	200.000,00	91.638,16
SUBMINISTRACIONES	780.000,00	473.229,15
COMUNICACION	80.000,00	44.962,78
EQUIPOS E MOBILIARIO	120.000,00	69.811,55
CUSTOS DE PERSOAL	6.680.000,00	3.347.944,59
GASTOS PARTICIPACION INSTITUCIONAL, ORGANISMOS CONFEDERAIS E TECNICOS	135.000,00	66.070,97
GASTOS DE ACCION SINDICAL E NEGOCIACION COLECTIVA	345.000,00	172.683,34
GASTOS PARTICIPACION INSTITUCIONAL FEDERATIVA E ORGANISMOS FEDERAIS	235.000,00	115.122,23
GASTOS FINANCIEROS	2.400,00	1.213,32
OUTROS GASTOS	30.000,00	14.657,38
GASTOS EXTRAORDINARIOS	100.000,00	82.569,68
FORMACION	980.000,00	49.270,14
COMPENSACIONES POR CONFLICTOS	100.000,00	5.198,00
CONVENIOS	340.000,00	100.925,50
TRIBUTOS	30.000,00	13.526,96
GASTOS EJERCICIOS ANTERIORES	58.000,00	57.574,90
AXUDAS SOLIDARIAS	22.000,00	17.251,79
<b>TOTAL</b>	<b>10.662.400,00</b>	<b>4.963.446,45</b>



**Confederación Intersindical Galega**

## INTRODUCCIÓN

Unha vez recoñecido o dereito de libre sindicación como dereito fundamental de todos/as os/as traballadores/as, recoñécese os sindicatos como as organizacións que contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lle son propios mediante a promulgación da Lei de Liberdade Sindical.

A Lei de Liberdade Sindical establece no artigo 4 do título II (do réxime xurídico sindical) que calquera sindicato para adquirir a personalidade xurídica e plena capacidade de obrar deberá de depositar uns estatutos na oficina pública establecida para o efecto e que os devanditos estatutos deberán conter (ademais doutros requisitos) o réxime económico da organización. Este réxime económico deberá establecer o carácter, procedencia e destino dos recursos, así como os medios que permitan á afiliación coñecer a situación económica.

A Confederación Intersindical Galega (CIG) como organización sindical dos traballadores e traballadoras galegas, e en cumprimento do artigo 4 do título II da Lei de Liberdade Sindical establece no Título V dos seus estatutos o seu réxime económico e patrimonial. Así, establece que será o Consello Confederal (máximo órgano de dirección entre Congresos) o que aprobará un regulamento financeiro que conteña as normas comúns a todos os órganos da CIG en materia de xestión económica e de procedemento financeiro, rexéndose polo principio de solidariedade e equilibrio económico de todas as súas estruturas. Será tamén o Consello Confederal o encargado de aprobar os Informes Económicos así como os orzamentos da Confederación.

Por todo o comentado anteriormente, a Confederación Intersindical Galega, en cumprimento da lei e do seu regulamento financeiro, leva un rexistro de entradas e saídas de recursos de todas as estruturas que conforman a devandita organización no seu conxunto, aclarando a súa procedencia e o seu destino para a súa aprobación anual ante o Consello Confederal.

Este rexistro está composto polas seguintes partidas de ingresos e gastos:

### **INGRESOS:**

#### **- COTAS SINDICAIS**

Esta partida engloba o 76.06% dos recursos da Confederación Intersindical Galega. Está composta pola cota que cada traballador/a galego/a achega individualmente ao sindicato para a súa afiliación. Cota que aparece regulamentada no Artigo 93 do Título V dos seus estatutos, así como no Regulamento de Administración e Finanzas.



Confederación Intersindical Galega

- SUBVENCIONES ESTADO ACTIVIDADE SINDICAL

Esta partida está composta pola subvención que concede anualmente o Ministerio de Emprego e Seguridade Social ás organizacións sindicais en proporción á súa representatividade, para a realización de actividades de carácter sindical.

(Resolución do 20 de maio de 2014 do Ministerio de Emprego e Seguridade Social).

- SUBVENCIÓN XUNTA DE GALIZA ACTIVIDADE SINDICAL

Esta partida está composta pola subvención que concede anualmente a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza “*en materia laboral e para mellora das condicións de traballo ás Centrais Sindicais con representación en Galiza para o desenvolvemento das súas actividades ordinarias*”. A devandita subvención está dividida en dous programas para o exercicio 2014:

- Programa I: Axuda para o desenvolvemento das Actividades Ordinarias das Centrais Sindicais.

- Programa II: Promover o funcionamento de Gabinetes Técnicos das Centrais Sindicais e para Plans de Formación de Cadros e Delegadas e Delegados sindicais.

( Orde do 10 de abril de 2014 publicada no DOG do 21 de abril de 2014).

- OUTRAS SUBVENCIONES OFICIAIS

Esta partida está composta polas seguintes subvencions:

- Subvención do “*Consejo Económico y Social*” (CES): A Confederación Intersindical Galega como defensora dos intereses de todos os traballadores/as galegos/as participa activamente no CES (Órgano consultivo do goberno do Estado en materia socioeconómica e laboral) promovendo e facilitando a participación dos cidadáns nos poderes públicos e contribuíndo ao permanente diálogo e deliberación. Por todo isto como organización presente no CES recibe unha compensación anual.

- Compensacións do Consello Económico e Social de Galiza: Contía total que recibe a Confederación Intersindical Galega pola súa participación como membro do Consello Económico e Social (Órgano consultivo da Xunta de Galiza en materias socioeconómicas) co obxectivo de defender e trasladar os intereses dos traballadores/as galegos/as na política socioeconómica de Galiza.

- Compensación do Consello Galego de Relacións Laborais: Contía total recibida como organización presente no citado organismo.



**Confederación Intersindical Galega**

- INGRESOS PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL ADMINISTRACIÓN CENTRAL.

Esta partida inclúe a compensación concedida polos “*Órganos Tripartitos da Administración Central*” á Confederación Intersindical Galega, con motivo dos gastos que ocasiona a asistencia e participación nestes.

- INGRESOS PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL XUNTA DE GALIZA

Esta partida inclúe a compensación concedida pola participación institucional nos distintos órganos da Administración Autonómica á Confederación Intersindical Galega.

- OUTROS INGRESOS

Esta partida inclúe todos aqueles ingresos derivados de actividades alleas á actividade sindical.

- INGRESOS EXTRAORDINARIOS

Esta partida inclúe ingresos obtidos por recuperacións de sancións, custas xudiciais, indemnizacións e ingresos pendentes de identificar.

- CONVENIOS

Esta conta inclúe as partidas recibidas por diferentes convenios de colaboración subscritos con distintos organismos. Inclúense aquí o convenio mantido co Concello de Vigo no proxecto “IMOS TRABALLAR” e os convenios coa Fundación de Prevención de Riscos Laborais en materia de Seguridade e Saúde Laboral. Debido a que nós rexistramos todas as entradas e saídas da CIG, debemos especificar neste punto que existen ingresos de convenio que pertencen a exercicios anteriores e non foron liquidados polos diferentes organismos ata este exercicio.



**Confederación Intersindical Galega**

- **FORMACIÓN**

As achegas da administración á CIG para formación son de carácter finalista. A central sindical contrata coa Fundación FORGA toda a execución da Formación, que, no caso da CIG, procede da Xunta de Galiza (máis ou menos 750.000€ ano) e do INAP (máis ou menos 230.000€ ano). É ben aclarar que, no caso da Xunta de Galiza, os ingresos de formación pertencen á exercicios anteriores, dado que só anticipan para a súa execución o 25% da contía total.

**GASTOS**

- **INVESTIMENTOS**

Están aquí incluídos os pagamentos aos que ten que facer fronte a Confederación Intersindical Galega con motivo de débedas contraídas con terceiros pola adquisición de locais.

- **PROFESIONAIS**

Partida na que se consignan os gastos derivados dos contratos con Procuradores dos Tribunais, Notarios do Estado, Rexistradores Mercantís e bufetes de avogados.

- **LOCAIS**

Partida na que se inclúen os pagamentos feitos polo arrendamento de locais, así como os pagamentos de comunidades de propietarios e todas as reparacións para a conservación dos devanditos inmobles.

- **SUBMINISTRACIÓNS**

Incluimos nesta partida todos os gastos de electricidade, auga, telefonía, material de oficina, correo, mensaxería, prensa, reprografía, limpeza e outras subministracións.

- **COMUNICACIÓN**

Esta composta por todos os gastos derivados de publicidade, tanto escrita como en prensa, así como o gasto de elaboración e distribución de todos os boletíns e revistas editadas pola Confederación Intersindical Galega.





**Confederación Intersindical Galega**

- EQUIPOS E MOBILIARIO

Partida que inclúe os custos de adquisición e reparación de equipos informáticos e mobiliario.

- CUSTOS DE PERSOAL

Partida na que se inclúen os salarios brutos do persoal máis o custo empresarial, así como as indemnizacións e outros gastos sociais (*Véxase táboa salarial anexa*).

- GASTOS PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL, ORGANISMOS CONFEDERAIS E TÉCNICOS

Recóllense todos os gastos que orixinan estas actividades, a excepción dos gastos de persoal.

- GASTOS DE ACCIÓN SINDICAL E NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Mayoritariamente son gastos de desprazamentos de liberados/as e delegados/as para participaren en mesas de negociación colectiva; en concreto, para visitas ás empresas, participación en comités...

- GASTOS PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL FEDERATIVA E ORGANISMOS FEDERAIS

Engloba o conxunto dos gastos que orixinan estas actividades, a excepción dos gastos de persoal.

- GASTOS FINANCEIROS

- GASTOS EXTRAORDINARIOS

Todos aqueles que non están orzamentados por ser de carácter conxuntural ou extraordinario, é dicir, gastos non previsibles.

- FORMACIÓN

Neste capítulo só están os gastos da formación de contratos programa, intersectorial e a do INAP.



**Confederación Intersindical Galega**

- **COMPENSACIÓN POR CONFLICTOS**

Recóllese ás axudas solidarias ás persoas traballadoras en conflitos.

- **CONVENIOS**

Esta partida inclúe todos os gastos derivados dos distintos convenios subscritos con distintos organismos.

- **TRIBUTOS**

Recollemos nesta partida principalmente o pagamento do Imposto de Bens Inmóbles, así como taxas e outros impostos.

- **GASTOS EJERCICIOS ANTERIORES**

Gastos realizados en exercicios anteriores e aboados no exercicio actual.

- **AXUDAS SOLIDARIAS**

Axudas económicas a colectivos, fundacións, etc.



Confederación Intersindical Galega

**TÁBOA SALARIAL - Ano 2014**

	<i>Salario mensual con prorrata de pagas extras</i>	<i>Salario base</i>	<i>Prorratao pagas extras</i>
<b>GRUPO ASALARIADOS/AS</b>			
<i>Oficios varios</i>			
Persoal de limpeza e similares	1.234,69	1.058,31	176,38
<i>Administrativos/as</i>			
Axudante	1.234,69	1.058,31	176,38
Auxiliar administrativo	1.378,74	1.181,77	196,96
Administrativo/a	1.445,01	1.238,58	206,43
Oficial administrativo	1.536,50	1.317,00	219,50
<i>Técnicos/as e Titulados/as</i>			
Axente sindical	1.577,67	1.352,29	225,38
Técnico/a administrativo/a	1.714,86	1.469,88	244,98
Técnico B	1.783,46	1.528,68	254,78
Técnico A	1.852,04	1.587,47	264,58
Técnico do Gabinete Técnico Confederal	1.920,65	1.646,27	274,38
<i>Asesorías Xurídicas</i>			
Graduado/a social nivel C	1.646,27	1.411,08	235,18
Graduado/a social nivel B	1.783,46	1.528,68	254,78
Graduado/a social nivel A	1.920,65	1.646,27	274,38
Avogado/a nivel B	1.920,65	1.646,27	274,38
Avogado/a nivel A	2.195,01	1.881,44	313,57
<b>GRUPO SINDICALISTAS</b>			
Liberado/a B	1.852,04	1.587,47	264,58
Liberado/a A	1.989,23	1.705,05	284,18
Secretario/a UC. / Secretario NF.	2.263,61	1.940,24	323,37
Membro Executiva Confederal	2.263,61	1.940,24	323,37
Secretario/a Xeral	2.537,99	2.175,42	362,57

\* Salario coeficiente 1 = 1.371,88€

\* Plus dedicación exclusiva avogados/as nivel A = 274,37€

Compostela, Xaneiro 2014  
SECRETARÍA CONFEDERAL DE FINANZAS



**Confederación Intersindical Galega**

## **SUBVENCIONES E CONVENIOS**

- 1) ORGANISMO: “FUNDACIÓN PARA LA PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES”  
FINALIDADE: Mellorar as condicións de traballo en favor da saúde das persoas traballadoras.  
IMPORTE: 140.000€ (Provisional)  
BENEFICIARIO: CIG
- 2) ORGANISMO: MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL  
FINALIDADE: Axuda económica para actividade sindical xeral.  
IMPORTE: 151.925,02€  
BENEFICIARIO: CIG
- 3) ORGANISMO: ÓRGANOS CONSULTIVOS 2014 DO MINISTERIO DE TRABAJO, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES XESTORAS DA SEGURIDADE SOCIAL.  
FINALIDADE: Cubrir os gastos ocasionados pola participación nos organismos.  
IMPORTE: 45.239,64€  
BENEFICIARIO: CIG
- 4) ORGANISMO: CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL  
FINALIDADE: Atender os gastos derivados da participación nos organismos.  
IMPORTE: 11.620€  
BENEFICIARIO: CIG
- 5) ORGANISMO: PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALIZA, CONSELLERÍA DE TRABAJO E BENESTAR  
FINALIDADE: Cubrir parte dos gastos ocasionados pola participación nos organismos.  
IMPORTE: 181.858,07€  
BENEFICIARIO: CIG
- 6) ORGANISMO: SUBVENCIÓN CENTRAIS SINDICAIS DA XUNTA DE GALIZA CONSELLERÍA DE TRABAJO  
IMPORTE: 235.300,50€  
FINALIDADE: Desenvolvemento das actividades ordinarias das Centrais Sindicais durante o ano 2014  
BENEFICIARIO: CIG



**Confederación Intersindical Galega**

- 7) ORGANISMO: SUBVENCIÓN CENTRAIS SINDICAIS DA XUNTA DE GALIZA CONSELLERÍA DE TRABALLO  
IMPORTE: 100.458,32€  
FINALIDADE: Promover o funcionamento de Gabinetes Técnicos.  
BENEFICIARIO: CIG
- 8) ORGANISMO: XUNTA DE GALIZA  
IMPORTE: 42.381,53€  
FINALIDADE: Formación específica sectorial en materia de prevención de riscos laborais (sectores metal, construción e saúde). Actividade de fomento da prevención de riscos laborais en Galiza.  
BENEFICIARIO: CIG
- 9) ORGANISMO: XUNTA DE GALIZA  
IMPORTE: 42.374,41€  
FINALIDADE: Formación intersectorial en materia de PRL. Actividades de fomento da prevención de riscos laborais en Galiza no exercicio 2014.  
BENEFICIARIO: CIG
- 10) ORGANISMO: CONCELLO DE VIGO  
IMPORTE: 18.944,25€  
FINALIDADE: Servizo de atención cidadá  
BENEFICIARIO: CIG